En suma, declara o Tribunal madrileño, “así coma o lexislador non lles atribúe lexitimación ós particulares que obran por delegación ou como meros axentes ou mandatarios da entidade pública autora do acto administrativo impugnado, débese interpretar que tampouco lle cabe recoñecer lexitimación á Comunidade de Madrid, que aínda que non é un particular si obra por delegación do Estado no tributo cedido cunha titularidade que lle corresponde a este: enténdelo doutra forma suporía que a Administración do Estado, titular do tributo, carece dun mecanismo de impugnación que si tería a comunidade autónoma, o que supón unha contradicción evidente”³. O Tribunal Supremo non comparte esta liña de razoamento e, polo contrario, entende que o verdadeiro centro de gravidade de toda a controversia se atopa na esixencia constitucional de dotarlas CC.AA. dos recursos financeiros suficientes para o exercicio das súas competencias (art. 156 CE). E entre os recursos que permiten acadar e garanti-la autonomía financeira das CC.AA adquiren unha importancia crecente os impostos cedidos.

³ A sentenza do TSX de Madrid chega a esta conclusión despois de aplicarles analoxicamente ás CC.AA. o que o art. 28.4 da LXCA de 1956 dispuña en relación cos particulares que obrasen como mandatarios ou meros axentes dunha administración pública. A teor do dito precepto “non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo en relación cos actos e disposicións dunha entidade pública: a) Os órganos desta, salvo no caso previsto na Lei de réxime local sobre a suspensión de acordos das corporacións locais. b) Os particulares, cando obraran por delegación ou como meros axentes ou mandatarios dela”. Como se pode ver, aínda que o tribunal aplica este último inciso ó caso axuizado o certo é que, como apunta GARCÍA MARTÍNEZ, podería chegar á mesma conclusión aplicando a hipótese prevista na letra a), é dicir, equiparando a Administración autonómica a un órgano da Administración delegante, o cal sería tamén de todo punto rexeitable xa que a Administración delegada, a diferenza dos órganos da propia Administración delegante, posúe respecto desta última personalidade xurídica propia. (Vid. “La legitimación activa autonómica...”, *ob.cit.*, pp. 48-49).

1. A suficiencia financeira constitúe o fundamento último da atribución de facultades delegadas ás CC.AA

Desde a promulgación da LOFCA en 1980 ata a entrada en vigor da Lei 14/1996, que regula o sistema de financiamento autonómico aplicable ó quinquenio 1997-2001, a cesión de impostos polo Estado ás comunidades autónomas do réxime común veuse caracterizando por tres notas.

En primeiro lugar, o Estado mantén a titularidade das figuras tributarias obxecto de cesión, o que se traduce no feito de que tales impostos son creados e regulados nos seus elementos esenciais por unha lei estatal.

En segundo lugar, a cesión do imposto comporta o traspaso á comunidade autónoma de dous grupos de facultades, unhas de índole material e outras de índole formal. Desde un punto de vista material, o núcleo da cesión aféctalle ó rendemento ou produto xerado polo tributo cedido no territorio da respectiva comunidade autónoma, e pode ser aquela á súa vez total ou parcial segundo que a recadación autonómica lle afecte á totalidade ou parte dos feitos impositivos contemplados no tributo do que se trate. Desde un punto de vista formal, o que se lle atribúe á Administración autonómica é un conxunto de competencias sobre os procedementos de aplicación dos tributos cedidos (xestión, liquidación, recadación e inspección)⁴.

En terceiro e último lugar, o título competencial en virtude do cal se delegan as ditas facultades ás CC.AA. non se encontra nos respectivos estatutos de autonomía senón nunha Lei estatal, que é a que regula o alcance e os termos da cesión, amparándose para isto no art. 156.2 da CE e no art. 19 da LOFCA. Xunto a esta lei xeral de cesión outras leis específicas completan o transvase da delegación a cada unha das CC.AA. afectadas.

Por conseguinte, o fundamento último da cesión hai que atopalo no texto constitucional, o cal consagra a suficiencia financeira das CC.AA. como un dos piares nos que se debe sustenta-lo normal funcionamento destes entes públicos no exercicio das súas competencias. A partir desta premisa, as citadas sentencias do Tribunal Supremo extraen unha consecuencia de primeira orde e é que "as expresadas facultades de xestión, liquidación, recadación, inspección e revisión, aínda referidas a tributos cedidos, forman parte do ámbito competencial das comunidades autónomas e constitúen necesario complemento da súa autonomía financeira e do seu soporte, constituído pola suficiencia das súas facendas, que, á súa vez, esixe defende-la integridade dos recursos que as integran,

⁴ Coa entrada en vigor da Lei 14/1996, do 30 de decembro, amplíase o ámbito da delegación a determinadas competencias normativas sobre os tributos cedidos, liña que se acentúa coa Lei 21/2001, do 27 de decembro, ó abri-la cesión a novas figuras tributarias.

entre os cales, como se viu, encóntranse os referidos tributos cedidos, en parangón con tódolos demais a que se refire o elenco dos mencionados no art. 157.1 da Constitución e 4.1 da LOFCA e non, por certo, os menos importantes”.

Queda claro pois que as funcións e facultades que o Estado lles delega ás CC.AA. en materia de tributos cedidos non só forman parte do propio ámbito competencial destas últimas, é dicir, que son auténticas competencias autonómicas, senón que ademais conforman xunto con outras competencias e atribucións o núcleo da súa autonomía financeira. É conveniente recalcar esta idea por canto, a pesar de que o Estado conserva a titularidade do tributo cedido, non obstante, en tanto en canto non se revogue a delegación concedida en virtude da lei constitucionalmente habilitada para isto (LOFCA e Lei de cesión de tributos), é o certo –como asevera con toda precisión o Tribunal Supremo– “que o Estado foi desapoderado do exercicio desas mesmas facultades, precisamente porque, despois da súa asunción polas referidas CC.AA., están legalmente atribuídas a estas”.

A partir destes argumentos é fácil desmonta-la teoría dos tribunais superiores de xustiza de Canarias e Madrid segundo a cal a actuación das CC.AA. en relación cos tributos cedidos é similar á dun particular que obra por delegación ou como mero axente ou mandatario dunha entidade pública, o que –por virtude do art. 28.4 b) da LXCA de 1956– lle impediría impugna-los actos e disposicións da entidade delegante. Lonxe disto, a natureza xurídica da atribución de competencias do Estado ás CC.AA. nesta materia non é a dunha delegación interorgánica, ó modo do disposto no art. 13 da LRX-PAC⁵, senón a dunha delegación intersubxectiva entre entes públicos⁶. En efecto, no caso que nos ocupa estamos ante a fórmula delegativa prevista explicitamente polo art. 156.2 da CE como vía específica de transvase de competencias xestoras sobre recursos tributarios do Estado, e distinta á súa vez da fórmula xenérica de delegación de competencias materiais do art. 150.2 da CE –que pode incluír tanto facultades normativas coma executivas ou xestoras– articulación para a cal é precisa unha lei orgánica. Nin que dicir ten que toda delegación é esencialmente revogable polo órgano ou ente delegante e que, por suposto, este último reserva diferentes formas de control sobre as fa-

⁵ O art. 13.1 da LRX-PAC (Lei 30/1992, do 26 de novembro), modificada parcialmente pola Lei 4/1999, dispón o seguinte: “Os órganos das diferentes administracións públicas poderán delega-lo exercicio das competencias que teñan atribuídas noutros órganos da mesma Administración, aínda cando non sexan xerarquicamente dependentes, ou das entidades de dereito público vinculadas ou dependentes daquelas”.

⁶ Vid. CHECA GONZÁLEZ, C.: “La delegación de competencias administrativas del Estado a las Comunidades Autónomas en relación con los tributos cedidos”, *RHAL*, núm.38, 1983, pp. 312 e sges.

cultades transferidas. Precisamente, unha das técnicas de control sobre as CC.AA. que a LOFCA e as leis de cesión de tributos lle reservan ó Estado é o coñecemento das reclamacións económico-administrativas relativas ós ditos tributos⁷, e todo isto sen prexuízo de que sexan os órganos da xurisdicción contenciosa os que verifiquen en último termo a legalidade da actuación non só da comunidade autónoma que dictou o acto na fase de xestión do tributo, senón tamén do propio Estado que o revisou por medio dos seus tribunais económico-administrativos.

Por outra parte, tampouco é posible acudir á técnica da integración analóxica –como implicitamente defende a STSX de Madrid– para aplicarlle á delegación de competencias a favor das CC.AA. o que o art. 28.4 b) da LXCA de 1956 dispuña en relación ós particulares que actuasen por delegación ou como meros axentes ou mandatarios da entidade delegante⁸, xa que entre ámbolos supostos non existe identidade de razón, requisito esencial esixido polo art. 4.1 do CC para que proceda a analoxía.

En definitiva, a configuración e propia atribución das facultades delegadas polo Estado ás CC.AA. en materia de tributos cedidos presupon que esteamos en presenza de competencias que lle afectan de modo directo á autonomía financeira de aquelas, por canto inciden na cantidade e calidade da prestación de servicios da súa responsabilidade. Desde esta óptica, non se pode comparti-lo criterio do TSX de Madrid conforme ó cal os actos dictados polo Estado sobre tributos cedidos non lle poden afectar á autonomía das CC.AA, cuestión sobre a que volveremos máis adiante ó trata-lo tema de interese lexítimo e directo como requisito de acceso á xurisdicción contenciosa.

⁷ Vid. art. 20.1 b) da LOFCA. A STC 192/2000, do 13 de xullo, veu sinalar que o control específico de legalidade realizado polo Estado mediante a revisión en vía económico-administrativa dos actos dictados polas CC.AA. en materia de tributos cedidos de ningún modo vulneraba a autonomía política destas, porque non se estaba ante o “establecemento pola lexislación estatal de controis sobre competencias de xestión explicitamente atribuídas ás CC.AA. polos seus estatutos de autonomía, senón de funcións executivas exercidas polas CC.AA. por delegación do Estado no seo (...) dunha materia atribuída a este último con carácter exclusivo polo art. 149.1 CE” (FX. 9º). Agora ben, e non obstante o anterior, o Tribunal Constitucional sostén así mesmo no FX. 10ª da citada sentenza que o Estado deberá actuar “dentro das marxes que a Constitución lle outorga e respectando os principios e as competencias financeiras autonómicas nela establecidas (singularmente no art. 157 CE)”, entre as cales –as sentencias do TS do 22-9-2001 e 6-7-2002 interpretando o sentir do TC neste punto– entenden que se atopan as relativas á xestión e liquidación dos tributos cedidos, que forman parte do propio ámbito competencial das CC.AA.

⁸ Este foi tamén o parecer expresado polo maxistrado J. Parada Vázquez no seu voto particular formulado á sentenza do Tribunal madrileño.

2. A imposibilidade das CC.AA. de formular directamente a declaración de lesividade do acto recorrible

A declaración de lesividade, regulada no art. 43 da LXCA de 1998, constitúe un presuposto de procedibilidade para que a Administración autora do acto poida solicita-la súa anulación ante a xurisdicción contenciosa. Fundaméntase no principio de irrevogabilidade dos actos declarativos de dereitos, que trala Lei 4/1999 pasan a ser cualificados como “actos favorables para os interesados que sexan anulables” conforme ó art. 63 da LRX-PAC. Así, unha vez declarado lesivo para o interese público un determinado acto administrativo nos termos do art. 103 da LRX-PAC, a Administración afectada dispón dun prazo de dous meses para interpoñer-lo recurso contencioso, debendo acompañar á demanda a citada declaración⁹.

No dicir das sentencias de instancia, o recurso xurídico que lles queda ás comunidades autónomas que se sintan prexudicadas polas resolucións dos TEA en materia de tributos cedidos consiste en instar do Estado a súa revisión utilizando para isto o expediente da declaración de lesividade, pero non a súa directa impugnación na vía contenciosa. Concretamente, a xuízo do TSX de Madrid, só a propia Administración autora do acto podería declara-la súa lesividade para o interese público como requisito previo e necesario á interposición do recurso contencioso-administrativo, o que no caso analizado esixe que sexa o Estado como titular do tributo cedido o único lexitimado para formula-la dita declaración e impugnar posteriormente o acto lesivo ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa. Por conseguinte, segundo esta doutrina, se a Administración estatal se mantén inactiva, a Administración autonómica –na medida en que non está lexitimada para instar por si a declaración de lesividade– só lle pode rogar a aquela que a inicie¹⁰.

Certamente, a Administración autonómica carece de facultades para emprender de oficio a declaración de lesividade das resolucións que, dicitadas polo Estado en vía económico-administrativa a propósito dos tri-

⁹ A omisión da declaración de lesividade pode determina-la aplicación do disposto no art. 45.3 da LXCA, é dicir, o órgano xudicial examinará de oficio a validez da comparecencia e requirirá a emenda de documentos no prazo de dez días, con apercibimento de arquivo das actuacións. (Vid. neste sentido MENÉNDEZ REXACH, E. en VV.AA. (Dir. SANTOS VIJANDE, J.M.): *Comentarios a la Ley de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa (Ley 29/1998, de 13 de julio)*, Edersa, Madrid, 1999, pp. 395-396).

¹⁰ Considera acertadamente GARCÍA MARTÍNEZ que esta tese do TSX de Madrid encerra unha contradicción xurídica, xa que por unha parte se lle nega á comunidade autónoma un “interese directo ou lexitimo” para interpoñer recurso contencioso-administrativo, pero por outra implicitamente estéselle recoñecendo ese interese ó atribuírle a facultade de que poida instar do Estado o inicio do procedemento de lesividade. (Vid. “La legitimación activa autonómica...”, *ob.cit.*, p. 57).

butos cedidos, lle resulten desfavorables. En efecto, a lexitimación para a declaración de lesividade correspóndelle exclusivamente á Administración autora do acto, aínda que o interese lesionado lle corresponda a outra Administración distinta¹¹. Sen embargo, o Tribunal Supremo considera que é precisamente esta carencia das CC.AA. a que lles atribúe, como única saída posible, un interese lexítimo para impugnar xurisdiccionalmente este tipo de resolucións dos TEA estatais. Para isto, apóiase na doutrina sentada pola STC 192/2000, do 13 de xullo. No asunto resolto nesta sentenza a comunidade autónoma recorrente alegaba que a revisión das súas actuacións relativas ós tributos cedidos por un órgano económico-administrativo dependente do Estado supuña un control estatal lesivo para a súa autonomía financeira. O Tribunal Constitucional non comparte esta formulación xa que, aínda cando “calquera medida que o Estado adopte en relación co financiamento ós ingresos autonómicos «afecta», desde un punto de vista xeral e en sentido lato, á autonomía financeira das comunidades autónomas, ou repercute ou incide sobre ela”, non obstante, ese ámbito de autonomía non se vería afectado, “dado que as resolucións dos órganos económico-administrativos do Estado son, segundo o art. 20.2 da propia LOFCA, susceptibles de recurso contencioso-administrativo”¹².

Así pois, a singular mecánica xurídica da declaración de lesividade cando o acto é dictado por unha Administración distinta da directamente afectada polo seu contido unido á consideración da necesaria revisión polos órganos xurisdiccionais das actuacións dos tribunais económico-administrativos do Estado constitúen outros tantos argumentos favorables á lexitimación activa das CC.AA. nesta materia.

¹¹ Na STSX de Andalucía do 8 de maio de 2002 (XT 2002/1659) tamén se evidencia outro exemplo no que a Administración autora do acto debe insta-la declaración de lesividade aínda cando a principal prexudicada por aquel sexa outra Administración distinta. No suposto aquí analizado unha resolución do TEAR de Andalucía anulaba o valor catastral dunha parcela a instancia dun particular, ante o cal a Administración xeral do Estado interpón recurso contencioso-administrativo por considerar erróneo o criterio interpretativo seguido polo TEAR. Previamente, o Estado formula a correspondente declaración de lesividade para o interese público, se ben é a Administración local a principal interesada en modifica-lo criterio do TEAR, dado que o valor catastral incide en dous impostos municipais de indiscutible importancia (Imposto sobre bens inmobles e Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana).

¹² Vid. F.X. 8º da STC 192/2000, do 13 de xullo.

3. O interese directo e lexítimo como presuposto do recurso presentado pola Comunidade Autónoma

Xa avanzamos que a STSX de Madrid do 31 de maio de 2000 se apoia nunha interpretación do art. 28 da LXCA de 1956 que lle permite soste-lo que o interese directo ou lexítimo esixido polo citado precepto non se pode predicar da Administración autonómica recorrente, posto que está referido basicamente ós particulares. Ademais, engade a sentenza, a Administración non se rexe polo principio de interese, senón polo de legalidade, de tal sorte que non é posible aceptar que as consecuencias económicas que puidera produci-la resolución do TEAR estimatoria da reclamación –e, polo tanto, prexudiciais para os intereses recaudatorios da comunidade autónoma afectada– sexan susceptibles de determina-la existencia dun interese lexitimador. Incluso –conclúe o razoamento do Tribunal Superior– tampouco sufriría un claro prexuízo patrimonial a Facenda Autonómica, por canto sempre sería posible acudir ás medidas de asignación complementaria de recursos que o art. 15 da LOFCA prevé para o caso de que unha comunidade autónoma non puidera asegurar un nivel mínimo na prestación dos servizos públicos fundamentais que asumira.

1. Delimitación conceptual do interese directo ou lexítimo.

A súa proxección sobre o suposto analizado

Na tese auspiciada polo TSX de Madrid subxace a tensión latente entre os dous grandes postulados susceptibles de ser invocados no proceso contencioso, a pretensión de anulación e a de plena xurisdicción. Na primeira predomina o control xurisdiccional sobre a actividade desenvolvida pola Administración, posto que o recorrente insta a anulación do acto ou disposición administrativa, o que a conecta co propio contido do principio de legalidade. En cambio, na segunda o que se solicita é o recoñecemento dunha posición xurídica individualizada determinante dun dereito subxectivo ou dunha facultade, o que parece encamiñala máis cara a un interese propio e lexítimo ou directo. No primeiro caso, o contencioso-administrativo apoiase nunha concepción obxectiva mentres que no segundo, faino nunha concepción subxectiva¹³.

Polo demais, mentres que nun sistema netamente subxectivo a sentenza que rexeitase a titularidade polo demandante do dereito ou inte-

¹³ A contraposición entre estes dous planos –á vez complementarios– tamén se advirte na Constitución, xa que o seu art. 24.1 preconiza o dereito do administrado a obte-la tutela xudicial dos seus dereitos e intereses lexítimos (dimensión subxectiva) mentres que o art. 106.1 demanda dos tribunais o control da actividade administrativa (dimensión obxectiva).

rese lexítimo invocado ou ben a súa lesión sería unha sentenza desestimatoria, en cambio, nun sistema puramente obxectivo de control do acto a falta de lexitimación é unha causa de inadmisión do recurso¹⁴.

Partindo destas premisas, parece que o TSX de Madrid se decanta por unha concepción subxectiva do contencioso aínda que cinxíndoa exclusivamente á tutela dun interese individual –lexítimo ou directo– en todo caso predicable do administrado e nunca dun ente público, o que lle permite veta-lo seu acceso ó recorrente cando se trata dunha Administración distinta da autora do acto. Preséntase así o interrogante de se, para os efectos de fundamentala lexitimación activa na orde xurisdiccional contencioso-administrativa, o interese directo ou lexítimo resulta só atribuíble ó particular ou se tamén se pode facer extensivo a unha administración pública cando, actuando en defensa dos seus recursos económicos, considera que estes foron menoscabados por un acto ou disposición doutro ente público.

Constitúe unha opinión pacífica na doutrina que tanto na LXCA de 1956 coma na vixente o contencioso está inspirado nunha concepción subxectiva coa que o proceso busca satisfacer unha pretensión individual, aínda que como efecto reflexo se consiga simultaneamente un control de legalidade da Administración, polo demais postulado polo art. 106 da CE. Por esta razón, é lóxico que a xurisdicción contenciosa manteña unha posición favorable ó principio “pro actione”, e de aí a tendencia xeralizada dos xulgados e tribunais a non opoñerse á simple admisión inicial da pretensión de parte de cara a formular un pronunciamento ulterior sobre a cuestión de fondo¹⁵.

Ó art. 3 da Lei 34/1981, do 5 de outubro, pola que se dictan normas complementarias sobre lexitimación no recurso contencioso-administra-

¹⁴ Vid. GONZÁLEZ-DELEITO DOMÍNGUEZ, N. en VV.AA. (Dir. SANTOS VIJANDE, J.M.): *Comentarios a la Ley de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa (Ley 29/1998, de 13 de julio)*, Edersa, Madrid, 1999, p. 249.

¹⁵ Vid. EMBID IRUJO, A.: “Las partes”, en VV.AA.: *Comentarios a la Ley de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa*, Lex Nova, Valladolid, 1999, p. 127 e sges. Este autor cita como exemplo a STS do 22 de decembro de 1997, na que se conceptúa o interese lexítimo en termos moi amplos. Concretamente, declara o Tribunal Supremo, “(...) teñen tal interese lexítimo aquelas persoas que, por razón da situación obxectiva en que se encontran, pola súa situación persoal ou ser destinatarios dunha regulación sectorial, son titulares dun interese propio distinto do de calquera cidadán, encamiñado a que os poderes públicos actúen de acordo co ordenamento cando con motivo da prosecución de fins de interese xeral inciden no ámbito dese interese propio, aínda cando a actuación de que se trate non lles ocasione un concreto beneficio ou prexuízo inmediato, polo que tal concepto abarca toda situación xurídica individualizada que se caracterice, por un lado, por singulariza-la esfera xurídica dunha persoa das da xeneralidade dos cidadáns ou administrados nas súas relacións coa Administración pública, e dotada, por outra parte, de consistencia e lóxica xurídico-administrativa propias, independentes da súa conexión-derivación con verdadeiros dereitos subxectivos (...)”.

tivo, dispuña que “as comunidades autónomas poderán impugnas as disposicións de carácter xeral que, dictadas pola Administración do Estado, afecten ó ámbito da súa autonomía”. Se ben é verdade que este precepto omitía toda referencia ós “actos” da Administración estatal como materia susceptible de impugnación, non obstante, as sentencias do Tribunal Supremo do 22 de setembro de 2001 e 6 de xullo de 2002 consideran con todo acerto que esa omisión estaba xustificada por canto “se entendía que a posibilidade de impugnar tales “actos” estatais estaba comprendida na cláusula xeral de lexitimación do art. 28.1 a) da LXCA de 1956”.

No caso que nos ocupa o obxecto da pretensión das comunidades autónomas afectadas (Madrid e Canarias) non é outro que o de anular “actos” da Administración estatal que son considerados lesivos para as fazendas autonómicas. De aí que aquelas si reúnen o requisito procesual indispensable para a impugnación en vía contenciosa, tal é, o goce dun interese directo e lexítimo en conseguir a dita anulación. Como sostén con rotundidade a citada STS do 6 de xullo de 2002, “se o interese que caracteriza a lexitimación ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (...) se dá sempre que cabe apreciar a existencia dunha relación material entre o suxeito e o obxecto da pretensión (acto ou disposición impugnados), de tal forma que a súa anulación ou mantemento produzan automaticamente un efecto positivo (beneficio) ou negativo (prexuízo), actual ou futuro, pero certo, (...) é claro que nunca se lle podería negar á comunidade autónoma recorrente para impugnar (...) unha resolución do Tribunal Económico-administrativo rexional de Canarias, con sede nas Palmas, que estimara unha reclamación e anulara unha concreción de base impositiva e unha liquidación que, aínda realizadas en vía de xestión pola Administración tributaria estatal, afectaba directamente a un dos impostos –o de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados– que o Estado lle cedera, interese que, cómpre resaltar, é o que serve de substrato a calquera suposto de lexitimación en vía xurisdiccional (...)”.

Así pois, é evidente que o interese lexítimo non é exclusivamente un mero interese polo restablecemento da legalidade danada polo acto ou disposición impugnados, senón que vai máis alá ó pretende-la consecución dun beneficio xurídico ou simplemente económico ou ó evitar un dano ou prexuízo. Concretamente, tratándose de tributos cedidos e existindo de por medio unha resolución estatal contraria á pretensión recaudatoria da comunidade autónoma titular do rendemento, é lóxico que esta procure preservar a discutida legalidade da súa actuación instando a anulación xurisdiccional daquela resolución por considerala daniña e atentatoria para a súa autonomía financeira. Ó mesmo tempo, con independencia de que toda administración pública –incluídas as autonómi-

cas- se rexa polo principio de legalidade, isto non significa –como explica a mencionada sentenza do Tribunal Supremo– que o interese na impugnación sexa contrario ó dito principio senón que, moi ó contrario, o reafirma e complementa, xa que se lle solicita a unha instancia independente que verifique o seu control.

Por outra parte, non hai que perder de vista que nunca se puxo en dúbida a lexitimación pasiva das CC.AA. para actuar na vía contenciosa como codemandadas no caso de que fose o particular o que impugnase a resolución económico-administrativa desfavorable á súa propia posición xurídica. Polo tanto, se a Administración autonómica se pode presentar como parte codemandada no proceso de cara a evitar que a resolución xurisdiccional que recaía no seu momento cause un evidente prexuízo á integridade dos seus recursos económicos ou intereses na recadación, en lóxica correspondencia tamén se lle debe recoñecer lexitimación suficiente para a defensa deses mesmos bens xurídicos cando actúe como demandante¹⁶.

Por conseguinte, se as CC.AA. están obrigadas ó cumprimento das súas funcións e á prestación dos servizos que o ordenamento lles encomenda, o interese lexítimo por instar a acción xurisdiccional non é outra cousa que a defensa das súas competencias, entre as cales cobran especial relevo as atinentes ós tributos cedidos.

Se a cuestión estaba meridianamente clara baixo a vixencia da LXCA de 1956 e a Lei 34/1981 máis evidente resulta agora do teor literal do art. 19.1 d) da LXCA de 1998, precepto que habilita a Administración das comunidades autónomas para impugna-los “actos e disposicións” que afecten ó ámbito da súa autonomía cando proveñan do Estado ou de calquera outra entidade ou organismo público. O problema que se presenta agora é que, se se confronta esta norma coa que regula a lexitimación da Administración do Estado [art. 19.1 c)] obsérvase que nesta última o título lexitimador se apoia exclusivamente nun “dereito ou interese lexítimo”, mentres que na letra d) é necesario ademais que afecte “ó ámbito da súa autonomía”. É dicir, unha lectura apresurada do art. 19.1 d) conduciría a soste que as CC.AA. non poderían impugnar aqueles actos e disposicións do Estado que non tivesen a súa orixe nunha controversia ou conflito competencial previo, aínda que efectivamente afectasen a dereitos e intereses das propias administracións autonómicas, por exem-

¹⁶ Á súa vez, o Tribunal Supremo aprecia a existencia dun interese lexítimo en quen foi parte interesada no procedemento administrativo previo ó proceso contencioso, circunstancia que na hipótese que nos ocupa concorre plenamente nas CC.AA. Así, por exemplo, a STS do 5 de marzo de 1998 considera que o interese “debe ter unha entidade substantiva, e non meramente formal, e que, en principio, debe se-lo mesmo o que estea na base do procedemento administrativo e do proceso contencioso-administrativo de impugnación das resolucións dictadas naquel”.

plo, actos de revisión de liquidacións tributarias. Dito doutra maneira, conforme a esta formulación, as administracións autonómicas só estarían habilitadas para recorrer aqueles actos ou disposicións estatais que, ó seu xuízo, supuxesen unha invasión de competencias da propia Comunidade Autónoma¹⁷. Sen embargo, non pode ser este o resultado que-rido polo lexislador. Diferentes argumentos apoian outra solución.

En primeiro lugar, apelando á interpretación histórica, recordemos que o art. 3 da derogada Lei 34/1981 establecía que “as comunidades autónomas poderán impugna-las disposicións de carácter xeral que, dadas pola Administración do Estado, afecten ó ámbito da súa autonomía”, co que o único engadido realizado pola Lei 29/1998 é o referente á posibilidade de impugnar “actos” e non só “disposicións”. A partir de aquí é fácil inferir que só respecto das “disposicións” é predicable o requisito de que afecten ó ámbito da autonomía das CC.AA. co fin de que estas poidan impugnalas na vía contencioso-administrativa. Así pois, respecto dos “actos” bastaría coa esixencia xeral de que incidan sobre dereitos e intereses lexítimos da Administración autonómica¹⁸.

En segundo lugar, o “ámbito da súa autonomía” a que se refire o art. 19.1 d) da LXCA vén coincidir basicamente co “propio ámbito de autonomía” do art. 32 da LOTC, e sobre este último si tivo ocasión de pronunciarse en reiteradas ocasións o Tribunal Constitucional. Así, a STC 28/1991 veu sinalar que “(a) esfera de interese da comunidade autónoma que xustifica a súa lexitimación non se identifica coa defensa das súas competencias (SSTC 84/1982, 26/1987 e 74/1987)”, senón que “remite, máis amplamente, á posición institucional que no ordenamento ocupan as comunidades autónomas, é dicir, ó conxunto das súas competencias e facultades e tamén ás garantías, constitucionais e estatutarias, que preservan a dita autonomía (STC 56/1990, fundamento xurídico 3º)”. Sen dúbida, engadimos nós, unha das garantías constitucionais que preserva a posición institucional das CC.AA. é a “autonomía financeira para o desenvolvemento e execución das súas competencias” (art. 156.1 CE), da que en último termo emanará a lexitimación para impugnar calquera acordo do Estado atentatorio ós seus dereitos e intereses.

¹⁷ Tamén este é outro dos motivos polos cales as dúas sentencias de instancia lles negan lexitimación ás CC.AA. recorrentes. En efecto, conforme ó razoamento seguido por ámbolos dous pronunciamentos, non se acerta a ver qué actos tributarios do Estado adoptados en materia de tributos cedidos poden afectarlle á autonomía das comunidades autónomas, posto que se trata de actos respecto dos cales o Estado conserva a titularidade e, por isto, non poden significar invasión de atribucións competenciais daquelas, que nesta materia –apostilan as sentencias– só exercen atribucións delegadas do Estado.

¹⁸ Vid. neste sentido RIVERO GONZÁLEZ, M. en VV.AA.: *Comentarios a la Ley de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa de 1998*, Aranzadi, Pamplona, 1998, p. 272.

En conclusión, non parecen ofrecer ningunha dúbida os termos tan amplos en que a vixente LXCA configura a lexitimación activa das CC.AA. para impugnar disposicións xerais e actos singulares do Estado.

2. A discutible ausencia de prexuízo patrimonial para a comunidade autónoma recorrente

Para as sentencias de instancia, e de modo particular para a STSX de Madrid, non resulta clara a existencia dun prexuízo patrimonial para a comunidade autónoma afectada pola desfavorable resolución do TEAR, dado que sempre lle quedaría a saída de invoca-la aplicación das regras de corrección previstas no art. 15 da LOFCA. Este precepto refírese ás asignacións complementarias de recursos que debe realiza-lo Estado no caso de que unha comunidade autónoma, coa utilización dos medios financeiros regulados nos arts. 11 e 13 desa lei –entre os que se encontran os tributos cedidos–, non puidera asegurar un nivel mínimo da prestación dos servicios públicos fundamentais que asumira.

Sen dúbida, o razoamento seguido polo TSX resulta contradictorio xa que, ó pretender fundamenta-lo inexistente prexuízo económico para a Comunidade Autónoma, consegue xustamente o contrario, pois implicitamente reconece ese prexuízo ó admiti-la posibilidade de recorrer ás medidas financeiras de asignación complementaria. Noutras palabras, o tribunal está tacitamente argumentando a favor da existencia dun interese lexítimo na comunidade autónoma recorrente¹⁹. En efecto, dificilmente se pode poñer en dúbida que unha resolución do TEAR anulatoria dun acto de liquidación dun imposto cedido lle afecte negativamente ó Tesouro da comunidade autónoma perceptora do rendemento territorializado do dito tributo.

Por outro lado, o voto particular formulado polo maxistrado Parada Vázquez á STSX de Madrid do 31 de maio de 2000 introduce o interesante matiz de que a resolución do TEAR favorable á pretensión do contribuínte e contraria á petición da comunidade autónoma non constitúe un acto illado ou esporádico na aplicación dos tributos cedidos senón que, lonxe disto, son constantes os pronunciamentos na vía económico-administrativa que desencadean efectos económicos prexudiciais para as comunidades autónomas demandadas. Inadmitir en tales supostos os recursos contenciosos destas últimas equivalería a cerrarlle-lo paso a unha posible vía de recuperación dos medios financeiros negados por órganos estatais carentes de potestade xurisdiccional.

Ademais, o recurso extraordinario ás asignacións de nivelación do art. 15 da LOFCA só se contempla para o caso de que a comunidade autó-

¹⁹ Vid. neste sentido GARCÍA MARTÍNEZ, A.: "La legitimación activa autonómica...", *ob.cit.*, pp. 42 e 43.

noma non poida asegurar un “nivel mínimo da prestación do conxunto dos servizos públicos fundamentais que asumira”. Sen embargo, de ningún modo é incompatible a concorrencia dun prexuízo económico para a comunidade autónoma co feito de que esta estea en condicións de afrontar optimamente a prestación “dos servizos públicos fundamentais que asumira”, xa que outras fontes esóxenas de financiamento, como por exemplo a participación nos ingresos do Estado, poderían compensa-la insuficiencia de recursos procedentes dos tributos cedidos, o que –conforme ó razoamento do TSX de Madrid– lle impediría á comunidade autónoma insta-la aplicación da “asignación complementaria” prevista no art. 15 da LOFCA. Queda claro pois que non sempre é posible apelar a este precepto cando as mingúas efectivas na recadación prevista dos tributos cedidos son debidas a resolucións dos TEAR nos que se anulan actos de xestión tributaria.

Por último, non é menos importante o argumento empregado polas dúas sentencias do Tribunal Supremo cando afirman que pode constituír “interese lexítimo” dunha comunidade non só conseguir ese “nivel mínimo da prestación dos servizos públicos fundamentais”, senón, pola contra, acada-lo máximo, e non só respecto dos servizos fundamentais, senón en relación, tamén, cos que non tiveran esa condición. Por iso, conclúe o Alto Tribunal, “o prexuízo lexitimador, simplemente por non obte-lo nivel de recursos financeiros previsto legalmente, non pode negarse, desde ningún punto de vista, no suposto aquí analizado”. Así pois, admitida a existencia dun prexuízo económico para a comunidade autónoma, resulta indiscutible o seu interese lexítimo en recorrer por vía xurisdiccional os actos do Estado causantes daquel.

3. O inexistente dano colateral para a seguridade xurídica do contribuínte

As sentencias dos TSX de Madrid e Canarias poñen especial énfase na natureza estrictamente revisora da vía económico-administrativa, como medio orientado a evitar un recurso contencioso cando a resolución do TEAR é favorable ós intereses do administrado. Por isto, argumentan, constitúe un descoñecemento do principio constitucional de seguridade xurídica a admisión daquel recurso cando, unha vez que o cidadán obtivo un pronunciamento favorable á súa pretensión, se vise abocado a sopor-tar un proceso xurisdiccional polo único motivo da discrepancia de criterios entre as administracións intervenientes. É máis, o Tribunal madrileño antepón a seguridade xurídica do particular ó dereito á tutela xudicial efectiva da Administración demandante.

Como afirma García Martínez, na fase de aplicación dos tributos cedidos aprécianse dous tipos de relacións xurídicas. Por unha parte, nun plan horizontal, estaría a relación tributaria que se desenvolve entre a

Administración acreedora e o suxeito pasivo do tributo. Por outra, nun plan vertical, constrúese a relación interadministrativa entre os entes públicos implicados na aplicación ou percepción dos tributos cedidos e que, segundo este autor, xeralmente atinxe ó reparto do poder tributario entre o Estado e a respectiva comunidade autónoma²⁰. Parece evidente que no conflito que nos ocupa os tribunais superiores de xustiza de Madrid e Canarias outórganlle maior relevancia ó primeiro plan, no que está presente o interese do particular e a protección da súa seguridade xurídica, en detrimento do segundo, onde se ventila o prexuízo económico experimentado por unha das administracións intervenientes. Quizais no razoamento destes tribunais pese en exceso a circunstancia de que teña sido o particular o que instalou nunha fase inicial a acción do TEAR para obter un pronunciamento anulatorio do acto impugnado e que, unha vez alcanzado este obxectivo, se malograría a súa confianza no sistema xurídico de recursos ó comprobar que a resolución do órgano alleo á Administración recorrida pode ser novamente obxecto de revisión na orde xurisdiccional contencioso-administrativa cun posible resultado contrario ós seus intereses.

A doutrina máis recente diferencia na seguridade xurídica unha dobre perspectiva. Por unha parte poderíase falar de "seguridade de orientación" ou "seguridade normativa", que se concreta na certeza e previsibilidade do ordenamento, e implica que o destinatario da norma goce dunha expectativa precisa e concreta de cáles son os seus dereitos e obrigas nun momento determinado así como dos efectos xurídicos asociados ós seu actos. Por outro lado, e en estreita relación coa anterior, encontraríase a "seguridade de realización" ou "seguridade aplicativa" que constitúe unha esixencia de certeza pero neste caso destinada preferentemente ós aplicadores do dereito –Administración e tribunais²¹.

Centrándonos agora nesta segunda dimensión, facilmente se constata que o maior ataque á seguridade xurídica proviría dunha aplicación arbitraria do dereito, o cal se pode manifestar, por exemplo, no emprego de continuos cambios de criterio na interpretación da norma. Neste sentido resulta crucial a interdicción da arbitrariedade que, desde un punto de vista material, supón o rexeitamento a toda situación que lle impida ó cidadán obter un coñecemento rápido e preciso das consecuencias previsibles e racionais derivadas da aplicación dunha norma xurídica²². De todos modos, non é menos certo que na fase de aplicación e interpretación do dereito non sempre é posible seguir unha esexese invariable ou

²⁰ Vid. "La legitimación activa autonómica...", *ob.cit.*, pp. 57-58.

²¹ Vid. por todos GARCÍA NOVOA, C.: *El principio de seguridad jurídica en materia tributaria*, Marcial Pons, Madrid, 2000, pp. 74-75.

²² Vid. GARCÍA NOVOA, C.: *El principio de seguridad jurídica...*, *ob. cit.*, p. 82.

inmodificable para tódolos casos que precisen unha resolución, xa que esta técnica conduciría a unha interpretación automática da norma desprovista de toda racionalidade.

Na hipótese que agora nos ocupa observamos que ámbalas dúas resolucións dos TEAR de Canarias e Madrid estiman as reclamacións promovidas por outros tantos particulares contra actos administrativos de comprobación de valores tramitados para os efectos do ITPAXD. Ante este feito as dúas administracións autonómicas afectadas por tales resolucións recorren ante os seus respectivos tribunais superiores de xustiza cunha dobre pretensión. A) Obter un pronunciamento xudicial que confirme a comprobación de valores practicada en vía administrativa, coa conseguinte anulación da resolución do TEAR. B) Conseguir-la retroacción das actuacións co fin de motivar novamente, pero agora de modo suficiente, o valor real obxecto da base imponible sometida a discusión. Polo tanto, a pretensión exercitada polas dúas comunidades autónomas recorrentes é a anulación dos actos emanados polos respectivos TEAR, o que enlaza de cheo co necesario restablecemento da legalidade administrativa supostamente vulnerada.

Pois ben, con esta presentación dos feitos, non parece que sufra ningún menoscabo a seguridade xurídica do suxeito pasivo do tributo cedido se o previsible para este último é que o órgano xurisdiccional do contencioso non só admita a trámite o recurso senón que ademais estime a pretensión da Administración demandante. Ou dito doutra maneira, unha interpretación racional do dereito debe inducir ó particular a non descarta-la certa posibilidade de verse obrigado a defender na vía contencioso-administrativa a resolución do TEAR que lle resultou inicialmente proveitosa para os seus intereses. Ademais, como puxeron de manifesto as tantas veces citadas sentencias do Tribunal Supremo do 22 de setembro de 2001 e 6 de xullo de 2002, neste suposto non só está en xogo a mera discrepancia hermenéutica entre dúas administracións, o que é suficientemente revelador de que o tema de fondo (o resultado que arrastra a comprobación de valores para os efectos do ITPAXD) nin moito menos é pacífico ou susceptible dunha interpretación única, senón que ademais afecta á propia integridade dos recursos financeiros dunha desas administracións, integridade que non pode quedar a mercé do criterio unilateralmente seguido pola outra²³.

²³ Para evitar estas diferencias de criterio entre a Administración estatal e as autonómicas, GARCÍA MARTÍNEZ propón que a Xunta arbitral prevista no art. 23 da LOFCA non se limite a resolver-los conflitos que se susciten na aplicación dos puntos de conexión dos tributos cedidos, senón que ademais sirva como órgano coordinador das distintas administracións na xestión dos ditos tributos co fin de restarlle conflictividade ó sistema e diminuí-la presión fiscal indirecta sobre os contribuíntes. (Vid. "La legitimación activa autonómica...", *ob. cit.*, pp. 61-62).

Desde esta óptica, non resulta difícil compartirla afirmación do Tribunal Supremo cando sostén que “a seguridade xurídica non se fai efectiva cerceando o acceso á xurisdicción dunha Administración que está defendendo a integridade dos seus recursos e con ela a súa autonomía financeira, senón, pola contra, garantíndoa, calquera que sexa a solución que, en torno ó problema de fondo suscitado, en definitiva se acolla”.

Así pois, na medida en que a Administración autora do acto recaído na vía económico-administrativa non foi a que interpuxo o recurso contencioso –pois de facelo debería proceder previamente á declaración de lesividade– e tendo en conta que a Administración autonómica aínda estaba en prazo para formula-la impugnación xurisdiccional –ó non ter transcorrido os prazos preclusivos da lexislación procesual–, a conclusión que se impón é a inexistente violación da seguridade xurídica do particular.

4. A negación de lexitimación activa como posible vulneración do dereito á tutela xudicial efectiva

Como avanzamos, a STC 176/2002, do 9 de outubro, resolve o recurso de amparo interposto pola Comunidade de Madrid, na que esta Administración autonómica lle imputa á sentenza do Tribunal Superior de xustiza do 31 de maio de 2000 unha dobre lesión constitucional: a do dereito á igualdade na aplicación da lei (art. 14 CE), dado que a doutrina do Tribunal Supremo discorre nun sentido diferente ó expresado na sentenza recorrida, e a do dereito á tutela xudicial efectiva, ó térselle privado do acceso á xurisdicción mediante unha interpretación restrictiva dos requisitos legais.

A invocación do dereito fundamental á igualdade do art. 14 da Constitución por parte das administracións públicas foi rexeitada insistentemente polo Tribunal Constitucional, xa que na medida en que o dito precepto se refire ós “españóis” non é de aplicación ás persoas xurídico-públicas como tales²⁴. Sen embargo, cando a discriminación ou desigualdade se aprecia “na aplicación da lei” e está en conexión co dereito á tutela xudicial efectiva si que se admitiu a súa posible lesión cando a parte afectada é un ente público, por canto se un dos trazos esenciais do Estado de dereito é o sometemento dos poderes públicos á xurisdicción (art. 106.1 CE), é plausible que a situación destes fronte ós xuíces e tribunais non sexa radicalmente diferente á dos particulares²⁵.

²⁴ Vid. neste sentido a STC 149/1991 (FX. 5º), la STC 16/1996 (FX. 3º) e a máis recente STC 129/2001 (FX.3º).

²⁵ Vid. STC 240/2001 (FX. 3º).


De todos modos, no caso que agora nos ocupa, o Tribunal Constitucional rexeita a alegada violación do dereito á igualdade, xa que a igualdade na aplicación da lei esixe identidade do órgano xudicial aplicador da norma e neste suposto apreciaríase un contraste de pareceres entre dous órganos xudiciais diferentes, o Tribunal Supremo e o Tribunal Superior de xustiza de Madrid.

Maior interese presenta o segundo motivo esgrimido pola Comunidade de Madrid, a saber, a suposta vulneración do dereito á tutela xudicial efectiva. Convén observar que, cando o Tribunal Constitucional emite a súa sentenza favorable ó abeiro solicitado pola Comunidade de Madrid e ordena retrotrae-las actuacións xudiciais ó momento procesual oportuno, o Tribunal Supremo xa fixara doutrina legal por medio das coñecidas sentencias do 22 de setembro de 2001 e 6 de xullo de 2002. Non obstante, o Tribunal Constitucional considera que o obxecto do recurso de amparo se mantén inalterado xa que a doutrina do Tribunal Supremo de ningún modo vén modifica-la situación xurídica individualizada derivada da sentenza impugnada. Noutras palabras, a función do Tribunal Constitucional debe cingirse a determinar se a interpretación da legalidade seguida polo Tribunal Superior de xustiza de Madrid foi ou non lesiva do dereito fundamental á tutela xudicial efectiva.

O máximo intérprete da Carta Magna xa tivo ocasión de pronunciarse sobre a posible titularidade e exercicio polos entes públicos deste dereito fundamental na súa vertente de acceso ó proceso ou á xurisdicción (art. 24.1 CE), e fíxoo na Sentencia 175/2001, do 26 de xullo. Aquí chegou a soste que, aínda cando “excepcionalmente –e en ámbitos procesuais moi delimitados– podemos admitir que as persoas públicas gozan do dereito fundamental á tutela xudicial efectiva (art. 24.1 CE), e con isto do recurso de amparo ante este tribunal”, sen embargo, “as persoas públicas son titulares, tamén, do dereito de acceso ó proceso”. Ademais, prosegue o tribunal, o alcance do art. 24.1 en relación cos entes públicos “actúa (...) respecto do lexislador, non en relación co xuíz”, co que “a interpretación xudicial das normas de acceso ó proceso estará guiada, tamén en relación coas persoas públicas, polo principio «pro actione» (cando se trate de acceso á xurisdicción)” [F.X. 8º].

Polo tanto, despexada a incógnita sobre se o art. 24.1 da CE pode ser invocado por un ente público cando se lle denega o acceso a un proceso xurisdiccional, resta por descubrir se este precepto se viu conculcado no caso concreto analizado, que non olvidemos, se desenvolve baixo a vixencia da LXCA de 1956 –que era a aplicable ó momento en que a Comunidade de Madrid recorre a resolución do TEAR ante o Tribunal Superior de xusticia. Para resolver esta cuestión a STC 176/2002 trae a colación a tese sustentada noutro pronunciamento previo, a sentenza 124/2002, do 20 de maio, conforme á cal o dereito fundamental do art.

24.1 si pode verse lesionado cando a causa de inadmisión do recurso esgrimida polo órgano xudicial aparece como consecuencia dunha esexese da norma que é manifestamente errónea, irrazonable ou baseada en criterios que polo seu rigorismo, formalismo excesivo ou calquera outra razón, revelen “unha clara desproporción entre os fins que aquela causa preserva e os intereses que se sacrifican, de forma que a negativa da concorrencia do presuposto ou requisito en cuestión sexa arbitraria ou irrazonable”.

Pois ben, no suposto axuizado, a norma cunha interpretación que presenta controversia era o art. 28 da LXCA de 1956, que outorgaba lexitimación para solicita-la anulación dos actos e disposicións da Administración “ós que tiveran interese directo niso”. E como queira que as resolucións dos tribunais económico-administrativos, dictadas en materia de actos de xestión dos tributos cedidos, lles afectan indiscutiblemente á autonomía financeira das comunidades autónomas, é evidente que estas teñen un interese directo en impugnarlas cando non lles resultan favorables. Chegar a outra conclusión suporía sacrifica-la autonomía política e financeira das comunidades autónomas en beneficio dun único e exclusivo control por parte dos órganos do Estado da súa actividade administrativa na fase de aplicación dos ditos tributos. De ser así, estaríanse cuestionando as bases constitucionais do reparto competencial do poder territorial entre o Estado e as comunidades autónomas. E esta situación indesexable é a que, en definitiva, inclina á STC 176/2002 a declarar contrario ó art. 24.1 da CE a sentenza do TSX de Madrid que rexeitaba a lexitimación activa da Comunidade madrileña para recorrer-la resolución do TEAR. 

O PAPEL DAS ADMINISTRACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN VOLUNTARIA. LÍMITES DA SÚA INTERVENCIÓN

Luz Campello García

Licenciada en socioloxía e diplomada en traballo social.
Responsable da Área de voluntariado e organizacións sociais.
Complejo Hospitalario Universitario "Juan Canalejo" A Coruña

Introducción

Nas sociedades democráticas, un novo paradigma está en construción e representa unha nova forma de pensar e de face-las cousas. Vivimos unha etapa de organización da diversidade de valores e ópticas sociais que requiren múltiples formas de resposta diferentes; trátase de conformar un novo equilibrio das relacións sociais, onde se redefinen os roles do Estado (Administración), da poboación/sociedade e das organizacións sociais. Podemos dicir, que se pasou dunha "apatía política" a un renacemento do interese polo público, onde as persoas comezan a valoralo todo cunha óptica distinta, e os actores colectivos modifican as súas relacións tradicionais de representación, xurdindo con forza novas voces e formas de participación máis activas e organizadas, onde a solidariedade permanece ó interese individual.

Así pois, para falar do papel da Administración pública no desenvolvemento da acción voluntaria, é obrigado situarnos nun sistema mixto de políticas sociais, onde o protagonismo do Estado segue sendo esencial para garanti-los dereitos sociais, pero xa non está obrigado a recoñecer que o sabe todo, nin sequera a ter que responsabilizarse de todo, senón a mostra-la súa dispoñibilidade articulando as distintas forzas sociais. O

Estado deixa así de ser omnipresente e omnipotente¹ e pasa a compartir escenario, coas organizacións sociais por unha parte, como expresión da “sociedade necesaria” para definir cómo deben ser satisfeitos os dereitos sociais², co mercado por outra, de cara a unha xestión socialmente rendible, e coa esfera informal, que constitúe o mundo das relacións persoais do individuo. O éxito deste sistema está en lograr unha interacción mutua e efectiva, sen dependencias entre os catro piares –Estado, organizacións sociais, mercado e esfera privada–, sabendo que cada vez é máis difícil trazar límites entre eles polo espacio híbrido que van xerando.

Deste modo, podemos afirmar que as relacións entre Estado e voluntariado están en fase de reestructuración e reequilibrio. O sistema de articulación social clásico, onde o sector público fixaba a dirección e as coordenadas de acción colectiva, xa non é o modo exclusivo de “facer” e a sociedade quere ter un papel máis activo no deseño das respostas ó que lle afecta. De aí, que o voluntariado se percibe como un axente que forma parte deste novo modelo de articulación social, onde se están redefinindo roles e espacios de acción entre o público e o privado.

Neste contexto, correspóndelle ó Estado promover e facilita-la participación do voluntariado, a través das organizacións públicas ou privadas sen ánimo de lucro, de modo que teñan un papel activo na solución dos problemas de interese xeral. Así pois, *o papel da Administración no desenvolvemento da acción voluntaria é de vital importancia; é máis, non se podería falar realmente de voluntariado na actualidade, se non se contempla o papel da Administración no modelo de deseño institucional e no desenvolvemento de políticas públicas que incentiven a participación plural da sociedade, o recoñecemento do seu labor como tal; facilitando a participación das entidades de acción voluntaria no deseño, execución e avaliación das políticas sociais.*

Funcións da administración en relación ó voluntariado

Refírese ó papel que desenvolve a Administración con respecto ó voluntariado, recollido en sete funcións esenciais:

1. Lexitimación e recoñecemento formal

A lexitimación do voluntariado nunha sociedade, lévase a cabo esencialmente a través do desenvolvemento de políticas públicas que garan-

¹ GARCÍA ROCA, J.: *Público y privado en la acción social*. Madrid: editorial popular, 1992.

² RODRÍGUEZ CABRERO, G. et al.: *Las entidades voluntarias en España*, Madrid: Ministerio de Asuntos Sociais, 1996.

tan o seu recoñecemento formal e regulación no ámbito territorial. Neste sentido, o referente básico do voluntariado constitúeo o marco legal, que regula, ampara e fomenta a participación das persoas nas accións de voluntariado. Así, a Lei de voluntariado de Galicia 3/2000 do 22 de decembro, garante a liberdade de exercer-lo voluntariado e favorece o seu recoñecemento social, definíndoo como:

“o conxunto de actividades desenvolvidas nas áreas de interese xeral (servicios sociais, saúde, protección civil, medio natural, educación, cultura, ocio e tempo libre, defensa dos dereitos humanos...), que se realicen de maneira altruísta, desinteresada e solidaria, con carácter voluntario e libre, e sen contraprestación económica”.

De igual modo, determina cómo se debe levar a cabo o voluntariado:

“a través de entidades de acción voluntaria legalmente constituídas, entendendo por estas, as organizacións privadas non lucrativas e as agrupacións de voluntariado integradas na Administración pública que, sen ánimo de lucro desenvolvan programas e proxectos de voluntariado no marco das áreas de interese xeral, por medio de persoas voluntarias”

coa intención de supera-lo concepto tradicional de voluntariado asistencialista e o puro voluntarismo pouco eficaz.

2. Regulación do voluntariado no ámbito territorial

Baséase fundamentalmente na articulación institucional, sinalando os entes responsables e as competencias da Administración a nivel autonómico e local, así como os procedementos que se deben seguir.

As competencias da Administración autonómica, segundo a Lei de voluntariado 3/2000 defínense tal e como segue:

- *Programar e promove-la coordinación das actuacións* en materia de voluntariado no marco da comunidade autonómica.
- Apoiar en materia de información, formación, asesoramento técnico e apoio material - económico ás corporacións locais e entidades de acción voluntaria.
- Elaborar estatísticas e realizar estudos e investigacións en materia de voluntariado.
- Establecer medidas de recoñecemento público das entidades e persoas que colaboren no desenvolvemento da acción voluntaria.
- Colaborar coas demais AAPP no aproveitamento dos recursos en todos os seus ámbitos e cos diferentes organismos de carácter nacional e internacional.
- Establece-las medidas que se consideren oportunas para o seguimento e inspección das entidades de acción voluntaria, co fin de garantir un voluntariado de calidade.

- Promove-la creación de oficinas municipais de voluntariado (individual ou agrupadamente).

No ámbito local, verbo das competencias da Administración en voluntariado, a Lei 3/2000 fai un recoñecemento explícito do municipio como marco privilexiado para o desenvolvemento da acción voluntaria. Respóndese así ó *principio de autonomía local para a xestión dos seus intereses no ámbito da súa competencia*, que lle permita promover toda clase de actividades e prestar cantos servicios contribúan a satisfacer necesidades e aspiracións da súa comunidade veciñal.

A función do concello, ó igual cá Administración autonómica, ten unha dobre vertente, en canto se lle recoñece a súa capacidade para dispoñer de agrupacións propias de voluntariado e se determina o apoio que lle debe prestar á iniciativa privada sen ánimo de lucro no seu ámbito municipal, colaborando con ela mediante o asesoramento técnico, a coordinación, a planificación e o apoio económico.

- Programa-la acción voluntaria segundo as necesidades do seu contorno territorial.
- Promove-la coordinación do voluntariado no concello e coa Administración autonómica.
- Facilitárlle-la orientación e formación necesaria ás persoas voluntarias para o desenvolvemento da súa tarefa.
- Colaborar coa Administración autonómica (Xunta de Galicia) na elaboración de estatísticas sobre voluntariado.
- Seguimento e control da acción voluntaria coa finalidade de que se realice conforme ós dereitos e deberes legais do voluntariado.
- Promove-la creación de oficinas municipais de voluntariado, ben por si mesmos ou mediante agrupacións entre concellos.
- Calquera outra función que se derive por delegación da Xunta de Galicia.

3. Promoción da acción voluntaria

Mediante o desenvolvemento de políticas favorables e medidas de apoio, de carácter técnico e económico, ás entidades de acción voluntaria (*actuacións de promoción, coordinación e fomento do voluntariado*). Esta función de impulso e apoio ó voluntariado é un dos fortes da Administración, sobre todo no contexto de Galicia onde a debilidade das organizacións sociais aínda é evidente e onde a participación formal no ámbito público é aínda incipiente. Esta situación de timidez participativa require de importantes esforzos por parte da Administración local e autonómica para promover unha cultura da solidariedade, é dicir, un clima de opinión fa-

vorable á acción voluntaria, e fortalece-lo tecido social nun momento onde as formas comunitarias de participación e de boa veciñanza están en retroceso, como consecuencia dos novos estilos de vida, a crecente urbanización e os cambios no modelo de familia, cunha progresiva redución do número de membros. De aí que, neste caso, se requira un Estado (Administración) forte que apoie a organización da sociedade civil.

As medidas máis significativas, constitúenas os *Plans de voluntariado* (nacional, autonómico e locais) que recollen as principais liñas ou ámbitos nos que se vai incidir especificando as prioridades de actuación no ámbito territorial *para a promoción e fomento da acción voluntaria*. Serven de marco de referencia para os axentes participantes na acción voluntaria, facilitando a súa coordinación e complementariedade.

Así, o Plan de voluntariado de Galicia 2002-2005, recolle o conxunto de accións que en materia de promoción e fomento do voluntariado van desenvolver-los distintos departamentos da Xunta, a fin de logra-la súa coordinación. Posibilitando a integración nas devanditas accións, dos programas de voluntariado (actividades e iniciativas) das administracións locais e entidades de acción voluntaria³.

O plan estrutúrase en 5 ámbitos de actuación, coas súas respectivas liñas estratéxicas e obxectivos, que constitúen as directrices que van orienta-las políticas sectoriais de voluntariado e que se concretan nunha serie de accións, cos órganos responsables (Consellería/s ou outros) de levalas a cabo e o período de execución.

ÁMBITOS DE ACTUACIÓN	OBJECTIVO
I Promoción da cultura da solidariedade	Dar a coñece-las oportunidades de participación na acción voluntaria.
II Formación	Capacita-las persoas voluntarias e os xestores de programas de voluntariado para garantir unha acción de calidade.
III Apoio e seguimento	Dota-las entidades de acción voluntaria dos medios humanos, materiais e técnicos necesarios para logra-la súa consolidación.
IV Coordinación	Fomentar actuacións eficaces e de calidade, evitando duplicidade de esforzos e proporcionando unha xestión de recursos máis eficiente.
V Inspección e control de calidade	Difundi-la normativa en materia de voluntariado e verifica-lo seu cumprimento, garantindo a calidade dos programas.

³ Para o que as Entidades de Acción Voluntaria (EAV) deberán cumpri-los requisitos esixidos na Lei de voluntariado, estar inscritas no rexistro de EAV e solicita-la súa incorporación no Plan mediante a presentación dun protocolo-tipo, que recolle fundamentalmente a situación de partida ou necesidades ás que lle dá cobertura a entidade e que xustifican o programa de voluntariado, tomando como referencia as áreas prioritarias segundo o propio Plan de voluntariado. Tendo en conta a adecuación entre os proxectos e obxectivos que se teñen a curto e medio prazo e as necesidades de recursos tanto materiais como técnicos ou humanos.

Se ben, a Administración pode poñer en marcha cantas iniciativas de promoción do voluntariado considere, como o financiamento con cargo ós fondos públicos do seguro de accidentes e responsabilidade civil das persoas voluntarias, ó que se poden acolle-las entidades de acción voluntaria⁴. Esta medida supón un impulso importante para o voluntariado, tendo en conta que moitas entidades de pequenas dimensións, que son as que máis abundan no noso contorno, non dispoñen de medios ou súltalles moi gravoso custea-lo seguro, como recolle a Lei 3/2000 do 22 de decembro.

4. Intermediación

A Administración actúa de ponte entre a sociedade civil e as entidades de voluntariado, establecendo medidas e procedementos de arbitraje e resolución de conflitos entre as persoas voluntarias e as entidades⁵. Esta función é importante, porque non debemos proxectar todo o bo e o idílico nas persoas voluntarias ou nas organizacións sociais, estas tamén están suxeitas ós mesmos defectos e inxustizas que poden estalo outros axentes públicos ou privados, e é o Estado a través dos seus órganos administrativos quen debe garantir e velar polos dereitos das persoas e por unha acción voluntaria de calidade.

5. Xestión de voluntariado

Esta función acada a súa plenitude na dimensión local, dado que, cada vez máis se intenta achega-la xestión do que nos afecta, alí onde se produce. De aí, que sexa o espazo municipal por excelencia onde se desenvolve esta función, con competencias directas en xestión de voluntariado e na creación das oficinas municipais de voluntariado, para as que apoia económica e materialmente a Administración autonómica ás corporacións locais, sen prexuízo das outras funcións que contempla a Lei 3/2000.

Á Administración autonómica, compételle a creación e xestión do rexistro de entidades de acción voluntaria, que será "condición indispensable para acceder ás axudas e subvencións, así como para realizar convenios coas administracións públicas en materia de voluntariado", xustificación que se lexitima en razón da limitación dos fondos públicos e na necesidade da súa utilización selectiva e racional⁶. Así como, a pla-

⁴ É condición necesaria que as persoas voluntarias estean incorporadas nalgunha das entidades integradas no Plan de voluntariado.

⁵ Pendente de desenvolve-la comisión de arbitraje, tal e como recolle a Lei 3/2000 do 22 de decembro.

⁶ Preámbulo do Decreto 405/2001, do 29 de novembro, polo que se regula o rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia. Quizais deberíamos aceptar que

nificación da acción voluntaria no territorio e a xestión de programas, que polo seu alcance requiran do esforzo e o apoio deste nivel administrativo.

Os demais órganos ou departamentos sectoriais da Xunta de Galicia tamén poden exercer esta función a través de programas ou agrupacións concretas de voluntarios/as, tal e como o recolle a Lei 3/2000 do 22 de decembro.

6. Inspección e control de calidade

A función de inspección e seguimento, sitúa de novo a Administración nun lugar privilexiado no mantemento e consolidación dun voluntariado de calidade.

A Administración autonómica establece os criterios de inspección e seguimento dos programas de voluntariado que levan a cabo as entidades, e que son financiados con fondos públicos⁷, como unha aposta pola eficacia e pola calidade na acción voluntaria. O Plan de voluntariado recolle os mecanismos de control e avaliación apoiados en programacións e indicadores verificables (de resultado, de proceso e de impacto).

Pero é a nivel municipal, onde se executa esta función de inspección e control da acción voluntaria e das entidades de voluntariado, velando polos dereitos das persoas e controlando que se cumpran os procedementos que formalizan e lle dan institucionalidade ó voluntariado: a existencia do libro de altas e baixas do voluntariado, o compromiso de colaboración firmado, o seguro de accidentes e responsabilidade civil, o cumprimento dos dereitos e deberes, a forma de identificación como voluntario/a, os rexistros de actividade, a definición do programa ou proxectos, etc.

Neste sentido, non debemos esquecer o papel do Consello galego de voluntariado como órgano consultivo e asesor que determina a lei, representado polos distintos actores sociais e que está á espreita a modo de "seguimento-control" do desenvolvemento da acción voluntaria na comunidade autónoma. "exerce as funcións de informe e análise das actividades de voluntariado, así como as que determine a súa normativa de desenvolvemento" (art. 25.2 da Lei de voluntariado de Galicia⁸).

hai razóns máis importantes cás achegadas polo lexislador, como a necesidade de establecer mecanismos de seguridade tanto para a persoa voluntaria como para os/as beneficiarios/as da acción voluntaria.

⁷ Para a entidade, a inscrición no rexistro é condición indispensable para integrarse no Plan galego de voluntariado, acceder ás axudas e subvencións públicas e subscribir convenios coas administracións públicas.

⁸ No seu seo poderán constituírse *comités técnicos* e *comisións de traballo* que se encargan de desenvolver e garantir un voluntariado de calidade.

7. Establecemento dos contidos formativos esenciais

Ser voluntario/a é un status adquirido intencionada e conscientemente, polo que “a persoa non nace voluntaria senón que se fai”. Isto lévanos á importancia da *formación do voluntariado como garantía de calidade* e ó papel da Administración, como responsable do deseño dos seus contidos mínimos. Nesta liña publica o Programa de formación do voluntariado 2002-2005, que define os contidos esenciais e a modalidade de formación, tanto para persoas voluntarias como para profesionais, tal e como segue: a *formación básica*, común para todo tipo de voluntariado, a *formación específica* adecuada a cada área de intervención na que vaia desenvolver-la actividade, e seguindo o mesmo esquema, a *formación de iniciación e afondamento* dos/as técnicos/as de voluntariado e por último, a formación de posgrao ou formación especializada, que xeralmente é de carácter universitario ou equivalente, coa finalidade de garanti-la calidade da acción voluntaria.

Límites da acción voluntaria: converxencias e diverxencias entre administración e voluntariado

Falar de límites da Administración, en si mesmo xa supón o recoñecemento doutros actores, o que non significa que reduci-lo ámbito do público sexa o correcto. Non se trata de máis Estado ou menos Estado senón de “mellor Estado” e isto implica, que a Administración recoñeza a diversidade e o fortalecemento da sociedade civil, xerando acordos e compromisos que se transformen en referencias culturais compartidas. É necesario un novo equilibrio entre a converxencia e diverxencia público-privado que integre a cooperación e o conflito desde a colaboración sinérxica, pero sobre todo que prime a expansión de dereitos á fiscalización cidadá dos procesos públicos, avogando por suxeitos conscientes e comprometidos co seu contorno e co seu Estado.

Desde esta perspectiva reflexiónase sobre diferentes aspectos latentes que é necesario cuestionar no marco das relacións Administración-entidades de voluntariado.

■ *A interacción público-privado necesita unhas mínimas regras de xogo*

En primeiro lugar, os límites da Administración veñen definidos pola inclusión ou non no sistema institucional da entidade de voluntariado, quedando á marxe toda iniciativa informal e aquelas entidades sociais que non estean rexistradas como entidades de acción voluntaria, segundo o procedemento que a este efecto articula a Administración. A confrontación entre a Administración e o voluntariado vén reforzada

pola desafortunada tendencia a atribuírle ó ámbito da iniciativa social "todo o bo" e ó ámbito do público todo o negativo, cando en realidade ámbalas dúas esferas se necesitan mutuamente. O voluntariado, non pode sobrevivir sen que a Administración proporcione un marco global para a participación e actúe de mediadora entre os diferentes grupos e organizacións sociais; e a Administración, á súa vez, necesita do apoio dunha iniciativa social forte e madura.

■ *A escaseza de recursos ameaza a identidade do voluntariado*

Como se dixo, cada día a realidade faise máis complexa, con actores que comparten diversos espacios, emerxencia de identidades múltiples, etc., o que significa que temos que ir afacéndonos a unha realidade social composta por diferentes puntos de vista, onde cada identidade reclama igualdade de dereitos e o Estado non sempre pode responder a estas novas demandas. De aí, que se necesite a coparticipación das *organizacións sociais coa Administración*, relacións que en condicións ideais se caracterizan pola interdependencia, onde ámbalas partes se necesitan por igual. Pero en realidade, a preponderancia a tódolos niveis da Administración, sobredimensionada pola escaseza de recursos da maioría das organizacións sociais e o *modo de financiamento* por parte da Administración, fai máis vulnerables as entidades de acción voluntaria.

A forma de financiamento a través de subvencións, convenios etc., corre o risco de facer periga-la identidade da organización voluntaria e converterse en "pseudoadministración" ou "pseudoorganización" en prol do sostemento do seu proxecto ou acción. Se ben, existen organizacións cunha certa tradición no sector e un alto nivel de institucionalización, que tamén inflúen na Administración, facendo presión para que se teñan en conta, sen perde-lo financiamento para os seus proxectos.

Aínda que a esencia do voluntariado é a non remuneración, non significa que este sexa gratuíto para a organización ou para a Administración, o voluntariado é unha inversión social rendible, pero hai que dedicar cartos á súa xestión eficaz.

Esta situación deixa patente a vulnerabilidade na construción da identidade das organizacións, ameazando a súa independencia e a súa sustentabilidade, podendo chegar mesmo a desaparecer cando o financiamento non ten continuidade.

■ *Insuficiente recoñecemento mutuo*

Poderíamos dicir que voluntariado e Administración son as dúas caras da mesma moeda, polo que é necesario abrir espacios de coñecemento mutuo e establecer canais de comunicación que aseguren que os procesos xerados na esfera de iniciativa social sexan considerados nos niveis de decisión, é dicir, poidan influír nas políticas públicas.

A pesar das medidas de apoio, hoxe en día aínda temos que falar dun baixo recoñecemento institucional do voluntariado e dun rol diminuído ante o ámbito público que marca as directrices. Por outra parte, tamén as organizacións sociais *necesitan recoñece-lo potencial papel da Administración* nos seus diferentes niveis territoriais, como impulsora dun contorno facilitador para que as asociacións se desenvolvan e se afiancen.

O voluntariado debe achegarse á Administración, sen que se perda a súa propia autonomía, coa finalidade de proporcionar opinión, contribuír á orientación que tomen as políticas e participar do sistema de toma de decisións. É dicir, debe estar en comunicación e boa sintonía coas estruturas da Administración, sen ser un mero instrumento do Estado, nin de suplantalo; senón de establecer formas de articulación máis ou menos críticas con el, podendo falar de varios niveis de relación, desde a colaboración e posta en marcha de políticas ou programas conxunta, a implementación ou execución de políticas concretas, o apoio simbólico –signos de recoñecemento, xestos de apoio, de confianza, de disposicións positivas– ata a confrontación e o cuestionamento das políticas.

■ *Idea de fiscalización e control dos poderes públicos*

A vinculación do voluntariado coa Administración representa un cambio e está orientado pola idea de fiscalización e control das organizacións sociais ou entidades de acción voluntaria. Se temos en conta que en España non existe unha cultura de “rendición de contas” e menos en voluntariado, ó que se supón, que ó non ter ánimo de lucro nin remuneración, non existe malversación de fondos, nin necesidade de control ou avaliación. Sen embargo debemos insistir en *que “render contas” vai máis alá do económico*, así o feito de rexistra-las persoas voluntarias na entidade⁹, facilitar datos estatísticos e adecuarse ás directrices xerais que contempla a Lei do voluntariado, constitúen formas de avaliación e control de calidade por parte da Administración. Como podemos observar, estamos ante unha realidade que se percibe como unha maraña de capital social, económico, simbólico, etc. pero con escasa transparencia, necesítase un código de ética aplicable a ámbolos actores –Administración e entidades de acción voluntaria– que conducise a unha cultura de responsabilidade, equidade e transparencia.

⁹ O rexistro de persoas voluntarias, segundo recolle a Lei 3/2000 de voluntariado de Galicia, as entidades de voluntariado están obrigadas a levar un rexistro de *altas e baixas* das persoas voluntarias, así como un acordo ou compromiso de incorporación a un programa de voluntariado, firmado. É un *instrumento de control e seguemento* das persoas voluntarias dentro dunha entidade, non da actividade concreta deste (para iso, existen outros rexistros na entidade como, por exemplo, a folla individual do voluntario onde se rexistran as actividades formativas que realizou, indicadores de avaliación e progreso).

■ *Concepción utilitarista*

Na nosa cultura as organizacións de voluntariado nacen ou desenvólvense principalmente, como unha forma de complementariedade do Estado, para responder a necesidades que a Administración non facía, cumprindo unha *función residual* como executoras de políticas sociais. É dicir, a importancia da acción do voluntariado está asociada á prestación de servicios, por “delegación” de funcións do Estado ou de maneira subsidiaria a este.

Esta concepción utilitarista do voluntariado, desencadea unha corrente de “victimismo”, que se basea na idea de que o Estado protector ou de benestar ten a obriga de resolvernollos nosos problemas. Esta idea “non se sustenta no aire”, é certo que o Estado recorreu ás organizacións sociais para resolver problemas, que en moitos casos se derivan da ausencia dunha verdadeira política social nese tema ou como unha forma de aforro de servicios máis profesionalizados. Esta tendencia desposúe o voluntariado da súa capacidade de transformar ou de incidir nas políticas sociais; se ben, esta forma de actuar, non sempre é resultado dun “mal facer intencionado” ou consciente, temos que recoñecer que na meirande parte dos casos é por falta dunha definición do ámbito da iniciativa social, do marco público non estatal.

Cando un problema urxente non é resolto polos recursos públicos, a miúdo lévao a cabo algunha entidade ou asociación que se caracteriza pola súa base de voluntariado. A súa proximidade nesas entidades e a novidade dos problemas que cómpre resolver, en moitos casos, leva a esta confusión de “aproveitamento” do voluntariado. A isto, debemos engadirle o “abuso” que algunhas veces fan as organizacións, encomendándolles tarefas a persoas voluntarias, mesmo en servicios concertados coa Administración, onde non está claro o límite entre voluntariado e profesionais remunerados. Esta situación leva a unha maior confusión e a aumenta-la sensación que subxace en certos sectores de poboación, de utilización do voluntariado por parte da Administración.

■ *Risco de fagocitación*

O voluntariado está sometido a un proceso de cambio e modernización, pasando dun papel meramente asistencialista a relacións máis participativas e de maior calidade, orientadas ó desenvolvemento. Esta situación, probablemente requira unha nova lóxica de acción “desde abaixo cara a arriba”, desde a sociedade cara á Administración e non á inversa como se vén facendo, baseándose na localización do “suposto saber” técnico e político na Administración e na necesidade de impulso e debilidade das entidades sociais no noso contorno; unha lóxica que teña en conta a participación das entidades de voluntariado no deseño e seguimento das políticas públicas e non só a execución.

Nesta redefinición do papel do voluntariado e das entidades sociais, existe o risco de que poida vir "dirixido" desde a Administración, os medios, etc. e se converta nun mero instrumento de poder¹⁰. Por iso é necesario que o voluntariado sexa suxeito –e non simplemente obxecto do proceso de cambio social no que está inmerso¹¹ como unha forma de entende-la cidadanía desde unha corresponsabilidade social e non unicamente desde a complementariedade de funcións do Estado ou do ámbito público.

Un voluntariado vital é un elemento clave dunha sociedade, pero non sexamos ilusos ó pensar que podemos prescindir do Estado, ou que é mellor canto menos se implique a Administración. Requírese un Estado que garanta a participación pública da sociedade e os dereitos sociais da poboación, desde unha perspectiva de interdependencia sometida a revisión constantemente para evita-la dependencia ou a fagocitación da sociedade civil.

■ *Factor de apoderamento da comunidade*

O voluntariado é unha manifestación da insatisfacción cunha cultura que considera que todo aquilo que non ten prezo non ten valor, que non comprende a gratuidade. Neste sentido axuda a recuperar valores e prácticas imprescindibles para a satisfacción persoal e colectiva, creando cohesión da comunidade e xerando capital social. As conexións informais, as crenzas, valores e os fortes lazos de confianza e reciprocidade, fortalecen as redes sociais entre as persoas, podendo chegar a crear conciencia solidaria (sensibilizando, activando ou reformando) sobre aspectos "esquecidos" ou non tratados de maneira adecuada polo poder público. O voluntariado, é así un factor de apoderamento da comunidade, actuando como un verdadeiro grupo de presión polo ben público, que vence a separación clásica entre o económico e o social, e que sempre está moi ben informado porque permanece máis en contacto coas comunidades locais e coas persoas.


Na nosa sociedade deixa de darse o protagonismo único do Estado para dar paso á intervención dos cidadáns como aqueles capaces de intervir e colaborar coas institucións onde se necesite, porque todos debemos comprometernos como voluntarios/as no proxecto global de desenvolvemento das persoas e das sociedades en que vivimos.

¹⁰ CAMPELLO, L.: "El voluntariado en la sociedad actual", en *Voluntariado Social*, Santiago, IGISS, 2001.

¹¹ MORATALLA, A.D.: *Ética y voluntariado. Una solidaridad sin fronteras*. Madrid, PPC, 1997.

■ *Fraxilidade institucional*

O baixo nivel de institucionalización das organizacións de acción voluntaria sitúaa en inferioridade de condicións á hora de negociar coa Administración e de influír nas políticas públicas. A asociatividade e creación de redes de coordinación –plataformas, federacións,.....– entre as organizacións de voluntariado son escasas, e a falta de información verbo das entidades de acción voluntaria e dunha cultura de cooperación e alianzas entre asociacións, motiva que non traballen en conxunto por unha meta común, chegando mesmo a competir polos recursos e o poder. Tamén, a informalidade nos procedementos e nas estruturas institucionais xeran desconfianza e intensifican a fragmentación que caracteriza o noso contorno social. Acurtar distancias entre as organizacións de voluntariado, e entre estas e outras máis amplas ou “paraugas”, así como establecer alianzas estratéxicas con outras entidades sociais (universidades, equipos de investigación, etc.), son mecanismos de fortalecemento institucional que constrúen capital social.

Unha sociedade participativa e cohesionada caracterízase por ser unha sociedade vigorosa, e unha sociedade forte reclama a presenza dunha Administración forte e viceversa, porque como vimos, ámbalas esferas son interdependentes en canto a que conciben accións recíprocas co conseguinte fortalecemento mutuo. 

Bibliografía

- Lei 3/2000 do 22 de decembro, do voluntariado de Galicia.
- Decreto 405/2002, do 29 de novembro que regula o Rexistro de entidades de acción voluntaria en Galicia.
- Plan de voluntariado de Galicia 2002-2005. Xunta de Galicia.
- Campello, L.: "El voluntariado en la sociedad actual", *Voluntariado Social*, Santiago: IGISS, 2001.
- García Roca, J.: *Público y privado en la acción social*. Madrid: Editorial Popular, 1992.
- Moratalla, A. D.: *Ética y voluntariado. Una solidaridad sin fronteras*. Madrid: PPC, 1997.
- Rodríguez Cabrero, G. et al.: *Las entidades voluntarias en España*, Madrid: Ministerio de Asuntos Sociales, 1996.

DEREITOS FUNDAMENTAIS E CONTAMINACIÓN ACÚSTICA

Fernando Luis de Andrés Alonso

Asesor do valedor do pobo

1. Introducción

Da lectura dos diferentes informes que ano tras ano presentan os defensores do pobo dedúcese con claridade que a contaminación acústica da que son vítima non poucos cidadáns resulta un dos motivos de queixa máis frecuentes. A poboación séntese especialmente agredida por certas formas de contaminación por ruído que considera consecuencia de actividades desenvolvidas de forma ilícita e insuficientemente fiscalizadas ou perseguidas polas autoridades competentes. Efectivamente, algúns focos de ruído considéranse indisolublemente asociados á moderna forma de vida, polo que se ven cun maior grao de tolerancia polos cidadáns. Pola contra, sóense ver con maior preocupación os ruídos considerados *evitables*, que son fonte de graves situacións de angustia, deterioro da calidade de vida e, en ocasións, de deterioro da saúde. Entre eles sitúanse os ruídos xerados polos locais de ocio e, en xeral, os provocados pola cidadanía en momentos de espallamento. Esta modalidade de contaminación acústica desenvolveuse extraordinariamente debido ó crecemento que experimentou nos últimos tempos o sector do ocio nocturno, e tamén pola xeneralización de formas de espallamento e de ocio fóra dos locais. A denominada *movida nocturna* pasou a formar parte da paisaxe urbana da práctica totalidade das nosas cidades, e incluso das vilas.

Fíxose frecuente o consumo de alcohol na vía pública ata altas horas da madrugada, xa sexa no exterior dos locais que proben as correspondentes consumicións (locais que ademais tenden a permanecer agrupados en determinadas zonas dos núcleos urbanos), xa sexa en zonas nas que se consome o alcohol previamente adquirido.

Este sector de poboación afectada hai tempo que cobrou conciencia da gravidade da situación que lle toca padecer e sobre todo dos medios que lle caben para cambia-lo rumbo dos acontecementos, facendo valer os seus dereitos ó medio natural adecuado, á calidade de vida, á saúde ou á intimidade. As queixas ós diferentes defensores do pobo constitúen un dos medios máis comúns de reclamación destes dereitos. O número destas queixas foi tan considerable nos últimos anos que en certa maneira obrigou ós diferentes comisionados parlamentarios a dedicar alíneas específicas dos seus informes anuais ó tratamento desta materia, e nalgúns casos a realizar informes extraordinarios¹. En definitiva, os numerosos afectados non se resignan a sufrir indefinidamente as graves molestias ocasionadas polo mal uso do ocio dos demais e por isto buscan vías de solución da forma máis rápida e eficaz posible, e unha destas vías é sen dúbida a promoción de queixas ante os defensores.

O enfoque tradicional da loita contra o ruído dérase desde o dereito a un medio natural adecuado ou á calidade de vida, recollido no artigo 45 da nosa Constitución. Partindo deste enfoque, resultaba evidente que as consecuencias xurídico-constitucionais de acudir a un *principio rector da política social e económica*² eran limitadas. En especial, non permitía a promoción dun recurso de amparo baseado exclusivamente na conculcación do dereito ó medio natural adecuado ou á calidade de vida. Esta circunstancia facía preciso considerar unha máis ampla visión constitucional da materia, de tal maneira que se puidera chegar a entender que estas agresións ó medio natural lle afectaban non só ó valor directamente protexido polo artigo 45 da Constitución, senón tamén a dereitos e valores primarios da persoa entendida nun sentido individual, isto é, dereitos clásicos, liberais ou *de primeira xeración*, tales como os que protexen a integridade física e moral (artigo 15 CE) ou a intimidade persoal e familiar (artigo 18.1 CE), directamente relacionados coa protección do contorno físico no que nos desenvolvemos os humanos³.

¹ No caso do valedor do pobo de Galicia, que en 1996 publicou o informe extraordinario *La contaminación acústica en Galicia*.

² Capítulo III do título primeiro da Constitución.

³ L. MARTÍN-RETORTILLO, "El ruido en la reciente jurisprudencia", *Revista de Administración Pública*, n.º. 125, maio-agosto de 1991, páx. 322, apuntou acertadamente que a defensa contra o ruído se relaciona de maneira directa coa preservación do dereito fundamental á intimidade. Este autor expresa o mesmo criterio en "La defensa frente

Este punto de vista foi recollido, en primeiro termo, pola xurisprudencia do Tribunal europeo de dereitos humanos (TEDH), e posteriormente estendeuse á xurisprudencia do noso Tribunal Constitucional, que coñeceu a materia na Sentencia 119/2001, do 24 de maio, e resolveu que unha exposición prolongada e grave a determinados niveis de ruído concúlcalle o dereito fundamental á intimidade persoal e familiar no ámbito domiciliario, sempre e cando a lesión ou menoscabo proveña de actos ou omisións de entes públicos ós que sexa imputable.

2. A xurisprudencia do Tribunal europeo de dereitos humanos

Desde hai algún tempo, o TEDH veu consolidando unha novidosa liña xurisprudencial na que se predica que as inmisións ilexítimas e prexudiciais no domicilio das persoas como consecuencia dunha actividade contaminante conculcan o dereito ó respecto á vida privada e familiar. Este dereito fundamental atópase recollido no Convenio para a protección dos dereitos humanos e liberdades fundamentais, en concreto no seu artigo 8, que sinala que “toda persoa ten dereito ó respecto da súa vida privada e familiar, do seu domicilio e correspondencia” (parágrafo 1). Expresamente descártanse as inxerencias das autoridades públicas no exercicio deste dereito, salvo as que se atopen previstas “pola lei e constituían unha medida que nunha sociedade democrática, sexa necesaria ... para o benestar económico do país...” (parágrafo 2).

Diferentes sentencias consolidaron esta novidosa e progresiva liña xurisprudencial. Entre elas cabe destaca-las que a continuación mencionamos.

a) O caso *Powell e Rayner contra o Reino Unido*

No caso *Powell e Rayner contra o Reino Unido* (Sentencia do 21 de febreiro de 1990), o ETD coñeceu unha reclamación en primeiro termo promovida pola *Federation of Heathrow Anti-noise Groups*, despois continuada por dous dos cidadáns afectados, debido ós ruídos procedentes dun dos aeroportos de Londres, o de Heathrow. Aínda que a sentenza desestima o recurso, ó menos admitiu como posibilidade que determinados niveis de ruído prexudican a calidade de vida das persoas e con isto poden privalos do goce do seu domicilio, co que se estaría vulnerando o artigo 8 do convenio. Como resumo desta doutrina, o punto 40 da sentenza sinala que “o ruído dos avións do aeroporto de Heathrow diminuíu a calidade da vida privada e o gozo do fogar dos dous deman-

al ruido ante el Tribunal Constitucional”, en *Revista de Administración Pública* n.º. 115, páxs. 205-231.

dantes (...). Por conseguinte, o artigo 8 debe terse en conta en relación ó señor Powell e ó señor Rayner⁴.

O primeiro demandante (Powell) vivía coa súa familia nunha casa situada a varios quilómetros do aeroporto. Desde 1972 a súa vivenda encontrábase no eixo dun canal de voo, e a zona considerábase de molestias por ruído débiles, segundo o índice *Noise and Number Index*⁵. O segundo demandante (Rayner) vivía a uns dous quilómetros da pista norte de Heathrow. A súa vivenda encontrábase no perímetro 60 do índice *NNI*, considerado de ruídos moi molestos para os residentes.

⁴ O menos importante na análise que realizamos é coñece-los motivos polos que o TEDH considera que neste caso non se excederon os umbrais necesarios para proceder a unha condena. En calquera caso, estes motivos exprésanse con claridade nas alíneas 41, 42, 43 e 45. Sinala a sentenza que "tanto se se aborda o litixio no ámbito da obriga positiva do Estado de tomar medidas razoables e adecuadas para protexer os dereitos dos demandantes a teor da alínea 1 do artigo 8, como no dunha inxerencia dunha autoridade pública" que se debe xustificar conforme a alínea 2, os principios aplicables son moi parecidos. Nos dous casos hai que ter en conta o xusto equilibrio que debe existir entre os intereses concorrentes do individuo e do conxunto da sociedade; e nos dous casos, o Estado goza dalgunha marxe de apreciación para determinar as disposicións que se deben tomar co fin de asegura-lo cumprimento do convenio" (punto 41). A existencia de grandes aeroportos internacionais, incluso en zonas urbanas moi poboadas, e o incremento do emprego dos avións a reacción fixéronse indubidablemente necesarios para o benestar económico do país. Segundo estatísticas non discutidas facilitadas polo Goberno, o aeroporto de Heathrow, un dos máis utilizados do mundo, ten extraordinaria importancia no comercio e as comunicacións internacionais e na economía do Reino Unido (punto 42). As autoridades competentes tomaron distintas medidas para controla-lo ruído dos avións no aeroporto de Heathrow e nos arredores e para repara-los danos que causa: homologación fónica das aeronaves, restriccións dos voos nocturnos dos avións a reacción, vixilancia do ruído, introducción de itinerarios preferentes de ruído, uso alternativo das pistas, dereitos de aterraxe calculados en función do ruído, revogación da liña de helicópteros que unía Gatwick e Heathrow, programas de subvencións para illamento sónico e adquisición de fincas afectadas por estar preto do aeroporto, etc." (punto 43). Por conseguinte, non hai ningún serio fundamento para entender que a forma en que as autoridades do Reino Unido abordaron o problema ou o contido das medidas regulamentarias específicas que toman violaron o artigo 8, no seu aspecto positivo ou negativo. Non se pode pretender razoablemente que o Goberno británico, ó determina-lo alcance dos medios para diminuí-lo ruído das aeronaves que saen de Heathrow e alí toman terra, excedera a súa marxe de apreciación ou alterara o xusto equilibrio que esixe o artigo 8. Esta conclusión é aplicable tanto ó señor Rayner coma ó señor Powell, aínda que aquel sufrira molestias moito máis fortes que este, e aínda que a comisión estudiara coidosamente o seu caso na fase de admisibilidade da demanda.

⁵ Segundo explica a propia sentenza, o *Noise and Number Index* é unha medida ponderada a longo termo da exposición ó ruído que se utiliza no Reino Unido para apreciar as molestias que lles causa o ruído dos avións ós residentes próximos ós aeroportos. Mídese o ruído e o número de avións que o producen un día normal de verán. O *NNI* pretende expresa-las reaccións da poboación ante o nivel de ruído dos avións para servir de orientación á política de urbanismo, de ordenación do territorio e de control do ruído.

Como remedios paliativos dos niveis de contaminación acústica, a sentenza resalta que as autoridades competentes adoptaran distintas medidas para controla-lo ruído dos avións no aeroporto de Heathrow e nos seus arredores e para repara-los danos que causa, e cita as seguintes: "homologación fónica das aeronaves, restriccións dos voos nocturnos dos avións a reacción, vixilancia do ruído, introducción de itinerarios preferentes do ruído, uso alternativo das pistas, dereitos de aterraxe calculados en función do ruído, revogación da liña de helicópteros que unía Gatwick e Heathrow, programas de subvencións para illamento sónico e adquisición de fincas afectadas por estar preto do aeroporto, etc." Ademais, existe unha lei que prevé a indemnización ós propietarios de inmobles cando un edificio ou un terreo perde valor a causa do ruído dun aeroporto, pero exclúense expresamente os ruídos causados por avións.

Os afectados alegaban a violación dos dereitos ó respecto da súa vida privada e do seu domicilio (artigo 8 do convenio), e ó respecto dos seus bens (artigo 1 do Protocolo número 1). Tamén reclamaban pola vulneración do seu dereito ó acceso a un tribunal en materia civil (artigo 6.1 do convenio) e a dispoñer dun recurso efectivo ante unha xurisdicción nacional polas presuntas infraccións do convenio (artigo 13)⁶. Pero, como xa tivemos ocasión de sinalar, a resolución do tribunal non estimou que no caso concreto que se coñecía se produciran motivos suficientes para entender conculcados estes preceptos, fundamentalmente debido a que a actuación das autoridades nacionais no seu intento de palia-la situación fora suficiente.

b) O caso *López Ostra* contra o reino de España

Por contraste coa anterior sentenza, o resultado do *caso López Ostra contra o reino de España* (Sentencia do 9 de decembro de 1994) deu lugar á condena do Estado infractor, que neste caso era España. Na demanda presentábase que os problemas de saúde e ambientais creados pola inadecuada localización e funcionamento dunha estación depuradora de augas residuais (EDAR) obrigou á reclamante e á súa familia a cambia-lo seu domicilio. Disto colexía unha violación do artigo 8 do Convenio polas autoridades nacionais, ó privar do gozo efectivo pola demandante do dereito ó respecto do seu domicilio e da súa vida privada e familiar. Criticaba unha situación que se prolongara a causa da pasividade do concello e das demais autoridades competentes, aínda despois da presentación

⁶ Este artigo 13 do convenio sinala que "toda persoa cuns dereitos e liberdades recoñecidos que no presente convenio foron violados ten dereito á concesión dun recurso efectivo ante unha instancia nacional, incluso cando a violación fora cometida por persoas que actúen no exercicio das súas funcións oficiais".

da demanda ante a comisión. A pesar da paralización parcial das actividades en 1988, a EDAR continuou producindo graves molestias (fumes, ruídos repetitivos e fortes olores), facendo insoportable o réxime de vida da familia e provocando serios problemas de saúde. Apoiándose en informes médicos e periciais, a comisión concluíu que as emanacións da planta excedían o límite autorizado, que podían xerar un perigo para a saúde dos habitantes das vivendas próximas, e que podía haber un vínculo de causalidade entre as ditas emanacións e as afeccións que sufría a súa filla.

Nas instancias nacionais, a sentenza da Audiencia territorial admitiu que as molestias non constituían un perigo grave para a saúde, pero causaban un deterioro da calidade de vida dos veciños. Sen embargo, concluíase que o deterioro non era o suficientemente serio como para violar os dereitos fundamentais recoñecidos na Constitución.

O TEDH considerou que os interesados sufriron durante máis de tres anos as molestias causadas pola EDAR antes de mudarse. Fixérono cando pareceu que a situación se ía prolongar indefinidamente e por prescrición do pediatra da filla. En relación con todo isto, a sentenza do Tribunal europeo de dereitos humanos sinala que “nin que dicir ten que os atentados graves ó medio natural poden afectar ó benestar dunha persoa e privala de gozar do seu domicilio, prexudicando a súa vida privada e familiar, sen por isto poñer en grave perigo a saúde da interesada. (...) Hai que ter en conta o xusto equilibrio entre os intereses concorrentes do individuo e da sociedade no seu conxunto, gozando o Estado en calquera das hipóteses dunha certa marxe de apreciación. Ademais, incluso para as obrigas positivas que resultan da alínea 1 (do artigo 8), os obxectivos enumerados na alínea 2 (do artigo 8) poden xogar un certo papel na busca do equilibrio desexado”⁷. No caso concreto que se coñece non se soubo “manter un xusto equilibrio entre o interese do benestar económico da cidade de Lorca –o de dispoñer dunha planta depuradora– e o gozo efectivo pola demandante do dereito ó respecto do seu domicilio e da súa vida privada e familiar”, polo que houbo violación do artigo 8.

c) O caso *Guerra e outra contra Italia*

A Sentencia do 19 de febreiro de 1998, relativa a este caso, tivo por obxecto os graves prexuízos ocasionados pola presenza dunha fábrica química (*Enichen*) en Manfredonia (Foggia). A súa produción era considerada de alto risco, en aplicación do decreto italiano que traspuxera a Directiva 82/501/CEE, relativa ós riscos de accidentes graves en activida-

⁷ Para apoiar esta manifestación, a sentenza remite ás sentencias *Rees* contra o Reino Unido, do 17 de outubro de 1986, e *Powell e Rayner* contra o Reino Unido, do 21 de febreiro de 1990, que acabamos de examinar.

des industriais perigosas para o medio natural e o benestar da poboación. Debido á situación xeográfica da fábrica, as emisións de substancias na atmosfera eran a miúdo canalizadas cara á vila. As instalacións de tratamento de fumes eran insuficientes e o estudio de impacto ambiental era incompleto.

Ademais, un incidente na fábrica liberara grandes cantidades de gas inflamable, anhídrido sulfúrico, óxido de nitróxeno, sodio, amoníaco, hidróxeno metálico, ácido benzoico e, sobre todo, anhídrido arsénico. Tamén produciran outros accidentes. O máis grave foi o do 26 de setembro de 1976, producido a raíz da explosión da torre de lavado de gases de síntese de amoníaco, como consecuencia do cal 150 persoas tiveron que ser hospitalizadas por intoxicación aguda de arsénico.

Na primeira fase da reclamación, ante a Comisión, os promotores queixábanse de que as autoridades públicas non adoptaban as medidas adecuadas para diminuí-la contaminación da fábrica química e evitar riscos de accidentes graves, polo que se estaba vulnerando o seu dereito de respecto á súa vida e á súa integridade física garantida polo artigo 2 do convenio. Tamén denunciaban que o Estado italiano non adoptaba medidas apropiadas de información acerca dos riscos nos que se incorría e os comportamentos que debían adoptar en caso de accidente grave previstos no decreto de transposición da Directiva 82/501/CEE, polo que colexía que se estaba conculcando o dereito á liberdade de información consagrado no art. 10 do convenio. Posteriormente, xa ante o tribunal, os demandantes invocaron tamén o artigo 8⁸.

Finalmente, o TEDH admitiu que podía considera-la fundamentación da sentenza, se fora preciso, no disposto no artigo 8 do convenio (*iura novit curia*). Polo tanto, aínda que os artigos 8 e 2 non figuraban expresados na demanda e nas memorias ante a comisión, estes preceptos presentan unha conexión manifesta coa argumentación xeral, fundamentalmente a carencia de información. Esta circunstancia podía afectar negativamente ás persoas que residían preto da fábrica, e podía ter repercusións sobre a vida privada e familiar e a súa integridade física. Por isto, "o tribunal estima poder situarse no terreo dos artigos 8 e 2 do convenio, por riba do artigo 10"⁹. E finalmente conclúe admitindo a posibilidade dunha incidencia directa das emisións nocivas sobre o dereito dos demandantes ó respecto da súa vida privada e familiar¹⁰.

⁸ En certa maneira esta argumentación engadida puido ser froito das consideracións dalgún membro da comisión, que puxeron de relevo un posible enfoque do caso desde a óptica da protección do dereito recollido no artigo 8 do convenio.

⁹ Punto 46 da sentenza.

¹⁰ Por isto, no punto 57 *in fine* da sentenza fálase de *aplicabilidade* (como posibilidade) do artigo 8 do convenio.

Aínda que os demandantes non sufriran unha inxerencia do Estado na súa vida privada ou familiar, posto que se queixaban da súa inactividade, a protección dispensada polo artigo 8 non acaba na interdicción de tales inxerencias. As previsións do convenio non se contentan con evita-las inxerencias directas, senón que engaden obrigas positivas inherentes a un respecto efectivo da vida privada ou familiar. Por isto, débese indagar se as autoridades adoptaron as medidas necesarias para asegurar a protección efectiva do dereito dos interesados ó respecto da súa vida privada e familiar garantido polo artigo 8.

Como xa se sinalara na Sentencia *López Ostra*, os atentados graves ó medio natural poden afectar ó benestar das persoas e privalas de gozar do seu domicilio de maneira que prexudiquen a súa vida privada e familiar. E “no presente caso, os demandantes quedaron, (...) á espera de informacións esenciais que lles permitiran avalia-los riscos que se podían derivar para eles e para os seus achegados polo feito de continuar residindo no territorio de Manfredonia, un pobo igualmente exposto ó perigo no caso de accidente no recinto da fábrica”¹¹. Por isto, conclúe que o Estado fracasou na súa obriga de garanti-lo dereito dos demandantes á súa vida privada e familiar, ignorando o artigo 8 do convenio.

Polo que se refire á posible conculcación do dereito á vida, garantido no artigo 2 do convenio¹², o tribunal non estima necesario examinalo asunto tamén desde a dita perspectiva, ó considerar suficiente o enfoque desde o artigo 8. Sen embargo, nesta consideración non existiu unanimidade, posto que algún maxistrado considerou que chegara o momento de que a xurisprudencia do ETD evolucionara respecto do dereito á vida, e “desenvolva os dereitos que se derivan por implicación, defina as situacións que implican un risco real e grave para a vida ou os diferentes aspectos do dereito á vida.”¹³

¹¹ Punto 60 da sentenza.

¹² O artigo 2 do convenio preceptúa o seguinte: “1. O dereito de toda persoa á vida está protexido por lei. Ninguén poderá ser privado da súa vida intencionadamente, salvo en execución dunha condena que imponha pena capital dictada por un tribunal ó reo dun delito para o que a lei establece esa pena. 2. A morte non se considerará inflixida coa infracción do presente artigo cando se produza como consecuencia dun recurso á forza que sexa absolutamente necesario: a) En defensa dunha persoa contra unha agresión ilexítima. b) Para deter a unha persoa conforme ó dereito ou para impedi-la evasión dun preso ou detido legalmente. c) Para reprimir, de acordo coa lei, unha revolta ou insurrección”.

¹³ Na opinión concordante do xuíz JAMBREK recóllense certas puntualizacións en relación á aplicación do artigo 2 ó presente caso. Sinala o xuíz JAMBREK que “na miña opinión, a protección da saúde e da integridade física está tamén estreitamente relacionada tanto co «dereito á vida» como co «respecto á vida privada e familiar». Podería facer un paralelismo coa xurisprudencia do tribunal relativa ó artigo 3 no que respecta á existencia de «consecuencias previsibles» cando, *mutatis mutandis*, hai serios

Como conclusión, a sentenza acaba condenando o Estado demandado ó pagamento dunha indemnización polo dano moral sufrido.

d) Caso *Halton e outros* contra o Reino Unido

A través deste caso (Sentencia do 2 de outubro de 2001), o TEDH enfrontouse de novo ás consecuencias prexudiciais do ruído que sofren os cidadáns habitantes dos núcleos próximos ó aeroporto de Heathrow, en Londres. Sen embargo, nesta resolución o tribunal conclúe en sentido contrario ó caso *Powell e Rainer* contra o Reino Unido, pois en 2001 decídese condenar ás autoridades británicas. Chegouse á conclusión de que non se esgotaran tódalas medidas posibles para face-la lesión menos gravosa. Aínda recoñecendo a presenza de intereses lexítimos contrapostos, como son, por un lado, os intereses económicos da sociedade, e, por outro, o deleite da vida privada e familiar dos cidadáns que viven nas proximidades do aeroporto, a limitación deste último dereito fundamental só sería xustificable cando se esgotaran as medidas paliativas, circunstancia que non se puido apreciar no presente caso. Por isto, condenouse ó Goberno británico ó pagamento dunha indemnización de 4.000 libras a cada un dos recorrentes en concepto de danos morais. As medidas aplicadas non se podían considerar suficientes, posto que, en palabras de Álvarez-Cienfuegos Suárez, non se produciu “un serio esforzo para avaliarlo alcance ou o impacto das interferencias que os recorrentes padecen no sono”. Tampouco se dera “un estudio completo que axude a atopar a solución menos onerosa para os dereitos humanos, e non é posible admitir que co argumento da defensa dos intereses económicos do país se poidan lesiona-los dereitos humanos”¹⁴.

motivos para crer que a persoa afectada corre un risco real de atoparse en circunstancias que poñen en perigo a súa saúde e a súa integridade física e, por conseguinte, o seu dereito á vida, que está protexido pola lei. Cando un goberno se abstén de comunicar informacións en relación a situacións que podemos prever, apoiándose en motivos serios, que presentan un perigo real para a saúde e a integridade física das persoas, unha situación deste tipo podería tamén contar coa protección do artigo 2, segundo o cal «Ninguén poderá ser privado da súa vida intencionadamente». É posible, polo tanto, que chegara o momento de que a xurisprudencia do tribunal respecto do artigo 2 (dereito á vida) evolucione, desenvolva os dereitos que se derivan por implicación, defina as situacións que implican un risco real e grave para a vida ou os diferentes aspectos do dereito á vida. O artigo 2 parece aplicable ó caso, na medida en que 150 persoas foron levadas ó hospital por envelenamento grave de arsénico. Dado que foran vítimas do escape á atmosfera de substancias nocivas, as actividades da fábrica constitúen «riscos de accidentes graves perigosos para o medio natural».

¹⁴ ÁLVAREZ-CIENFUEGOS SUÁREZ, J.M., “La intimidad y el domicilio ante la contaminación acústica: nuevas perspectivas de los derechos fundamentales”, en *El Consultor* nº 13, Madrid, 2002.

3. A xurisprudencia constitucional

Este punto de vista foi xa recibido na xurisprudencia do noso Tribunal Constitucional, en concreto na Sentencia 119/2001, do 24 de maio, que sinala que “unha exposición prolongada a uns determinados niveis de ruído, que poidan obxectivamente cualificarse como evitables e insupportables, debe merecelle a protección dispensada ó dereito fundamental á intimidade persoal e familiar, no ámbito domiciliario, na medida en que impidan ou dificulten gravemente o libre desenvolvemento da personalidade, sempre e cando a lesión ou menoscabo proveña de actos ou omisións de entes públicos ós que sexa imputable a lesión producida.”¹⁵

O recurso de amparo correspondente ten súa orixe nunha reclamación de indemnización dirixida ó concello de Valencia. Alegábase que o ente local non actuara diligentemente en defensa dos dereitos e intereses lexítimos de numerosos veciños afectados gravemente pola contaminación acústica dunha zona da cidade. Considerábase responsable a Administración municipal porque esta non facía uso das potestades que o ordenamento xurídico lle confire para preservar os dereitos e intereses mencionados, co que se estaban prexudicando determinados dereitos fundamentais, como o dereito á vida, á saúde, á intimidade persoal e familiar e á inviolabilidade do domicilio (artigos 15 e 18. 1 e 2 da CE). A reclamante víase afectada polos ruídos procedentes tanto do ambiente xeral (zona acusticamente contaminada) como da discoteca situada nos

¹⁵ Fundamento xurídico 6°. Este mesmo fundamento tamén sinala que “debemos emprender a nosa análise recordando a posible afección ó dereito á integridade física e moral. A este respecto, temos que convir que, cando a exposición continuada a uns niveis intensos de ruído poña en grave perigo a saúde das persoas, esta situación poderá implicar unha vulneración do dereito á integridade física e moral (artigo 15 CE). En efecto, se ben é certo que non todo suposto de risco ou dano para a saúde implica unha vulneración do artigo 15 CE, sen embargo cando os niveis de saturación acústica que deba soportar unha persoa, a consecuencia dunha acción ou omisión dos poderes públicos, rebasen a marxe a partir da cal se poña en perigo grave e inmediato a saúde, poderá quedar afectado o dereito garantido no artigo 15 CE.

Respecto ós dereitos do artigo 18 CE, debemos poñer de manifesto que en tanto o artigo 8.1 CEDH reconece o dereito de toda persoa «ó respecto da súa vida privada e familiar, do seu domicilio e da súa correspondencia», o artigo 18 CE dota de entidade propia e diferenciada ós dereitos fundamentais á intimidade persoal e familiar (artigo 18.1) e á inviolabilidade do domicilio (artigo 18.2). Respecto do primeiro destes dereitos fundamentais xa advertimos no anterior fundamento xurídico que este tribunal precisou que o seu obxecto fai referencia a un ámbito da vida das persoas excluído tanto do coñecemento alleo coma das intromisións de terceiros, e que a delimitación deste ámbito se fará en función do libre desenvolvemento da personalidade. De acordo con este criterio, conviremos en que un dos ditos ámbitos é o domiciliario por ser aquel no que os individuos, libres de toda suxeición ós usos e convencións sociais, exercen a súa liberdade máis íntima (Sentencia do Tribunal Constitucional 22/1984, do 17 de febreiro, F.5; 137/1985, do 17 de outubro, F. 2, e 94/1999, do 31 de maio, F.5)”.

baixos do edificio no que reside. Todo isto ocasionoulle insomnio e forzou á realización de reformas na súa casa.

Ante a ausencia de resposta expresa do Concello de Valencia, a interesada recorreu ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade valenciana pola vía do procedemento especial para a protección dos dereitos fundamentais. Argumentábase que a Administración municipal deixou clara a súa actitude pasiva ante as diferentes reclamacións nas que se puña de manifesto a transmisión de ruídos por riba do permitido na regulamentación sobre a materia e o incumprimento dos horarios. O concello non respondeu ás diferentes denuncias que promoveu, como tampouco o fixo coa reclamación de responsabilidade que era obxecto de impugnación agora.

A sentenza do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade valenciana desestimou o recurso por entender que a resposta presunta á reclamación non vulneraba os artigos 15 e 18. 1 e 2 da CE (Sentencia do 21 de xullo de 1998). Arguméntase que os niveis de ruído transmitido (35 e 37 dB(A)) non eran suficientes para que se predicaran uns efectos que vulneren os dereitos constitucionais mencionados, e que non se acreditaba que o insomnio tivera a súa causa na inactividade do concello. Polo tanto, concluíase que non se probara o alegado pola recorrente.

Ante esta resolución, a interesada promoveu ante o Tribunal Constitucional o recurso de amparo correspondente. Na Sentencia 119/2001, o Alto Tribunal centra a súa análise nunha posible vulneración do dereito á vida (artigo 15 CE), e do dereito á intimidade persoal e familiar e á inviolabilidade do domicilio (artigo 18. 1 e 2 CE). Para isto comeza sentando a premisa de que hoxe se fai imprescindible asegurar-la ausencia non só das inxerencias clásicas, senón tamén as que proveñen "dos riscos que poden xurdir nunha sociedade tecnoloxicamente avanzada"¹⁶.

A posición do Ministerio Fiscal resultou premonitoria. Alegou que "a inviolabilidade do domicilio podería quedar afectada se o medio natural circundante fai imposible a vida no seu interior"¹⁷, apoiándose na doutrina do Tribunal europeo de dereitos humanos (casos *López Ostra* contra España e X e Y contra Holanda), polo que solicita unha "ampliación do concepto constitucional de domicilio"¹⁸. Polo tanto, entende que se debe conceder ó abeiro desde o momento en que quedan directamente afectados determinados dereitos fundamentais e acreditouse o prexuízo da calidade de vida dos veciños. Ademais, deduce un traslado da carga da proba sobre a concreta afección a domicilio da demandante á Adminis-

¹⁶ Fundamento xurídico 5º.

¹⁷ Antecedente 10.

¹⁸ Antecedente 10.

tración demandada. E conclúe propoñendo a estimación do recurso de amparo por infracción do artigo 18 CE, pero non do artigo 15 CE, "pois a intensidade do deterioro non parece ter posto en perigo os dereitos fundamentais proclamados neste precepto"¹⁹. Finalmente, apuntou a conveniencia de que o Tribunal Constitucional presente a posibilidade de outorgar indemnizacións pecuniarias cando estas sirvan como medio reparador do dereito fundamental vulnerado, pero non no caso concreto que se coñece, pois "a propia recorrente subliñou o carácter puramente simbólico da indemnización que reclama"²⁰.

En relación co dereito fundamental á integridade física e moral (artigo 15 CE), o tribunal sinala²¹ que "o seu ámbito constitucionalmente garantido protexe «a inviolabilidade da persoa, non só contra ataques dirixidos a lesionalo seu corpo ou espírito, senón tamén contra toda clase de intervención nesas bens que careza do consentimento do seu titular» (sentencias do Tribunal Constitucional 120/1990, do 27 de xuño, F. 8; 215/1994, do 14 de xullo, F. 4; 35/1996, do 11 de marzo, F. 3, e 207/1996, do 15 de decembro, F. 2)". Pola súa parte, o dereito á intimidade persoal e familiar (artigo 18. 1 CE) "ten por obxecto a protección dun ámbito reservado da vida das persoas excluído do coñecemento de terceiros, sexan estes poderes públicos ou particulares, en contra da súa vontade (por todas, sentencias do Tribunal Constitucional 144/1999, do 22 de xullo, F. 8, e 292/2000, do 30 de novembro, F. 6). Igualmente, puxemos de relevo que este dereito fundamental está estrictamente vinculado á propia personalidade e deriva, sen ningún xénero de dúbidas, da dignidade da persoa que o artigo 10.1 CE reconece (Sentencia do Tribunal Constitucional 202/1999, do 8 de novembro, F. 2 e as resolucións alí citadas), e implica «a existencia dun ámbito propio e reservado fronte á acción e ó coñecemento dos demais, necesario, segundo as pautas da nosa cultura, para manter unha calidade mínima da vida humana» (Sentencia do Tribunal Constitucional 186/2000, do 10 de xullo, F. 5)". Ademais, o Alto Tribunal definiu o *domicilio inviolable* como "o espacio no cal o individuo vive sen estar suxeito necesariamente ós usos e convencións sociais e onde exerce a súa liberdade máis íntima [por todas, Sentencia do Tribunal Constitucional 171/1999, do 27 de setembro, F. 9 b)]", do que se deduce que o seu obxecto de protección é "tanto o espacio físico en si mesmo coma tamén o que nel hai de emanación da persoa que o habita (22/1984, do 17 de febreiro, F. 5)".

Posteriormente o razoamento pasa a describi-las negativas repercusións que o ruído pode ter nos dereitos definidos. Pode "chegar a repre-

¹⁹ Antecedente 10.

²⁰ Antecedente 10.

²¹ Fundamento xurídico 5º.

sentar un factor psicopatóxeno destacado no seo da nosa sociedade e unha fonte permanente de perturbación da calidade de vida dos cidadáns”²². Para acreditalo remítese ás conclusións “da Organización Mundial da Saúde sobre o ruído ambiental, cun valor que como referencia científica non é preciso resaltar. Nelas pónense de manifesto as consecuencias que a exposición prolongada a un nivel elevado de ruidos ten sobre a saúde das persoas (*v. gr.* deficiencias auditivas, aparicións de dificultades de comprensión oral, perturbación do sono, neurose, hipertensión e isquemia), así coma sobre a súa conducta social (en particular, redución dos comportamentos solidarios e incremento das tendencias agresivas)”²³. E disto deduce que “procede examinar (...) a posible incidencia que o ruído ten sobre a integridade real e efectiva dos dereitos fundamentais que antes acoutamos, discernindo o que estrictamente lles afecta ós dereitos fundamentais protexibles en amparo daqueles outros valores e dereitos constitucionais que teñen a súa canle adecuada de protección por vías distintas”²⁴.

Polo tanto, á marxe do resultado particular do caso que se coñece, que loxicamente virá condicionado por moi variados factores, o Tribunal Constitucional reconece a potencial aplicación dos preceptos garantidores de dereitos fundamentais para articula-la defensa de agresións contra o medio natural, que anteriormente só prexudicaban, dicíase, dereitos doutra natureza, coma os consagrados nos artigos 43 ou 45 CE. A fronteira para que esta aplicación se faga efectiva determinarase en función da gravidade dos danos sufridos, ou, como sinala a propia sentenza, “en determinados casos de especial gravidade, certos danos ambientais, aínda cando non poñan en perigo a saúde das persoas, poden atentar contra o seu dereito ó respecto da súa vida privada e familiar, privándoa de gozar do seu domicilio”²⁵.

A gravidade que se predica en termos xerais prodúcese en relación co dereito á integridade “cando a exposición continuada a uns niveis intensos de ruído poña en grave perigo a saúde das persoas (...). En efecto, se ben é certo que non todo suposto de risco ou dano para a saúde implica unha vulneración do artigo 15 CE, sen embargo cando os niveis de saturación acústica que deba soportar unha persoa, a consecuencia dunha acción ou omisión dos poderes públicos, rebasen o límite a partir do cal se poña en perigo grave e inmediato a saúde, poderá quedar afectado o dereito garantido no artigo 15 CE.”²⁶

²² Fundamento xurídico 5º.

²³ Fundamento xurídico 5º.

²⁴ Fundamento xurídico 5º.

²⁵ Fundamento xurídico 6º.

²⁶ Fundamento xurídico 6º.

Con respecto ó dereito recollido no artigo 18.1 CE, “unha exposición prolongada a uns determinados niveis de ruído, que poidan obxectivamente cualificarse como evitables e insoportables, debe merecelle a protección dispensada ó dereito fundamental á intimidade persoal e familiar, no ámbito domiciliario, na medida en que impidan ou dificulten gravemente o libre desenvolvemento da personalidade, sempre e cando a lesión ou menoscabo proveña de actos ou omisións de entes públicos ós que sexa imputable a lesión producida”²⁷.

Despois de establecer as premisas examinadas, o tribunal conclúe que, no caso examinado, os ruídos non tiveron entidade suficiente para poder concluí-la presenza dunha vulneración dos dereitos fundamentais recoñecidos nos artigos 15 e 18 da Constitución. Ou, por mellor dicio, que a actora non acreditara a intensidade requirida desde o momento en que non achegara proba suficiente relativa á intensidade do ruído, como tampouco acreditara que os seus problemas de saúde se derivaran do ruído.²⁸

A propia sentenza preocúpase de sinalar que con ela se recolle a liña xurisprudencial xa consolidada no Tribunal europeo de dereitos humanos, establecida en decisións tales coma a do *caso Powell e Rayner contra o Reino Unido* (Sentencia do 21-2-1990), o *caso López Ostra contra o Reino de España* (Sentencia 9-12-1994) ou o *caso Guerra e outra contra Italia* (Sentencia do 19-2-1998)²⁹. A través deste novidoso criterio relaciónanse as

²⁷ Fundamento xurídico 6º.

²⁸ Sinala o fundamento xurídico 7º que “sostén (a interesada) que o nivel de ruídos soportados de maneira constante ocasionoulle unha situación de insomnio. Sen embargo, sen necesidade de entrar noutras consideracións, abonde con sinalar que para acreditar este extremo a recorrente unicamente achegou no proceso contencioso-administrativo previo, un parte de hospitalización e consulta expedido por unha facultativa do Servicio Valenciano de Salud onde nin se precisa o lapso temporal ó longo do cal a afectada padeceu esa disfunción do sono nin se consigna coma causa do dito padecemento o ruído que a demandante de amparo afirma ter soportado, polo que este tribunal, no exercicio da súa función de garante último dos dereitos fundamentais, non pode establecer unha relación directa entre un ruído, cunha intensidade que nin tan sequera se acreditou, e a lesión á saúde que sufriu”. E continúa sinalando que “non acreditou a recorrente ningunha medición dos ruídos padecidos na súa vivenda que permita concluír que, polo seu carácter prolongado e insoportable, puideran afectar ó dereito fundamental para unha preservación que solicita ó amparo. Pola contra, toda a súa argumentación baséase nunha serie de estudos sonométricos realizados en lugares distintos do seu domicilio, que mostran resultados diversos e ata contradictorios”.

²⁹ Fundamento xurídico 5º. Nel sinalase que “tendo en conta que o noso texto constitucional non consagra dereitos meramente teóricos ou ilusorios, senón reais e efectivos (Sentencia do Tribunal Constitucional 12/1994, do 17 de xaneiro, F. 6), faise imprescindible asegurar a súa protección non só fronte ás inxerencias xa mencionadas, senón tamén fronte ós riscos que poidan xurdir nunha sociedade tecnoloxicamente

agresións ambientais cos dereitos clásicos ou da *primeira xeración* dos dereitos fundamentais, e que, polo tanto, contan cunha tradición interpretativa moito máis extensa cá doutros dereitos igualmente esixibles, coma o dereito ó medio natural adecuado ou á calidade de vida (artigo 45 da CE), que polas súas particularidades, ó tratarse de principios rectores da política social e económica, non contan coa mesma operatividade.

A sentenza citada representa un verdadeiro avance no tratamento do problema do ruído, posto que parte da consideración de que as inmiisións por ruídos, ademais de atentados contra o dereito a un medio natural adecuado e á calidade de vida (artigo 45 da Constitución), supoñen verdadeiras conculcacións dalgúns dos dereitos fundamentais recollidos na sección 1ª do capítulo 2º do título 1º da Constitución, é dicir, de dereitos fundamentais protexidos co nivel máximo que prevé o Texto fundamental. Con isto estase recoñecendo a virtualidade dunha defensa xurisdiccional reforzada ante unha agresión deste tipo, en concreto pola vía do recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional, ou tamén a través do procedemento especial caracterizado pola preferencia e a sumariedade, regulado no artigo 53 da Constitución.³⁰

Ó tempo que se relaciona con verdadeiros dereitos fundamentais, a loita contra o ruído mantén unha conexión evidente con outro dereito constitucional, aínda que de diferente categoría, como é o dereito a un medio natural adecuado. Esta evidencia resáltase na Sentencia do Tribunal Supremo do 7 de novembro de 1990, onde, co fin de examinala procedencia dunha licenza de actividade concedida a un *pub* e condicionada á ausencia de altofalantes no exterior, sinala que “o dereito dos veciños a gozar dun medio natural adecuado é un dereito constitucional e deben velar polo seu respecto –e para isto comina a Constitución– os poderes públicos (artigo 45)».

A conexión entre a preservación dun ambiente non contaminado acusticamente e os dereitos consagrados ó máis alto nivel na Constitución, sexan fundamentais ou non, é unha circunstancia que os defensores do pobo adoitan resaltar nos seus informes sobre a materia, como é o caso do Informe do *valedor do pobo* de 2000, onde se sinala que “non podemos deixar de recordar que coa proliferación de supostos certamente graves de contaminación acústica se veñen conculcando verdadeiros dereitos constitucionais protexidos ó máis alto nivel. Estes son o dereito á integridade

avanzada. A esta nova realidade foi sensible a xurisprudencia do Tribunal europeo de dereitos humanos, como se reflicte nas sentencias do 21 de febreiro de 1990, caso Powell e Rayner contra Reino Unido; do 9 de decembro de 1994, caso López Ostra contra Reino de España, e do 19 de febreiro de 1998, caso Guerra e outros contra Italia”.

³⁰ Informe Anual do *valedor do pobo* de 2001, Ed. Valedor do Pobo, Santiago de Compostela, 2002, páx. 201.

física e moral (artigo 15), ou dereito á intimidade persoal e familiar e á inviolabilidade do domicilio (artigo 18, 1 e 2), o dereito á calidade de vida e ó medio natural adecuado (artigo 45), e o dereito á protección da saúde (artigo 43), todos estes compendiados no dereito ó descanso no propio domicilio sen que se produzan inmisións ilexítimas³¹.


Como sinala Canosa Usera, a sentenza do Tribunal Constitucional supón unha ampliación do ámbito dos dereitos fundamentais recoñecidos a través dos artigos 15 e 18.1 e 2 CE, que agora se trasladan tamén ó ámbito ambiental. "Non habería alteración na concepción mesma dos dereitos, (...) senón unha extensión dos perigos para eses dereitos que adquiriron relevancia constitucional e fronte ós cales o dereito se debe protexer (...). O Tribunal Constitucional alerta de que non ofrecer tutela fronte a tales danos, implicaría, en certos casos, a redución das proclamações constitucionais destes dereitos a meras afirmacións retóricas. Evita-lo seu desposuímento esixe, pois, reorienta-la protección e bríndala fronte a danos ambientais. (...) Aínda que non expresado claramente na sentenza, pero deducible da aceptación da doutrina do Tribunal europeo de dereitos humanos, os potenciais danos ambientais poden provir non só do ruído senón doutros factores contaminantes, tal e coma no citado caso López Ostra proviñan dos malos olores. Polos seus potenciais efectos expansivos, a formulación xeral verbo das eventuais lesións ambientais dos dereitos fundamentais, que nesta sentenza realiza o Tribunal Constitucional, resulta sumamente suxestiva."³²

Á vista de todo isto, Canosa Usera conclúe que trala Sentencia 119/2001 do Tribunal Constitucional, determinados fragmentos do dereito ó medio natural adecuado poden solicita-la tutela en vía de amparo. "En realidade o Tribunal Constitucional, ó tempo que amplía o radio de protección de dereitos de liberdade fronte a danos ambientais, constrúe xurisprudencialmente contidos do dereito a gozar do medio natural. Prodúcese un solapamento entre os contidos deste dereito e os de certos dereitos de liberdade. (...) Non hai sobrepaso (do dereito a un medio natural adecuado) senón unha xustaposición, inevitable pola propia índole expansiva do ambiental, entre os contidos dun e doutros dereitos. O propio das pretensións ambientais articulables ante os tribunais é que poden, con frecuencia, enmascararse trala invocación doutro dereito ou interese lexítimo. Este velamento da pretensión ambiental ex-

³¹ *Informe Anual do valedor do pobo* de 2000, Ed. Valedor do Pobo, Santiago de Compostela, 2001, páx.183.

³² CANOSA USERA, R., "Pretensiones ambientales en amparo constitucional. Comentario a la STC 11/2001, de 24 de mayo", en *Teoría y Realidad Constitucional*, números 10-11, 2º semestre 2002, 1º semestre 2003, Ed. Universidad Nacional de Educación a Distancia, Madrid, páxs. 705-706.

plícase pola pobre tutela que ó dereito ó ambiente lle brinda o noso ordenamento. Deste xeito, as pretensións ambientais buscan encarreirarse por vías máis enérxicas de tutela. (...) Se (esta doutrina) pode prosperar, é porque hai unha conexión material razoable e non atrabiliaria entre os contidos do dereito a gozar do medio natural e os dereitos de protección reforzada”³³.

Ademais de resultar de singular importancia, a Sentencia 119/2001 representa un espectacular cambio na liña xurisprudencial ata entón seguida polo Tribunal Constitucional³⁴. Aínda que se trataba dun recurso de amparo, a sentenza foi coñecida polo Pleno do Alto Tribunal a proposta do seu presidente, precisamente ante a evidencia da radical modificación que suporía a súa aprobación. Anteriormente, a xurisprudencia do Tribunal Constitucional decantábase por excluí-la aplicabilidade dos preceptos constitucionais reguladores de dereitos protexidos especialmente ou dereitos fundamentais, como o relativo á integridade moral ou psíquica (artigo 15 CE) ou o que protexe a intimidade persoal ou familiar (artigo 18.1 CE). Como sinala Canosa Usera, “o Tribunal Constitucional modifica, inverte sería mellor dicir, a súa opinión mediante a invocación, *ex* artigo 10.2 CE, da doutrina do TEDH que xustamente se orixinou en reacción contra aquela inadmisión do amparo no caso López Ostra. O noso Alto Tribunal agora asume a doutrina internacional que involuntariamente propiciou”³⁵. Efectivamente, o Tribunal Constitucional tivera oportunidade de pronunciarse sobre un suposto de prexuízos ocasionados pola contaminación que tivera ocasión de examinar cando tratamos a xurisprudencia do TEDH: o caso *López Ostra* contra España. Naquela ocasión a súa conclusión fora contraria á que agora se impón a través da Sentencia 119/2001. Entón o recurso de amparo promovido declarouse inadmisíbel por falta manifesta de fundamento. No correspondente auto, o Alto Tribunal concluíu que a presenza de fumes, olores e ruídos non constituía violación do dereito á inviolabilidade do domicilio; que tampouco se daba violación do dereito á vida e á integridade física, pois estas non se encontraban en perigo como consecuencia da negativa a cerra-la instalación xeradora das molestias; e, por último, que non se producira violación do dereito a elixi-lo domicilio desde o momento en que non se expulsaran os moradores da vivenda. 

³³ CANOSA USERA, R., *op. cit.*, páx. 714.

³⁴ Neste sentido R. CANOSA USERA sinala que se trata dun “espectacular cambio na doutrina do Tribunal Constitucional” (título da alínea I), en *op. cit.*, páx. 697.

³⁵ CANOSA USERA, R., *op. cit.*, páx. 698.



XURISPRUDENCIA

A FISCALIZACIÓN XUDICIAL DO OUTORGAMENTO DE INDULTO

(SENTENCIA DO TRIBUNAL SUPREMO DO 27 DE MAIO
DE 2003, SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO,
SECCIÓN 6ª; RELATOR EXMO. SR. D. SANTIAGO
MARTÍNEZ-VARES GARCÍA) (II)

Pablo González Mariñas

Profesor titular de dereito administrativo
da Universidade de Santiago de Compostela

Nesta mesma sección do número anterior da REGAP, efectuábase un comentario sobre a sentenza do Tribunal Supremo do 11 de decembro de 2002, sobre as posibilidades de fiscalización xudicial do outorgamento de indultos polo Goberno. Tratábase, nese caso, dun indulto non «puro», isto é, non arbitrado sobre o simple perdón e sen outros condicionantes, senón posto en marcha polos mesmos xuíces: suxerido pola propia sentenza como medio para lograr verdadeira xustiza dadas as dilacións indebidas que o condenado tivera que sufrir no proceso e que dalgún modo debían ser «compensadas» en opinión do Tribunal Sentenciador. Un suposto certamente interesante, xa que, de mantense, como o Tribunal Supremo fixo, un criterio de estricta imposibilidade de fiscalización xudicial da esencia ou núcleo do acto dada a súa natureza «política», frustraríase en boa medida a xustiza material, e deixaría o tema un resaibo amargo de pervivencia inxustificada do acto político incluso no tocante ós dereitos fundamentais (artigo 2, a da LXC de 1998).

Tráese, neste caso, a comentario unha nova sentenza do Tribunal Supremo (27 de maio de 2003; Sala do contencioso administrativo, sec-

ción 6ª, relator Sr. Martínez-Vares García), que afronta de novo o tema do dereito de gracia. Neste suposto, a resolución aborda a análise de boa parte das cuestións insitas no control xudicial deste tipo de actos (a súa virtualidade e alcance), así coma a distinción, para os efectos de posibilidade de impugnación da denegación, respecto doutros procedementos afíns e dereito aplicable, e todo isto sen refuxiarse o tribunal no sempre drástico e fácil arbitrio da inadmisibilidade por falta de xurisdicción.

Fronte á denegación polo Consello de Ministros (Acordo do 17 de marzo de 2000) do indulto pedido, o recorrente solicitoulle á sala que declarase nulas as actuacións previas e o referido acordo en razón, fundamentalmente, de falta de motivación (con vulneración do disposto no artigo 54 da LRX-PAC), aínda que denunciando, ó tempo, defectos formais na tramitación do procedemento xeradores, na súa opinión, de indefensión: dunha parte, a falsidade de varios folios do expediente e, doutra, no que máis importa, a nulidade do informe do Tribunal Sentenciador, que non recolleu a recomendación do Tribunal Supremo (ó resolve-lo recurso de casación interposto e desestimado) de proceder, dadas as dilacións indebidas producidas no proceso, a un indulto parcial, considerado a única forma de «reparación» xusta daquelas.

Pola súa parte, a Avogacía do Estado pretendeu a inadmisibilidade do proceso por «non ser axuizable polo tribunal o exercicio do dereito de gracia que se lle reserva ó rei» ou, no seu caso e subsidiariamente, «para o suposto de que se estime que se trata dun acto político», a sala limitárase a controla-los «elementos regulados do acto e determinar se se cumpríu ou non o establecido en canto ó procedemento», considerando ademais que non é aplicable ó caso a LRX-PAC.

Na súa sentenza, o Tribunal Supremo avanza na súa doutrina respecto do control deste tipo de actos, sobre todo se se compara coa sentenza comentada no número anterior da REGAP (STS do 11 de decembro de 2002). Nesta, o Tribunal Supremo ancorábase na posición máis inflexible respecto do control da discrecionalidade, e inadmitiu o recurso, polo seu carácter de acto político e xustificando a súa falta de motivación, a pesar de que, de terse cumprido en rigor, poderíanse deducir dela importantes elementos regulados do acto inequivocamente susceptibles de fiscalización. A sentenza que agora se comentou admite o recurso e entra en substanciosas valoracións do suposto. Cousa distinta é que, aínda así, resulte plenamente satisfactoria, que non é o caso. Son importantes na argumentación as seguintes afirmacións:

1º. «O exercicio do dereito da gracia de indulto correspóndelle ó Consello de Ministros que poderá outorgar ou denega-la súa concesión, e é esa decisión residenciábel para o seu control ante os tribunais de xustiza e, en concreto, ante esta Sala do Tribunal Supremo».

2º. Este dereito da gracia de indulto «nada ten que ver co dereito de petición, dereito fundamental recoñecido polo artigo 29 da Constitución». Afirma o Tribunal Supremo que, en razón do disposto na Lei orgánica 4/2001, do 12 de novembro, non son obxecto do dereito de petición aquelas solicitudes, queixas ou suxestións que, para a súa satisfacción, o ordenamento xurídico estableza un procedemento específico distinto ó regulado na dita lei; tal é o caso do exercicio do dereito da gracia de indulto que, contando con regulación propia e específica, queda por tanto excluído.

3º. Con base expresa nos artigos 26 da Lei do Goberno e 2 da Lei da xurisdicción, a sala reafirma as posibilidades de control dos actos propios do Goberno «cando actúa como tal e non como Administración pública», supostos que sempre poderán fiscalizalos tribunais contencioso-administrativos «en defensa da protección dos dereitos fundamentais, os elementos regulados do acto e a determinación das indemnizacións que foran procedentes».

4º. Iso si, recolle doutrina sentada en resolucións anteriores (STS do 21 de maio de 2001) e reitera que o control sobre este tipo de actos «se atopa limitado ós aspectos formais da súa elaboración, concretamente se se solicitaron os informes que a lei establece como preceptivos», informes que neste caso se cumpriron, ademais de ser preceptivos pero non vinculantes, «de aquí que entre dentro da liberdade estimativa do Consello de Ministros o aceptar ou discrepar destes». E isto último –di– «é o que aquí ocorreu», pero isto «entra xa dentro do ámbito da política penal, materia que, pola súa mesma natureza, escapa ó control desta xurisdicción administrativa».

5º. A estes actos do Goberno non lles é de aplicación a LRX-PAC. Tendo como teñen unha regulación propia (recollida na Lei do 18 de xuño de 1870, coas modificacións introducidas pola do 14 de xaneiro de 1988), non se debe ter en conta a Lei 30/1992 que, segundo o seu artigo 2, se aplica a tódalas administracións públicas e, polo tanto, ó Consello de Ministros cando actúe como tal, «pero non como ocorre neste caso cando quen actúa é o Goberno que exercita unha das competencias que nesa condición lle atribúe a alínea k) do artigo 5 da Lei 50/1997, do 2 de novembro».

6º. Concretando ó caso o anterior, maniféstase que «non lle son aplicables ó noso suposto os requisitos que para os actos administrativos regula o capítulo II, do título V da Lei 30/1992 e, en concreto, en canto á motivación o artigo 54».


Esta doutrina merece algunha consideración valorativa.

Ante todo, é de destaca-la radicalidade coa que a sala desoe o *petitum primeiro* da Avogacía do Estado, que defendía *prima facie* a absoluta inxusticiabilidade da decisión e, subsidiariamente, para o caso de que considerase o acto como de natureza política, se limitase ó control dos elementos regulados e cumprimento do procedemento. Rexéitase explicitamente o primeiro e, se ben o Tribunal Supremo fai notorios esforzos por evitar pronunciar esas palabras deostadas por boa parte da doutrina («acto político»), como inexistente ou fantasmagórica figura xurídica, o certo é que, ó final, acolle implicitamente esta cualificación e aplica os criterios de control do artigo 2 da Lei xurisdiccional, limitándoos ós aspectos que chama «formais» e de procedemento. Entre isto, por certo, non parece contar coa motivación. En calquera caso, non se acolle á inadmisión (como fan sentencias anteriores), senón que entra no asunto, aínda que desestime á fin o recurso, ó entender cumpridos os ditos requisitos formais.

É significativo tamén o esforzo que fai a sala para distinguir este dereito da gracia de indulto do dereito fundamental de petición do artigo 29 da Constitución. Certo que a concreción deste dereito fundamental non resulta fácil, a pesar de que o profesor Martín-Retortillo dixese del no Senado que era «un deses dereitos perfilados, nítidos, aceirados e incluso exercitados con frecuencia». Pero o que agora importa é indagar por qué a sala se embarca en tal complexa tarefa. O dito esforzo non se entende no caso se non é para destaca-las distintas posibilidades legais que poidan existir, entre un e outro, para efectos de impugnación da decisión denegatoria. Pero o esforzo non parece ser moi proveitoso se se encamiña por aí ou, ó menos, tal utilidade non queda clara na sentenza. É máis, a denegación de indulto pode ser recorrida, como o propio tribunal referenda, pero resulta en cambio máis dubidosa tal posibilidade no caso de exercicio do dereito de petición. Este dereito é susceptible de protección xudicial mediante as vías do artigo 53.2 da Constitución, e pode ser tamén obxecto de recurso contencioso, pero unicamente a declaración de inadmisibilidade da petición, a vulneración da obriga de contestar en prazo ou o incumprimento dos requisitos mínimos fixados para a contestación (artigo 12 da Lei 4/2001), non a propia esencia de acceder ou non ó pedido. Quizais, por isto, haxa que concretar este esforzo diferenciador ó desexo da sala de excluír, con carácter xeral, toda esixencia de motivación nos supostos de denegación do indulto no seu caso solicitado (no dereito de petición -artigo 10 da Lei reguladora- «a declaración de inadmisibilidade será sempre motivada», ó igual que o acordo de non acceder ó pedido -artigo 11.3).

De ser isto así, como parece, a sentenza parece criticable neste punto. Unha cousa é que non se lles aplique ós actos do Goberno, non admi-

nistrativos, o artigo 54 da LRX-PAC, e outra moi distinta é que tales decisións se poidan presentar orfas de toda motivación, o que dificultaría o control dos elementos regulados sobre os que, cando menos, sempre pode actua-lo Tribunal Contencioso.

Finalmente, hai un aspecto de maior enxunlla xurídica. Aquí, como xa ocorría na sentenza comentada no número anterior da REGAP, o informe do Tribunal Sentenciador non recolle a suxestión do Tribunal Supremo en casación de proceder a un indulto parcial como forma de repara-las dilacións indebidas. Estamos, por tanto, outra vez ante un indulto non puro, arbitrado con base ó simple perdón, senón instado polos propios xuíces como parte da súa decisión en xustiza. ¿Ten que continuar sendo este crucial extremo infiscalizable xurisdiccionalmente?, ¿ata que punto isto se ten que considerar aplicación dunha determinada política penal que o xuíz non debe controlar? Sigo pensando que esa suxestión xudicial de indulto, ás veces taxada precisamente na súa dimensión temporal, forma parte do núcleo regulado do acto, inmune por tanto á libérrima discrecionalidade governamental no outorgamento. 



NOTAS SOBRE A NATUREZA E COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GALICIA Á LUZ DA XURISPRUDENCIA CONSTITUCIONAL

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado do Parlamento de Galicia
Profesor de dereito constitucional

1. A natureza xurídico-política da Xunta

É común a conceptualización na nosa doutrina dos consellos de goberno autonómicos como todos aqueles órganos colexiados que posúen as funcións executivas e administrativas das comunidades autónomas¹. No caso galego resulta fondamente ilustrativa a lectura da exposición de motivos da Lei 1/1983 do 22 de febreiro reguladora da Xunta e do seu presidente. Ese texto cualifica expresamente o Consello da Xunta como "órgano executivo superior" de Galicia, ó tempo que presenta como obxectivo da lei a regulación do "desenvolvemento básico" da Xunta, sen prexuízo de que unha eventual lei de réxime xurídico da Administración da Comunidade Autónoma galega recolla en toda a súa integridade as necesarias normas de funcionamento.

A valoración que merece este enfoque do lexislador non pode ser máis que negativa, xa que vinte anos despois da aprobación da Lei 1/1983 non existe unha regulación legal do réxime xurídico da Administración galega,

“...En relación con la 2ª cuestión planteada es de consignar que ya esta Sala en S 25 junio 1981, y con cita expresa de las de 22 enero 1975, 11 octubre 1979, y 29 octubre 1980, a propósito de un contrato administrativo en el que se habían omitido las formalidades legales, ha declarado que es admisible en el campo del derecho administrativo, al amparo del concepto de gestión de negocios ajenos en base al enriquecimiento sin causa, la obligación de la Administración de resarcir al gestor los gastos necesarios y útiles y los perjuicios sufridos en el ejercicio de su cargo (art. 1893 CC), pues ello contribuye al mantenimiento de la exigencia social trascendente de la seguridad jurídica. Habiendo igualmente declarado esta Sala en S 7 junio 1982 que la forma, por muy importante que sea, no constituye en sí misma un fin, sino que es un instrumento de control de la actividad administrativa establecido en previsión de que sean satisfechas las exigencias concretas de los objetivos que dicha actividad persigue en la realización de los intereses colectivos que le está encomendando a la Administración actuante y, por ello, la consecuencia anulativa que por regla general puede derivarse del incumplimiento de las formalidades impuestas a la contratación administrativa debe evitarse en aquellos supuestos en que la infracción formal es meramente ritual por aparecer acreditada en el expediente de forma notoria e incuestionable que la específica finalidad de la forma incumplida ha sido realmente satisfecha.”





XORNADAS SOBRE O RETO DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS ANTE O EURO

A Coruña, 17 e 18 de xaneiro de 2002

Juan M. González Hiltner

Bolseiro de investigación da EGAP

Nos calorosos días 11 e 18 de xaneiro de 2002 tiveron lugar na sempre acollidora cidade da Coruña, unhas xornadas sobre un acontecemento sen precedentes na época moderna: o nacemento dunha moeda única común a 12 países de Europa, e o papel que lles corresponde ás administracións neste proceso. Un papel especialmente delicado xa que estas han constituirse nos organismos rectores do proceso, a súa responsabilidade é pois trascendental por canto han responder de xeito claro e directo ás inquietudes e requerimentos dos distintos axentes socio-económicos.

Inaugurou as xornadas o director da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), **Domingo Bello Janeiro**, que salientou o labor da Administración nesta conversión dos cidadáns: definición do marco xurídico, regulación do xogo dos actores, fornecedor de referencias e sentido, garante da cohesión social, actor dun sistema complexo da evolución da sociedade, comunicador de referencia combinando preocupación e impulso, etc. Precisamente destacou a comunicación pública coma unha das accións determinantes de acompañamento desta mutación social. Polo tanto, afirmou, a Administración públicas, consciente do desafío, non se debe limitar a unha simple información sobre as modalidades

prácticas desta conversión das unidades monetarias, senón que son os cidadáns os que deben adherirse a este proceso.

Quixo menciona-lo labor de liderazgo que neste proceso adquiriu a Consellería de Economía e Facenda coa creación dunha Comisión especial para a introducción do euro. Tamén lembrou o compromiso das administracións locais, diputacións e concellos, na implantación do euro. Finalmente referiuse á colaboración da EGAP no proceso coa celebración de 26 accións formativas ó longo de 2001 coa aspiración de dotar as administracións de Galicia da preparación necesaria para tranquilizar e asesorar ós cidadáns na posta en circulación da nova moeda.

* * * * *

O primeiro relatorio das xornadas correu a cargo de **Fernando Conlledo Lantero**, subxefe do servizo xurídico do Banco de España, que abordou o panorama que se presenta coa entrada do euro como moeda única para doce países e o papel que neste proceso xogan tanto o Banco Central Europeo como o Banco de España.

A Unión Económica e Monetaria (UEM)¹ dispón dun entramado institucional, o Sistema Europeo de Bancos Centrais² composto polo Banco Central Europeo como eixo dese sistema e polos disitintos bancos centrais nacionais. No caso de España, a participación do Banco de España simboliza a contribución do Estado español ó proceso da UEM.

Na opinión de Conlledo Lantero tódolos cidadáns da Unión Europea están a vivir unha experiencia histórica coa introducción dos billetes e moedas en euros. Unha experiencia que nos sitúa nun destino común a tódolos europeos, e curiosamente a través dun dos símbolos clásicos da soberanía dos Estados como é a moeda.

A pesar da relevancia da introducción da moeda única cómpre dicir que o euro é unha criatura xurídica que ten xa tres anos de idade e que os efectos asociados á entrada do euro xa se comezaron a producir o 1 de xaneiro de 1999 que é cando formalmente se introduciu a moeda única aínda que carecendo dos signos típicos distintivos dunha moeda como son os de presenza física, é dicir, billetes e moeda metálica.

O 1 de xaneiro de 1999 establécense unha serie de elementos configuradores do que é un sistema monetario que se pode resumir da seguinte maneira: en primeiro lugar establécense os tipos de cambio irrevocables entre as diferentes moedas nacionais e o euro e as moedas nacionais entre si; en segundo lugar, o euro converteuse desde un punto de vista xurídico na moeda dos Estados membros e as moedas nacionais

¹ UEM en diante.

² SEBC en diante.

pasan a ser subunidades ou representacións nacionais desa moeda única; en terceiro lugar, créase o BCE e o SEBC o que supón a definición dunha política monetaria e a fixación de tipos de interese para o conxunto da zona euro; e en último lugar, os mercados comezaron a utiliza-lo euro como unidade de conta, a débeda pública comeza a emitirse en euros e os mercados de valores de renda variable e os sistemas de compensación e liquidación pasaron tamén a utiliza-lo euro como unidade de conta.

Esta constatación lévanos a afirmar, dixo Conllado Lantero, que a UEM é un proceso que se deseñou nunha serie de fases que nos permiten ter unha perspectiva do fenómeno de unión monetaria e para situar correctamente o momento definitivo e final deste proceso.

O proceso da UEM foi aprobado formalmente a través dunha reforma do Tratado de Maastricht³ aprobado en febreiro de 1992. Desde ese momento a UEM pasou a ser un dos obxectivos da Comunidade Europea e para tal fin deseñáronse dous pilares xurídicos. Un pilar é a creación dun entramado institucional adicado a xestionar todo este proceso de unión monetaria e no que se concentran as competencias que transfíren os Estados membros, que é o antedito SEBC; e o segundo pilar é a creación dunha moeda común, o euro. O nome definitivo non se atopa nos tratados e precisamente acordouse nun cumio de xefes de Estado e Goberno que tivo lugar en Madrid en 1995.

Unha primeira fase vai ata o ano 1994, destacando unha maior coordinación económica entre tódolos Estados membros e, sobre todo establécense mecanismos de supervisión das economías nacionais por parte das institucións comunitarias. Nesta fase hai que destaca-la supresión da financiación dos bancos centrais ós seus tesouros públicos.

A segunda fase, desde o 1 de xaneiro de 1994 ata o 1 de xaneiro de 1999, continúa coa profundación das medidas de coordinación económica e coa elaboración dos programas de converxencia dos Estados para poder supera-lo test dos criterios de converxencia⁴. Desde o punto de vista institucional créase o Instituto Monetario Europeo⁵, antecesor do BCE, ó que se lle encomenda a realización dos preparativos técnicos e xurídicos para a UEM. O fito principal desta fase é o exame de converxencia dos Estados membros que vai indicar qué países están preparados para adopta-la moeda única. Once países pasaron o test, dous deles (Reino Unido e Dinamarca) decidiron non adopta-la moeda única⁶, e

³ O Tratado de Maastricht foi ratificado en España a través dunha Lei orgánica, a 10/1992, de 8 de decembro ó amparo do artigo 93 da Constitución.

⁴ Déficit público, tipos de interese, débeda pública, etc

⁵ IME en diante.

⁶ Clausula de *opting out* na xerga anglosaxona.

outros dous que non superaron o exame de converxencia por razóns distintas: os casos de Grecia⁷ e Suecia⁸.

A irreversibilidade do proceso foi unha característica imposta para dotar ó proceso da UEM de credibilidade. Esta irreversibilidade maniféstase tamén en que cada dous anos se repite o exame sempre que o pida un país candidato. O éxito da moeda única fai que os países que quedaron fóra reformulen a posibilidade de entrar na UEM.

Respecto do criterio de converxencia legal, afectou fundamentalmente ó Banco de España a través da modificación da lei reguladora do seu estatuto básico, que é a Lei de Autonomía, a Lei 1/94 de xuño, que foi modificada dúas veces a través de dúas leis, a Lei 66/1997 do 30 de decembro e, finalmente a Lei 12/1998 de 28 de abril.

A terceira fase comeza o 1 de xaneiro de 1999 adoptándose o euro como moeda común e entra en pleno funcionamento o BCE e o SEBC. O BCE foi constituído o 1 de xuño de 1998, é dicir, na segunda fase, pero, sen embargo, non entrou en pleno funcionamento ata o 1 de xaneiro de 1999. Neste *interim* refrendou tódolos aspectos técnicos e xurídicos que prepara o IME acabou de remata-los aspectos necesarios para o comezo da terceira fase. Esta terceira fase subdivídese á súa vez en dúas subfases. Unha que vai do 1 de xaneiro de 1999 ata o 1 de xaneiro do 2002 considerado o período transitorio na introducción do euro. A seguinte fase comeza o 1 de xaneiro de 2002 coa introducción dos billetes e moedas en euros e que por medio dun acordo político estableceuse que non podería durar máis de dous meses. O lexislador español establece o período de coexistencia legal entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro da pesetas e o euro. Desde o 1 de marzo e ata o 30 de xuño a peseta, que perde poder liberatorio como medio de pago, poderá ser canxeada nas entidades bancarias, e a partir do 30 de xuño e por tempo indefinido, soamente no Banco de España.

Centrándose no entramado institucional, Conllado Lantero, reafirmou o papel protagonista do SEBC, regulado no propio Tratado da Comunidade en nun protocolo anexo ó mesmo, que recibe o nome de Estatutos do BCE e do SEBC co mesmo valor do tratado, é dicir, dereito primario comunitario.

O SEBC está composto polo BCE e polos Bancos Centrais nacionais ó que se lle asigna un obxectivo moi claro: mante-la estabilidade de precios. Este obxectivo está inspirado no Bundesbank, o Banco Central de Alemaña que marcou a política monetaria de Europa nos últimos anos e que ten o mellor historial na loita contra a inflación. Pensouse que a atribu-

⁷ Incorporouse o 1 de xaneiro de 2001.

⁸ Non adaptou a súa lexislación obrigada por unha opinión pública euroescéptica.

ción dun único obxectivo lle dotaba dunha maior eficacia no seu labor de estabilidade. Sen prexuízo deste obxectivo, o SEBC poderá apoia-las políticas xerais da comunidade.

As funcións básicas do SEBC son as típicas dun Banco Central: definir e executa-la política monetaria; realiza-las operacións de cambio de divisas; para o que é necesario xestionen as reservas oficiais de divisas dos Estados membros; promove-lo bo funcionamento do sistema de pagos; e por último a función máis clásica e antiga dun Banco Central que é a da emisión dos billetes e moedas en euro. Estas funcións forman parte tanto do SEBC como dos Bancos Centrais nacionais.

O SEBC non ten personalidade xurídica, non é titular de dereitos e obrigas, senón que lles corresponden ó BCE e ós Bancos Centrais nacionais. Outra característica é a atipicidade, xa que convive baixo o paraugas do SEBC unha institución de dereito comunitario como é o BCE con institucións propias dos Estados membros, os Bancos Centrais nacionais. Unha terceira característica é a independencia que significa que non poden recibir ou solicitar instrucións das súas autoridades políticas, autonomía apoiada por mandatos dos gobernadores respectivos non menores de cinco anos. Tamén se distingue o SEBC pola descentralización e o cuasifederalismo. Existe un centro, o BCE e uns Bancos Centrais nacionais que representan os Estados membros. O requisito da descentralización é debido a organización e división de tarefas que se atopa especificamente recollido no tratado, en virtude do cal o BCE pode recorrerse é necesario ós Banco Centrais nacionais para o desempeño das súas tarefas. A pesar de contar cun número de 900 traballadores, esta cifra non é comparable coas 50000 que traballan no conxunto dos Bancos Centrais nacionais e, polo tanto, necesita axuda para realiza-los súas tarefas. Esta descentralización complementase co principio de territorialidad en virtude do que as entidades de crédito unicamente operan co Banco Central do seu país. A execución descentralizada supón que as decisións se toman por parte do BCE, pero a execución corresponde ós Bancos Centrais nacionais que actúan por conta propia e as operacións reflíctense nos seus balances.

Os órganos do BCE son tres: o consello de goberno, o comité executivo e o consello xeral. Hai que resalta-la importancia dos comités que asesoran ós gobernadores dos Bancos Centrais nacionais.

Finalmente, Conllado Lantero, dixo que o BCE é unha institución á que se dotou de potestade normativa e ten capacidade de aprobar actos xurídicos vinculantes típicos do dereito comunitario (regulamentos, decisións) e non vinculantes (recomendacións, dictámenes). Por último ten á súa disposición dous instrumentos atípicos como son as orientacións (mandatos ós Bancos Centrais nacionais) e instrucións.

A segunda intervención das xornadas tivo como protagonista a **David Bustos Tapetado**, responsable do servizo de desenvolvemento empresarial e financeiro da Dirección Xeral de economía e planificación da Comunidade Autónoma de Madrid. A súa participación nestas xornadas foron unha boa oportunidade para compartí-los seus coñecementos en torno ós efectos sobre a economía e as empresas e o calendario do período de coexistencia coa peseta, conversión e redondeo e, finalmente os códigos de boas prácticas.

Bustos Tapetado fixo un guión previo, estruturando o seu relatorio cunha breve introducción sobre os aspectos socio-políticos da Unión Europea xa que é un proxecto que vai máis alá duna Unión Económica e Monetaria (UEM), que ten uns compoñentes políticos de moito maior alcance. En segundo lugar fixo unha descrición dos substratos teóricos que hai debaixo da teoría das unións económicas óptimas para ver que en boa parte o teórico explica formulacións que se desenvolveron desde o Tratado de Maastricht cos criterios de converxencia e tódalas fases de desenvolvemento e implantación da Unión Monetaria e Económica que viñeron de culminar coa marcha da circulación física da moeda única. A continuación, o que sería a parte central do relatorio, falou dos efectos económicos do euro, desde un punto de vista macroeconómico e tamén dos efectos económicos do euro desde un punto de vista máis microeconómico aplicado directamente ás empresas, empresas dentro dos mercados e empresas como organización interna.

Para Bustos Tapetado nunca se deben perder de vista os aspectos socio-políticos da Unión Europea. No se trata só de construír un mercado interior común, unha unión aduaneira, dunha estrutura institucional cun banco central, senón que o proxecto da Unión Europea trata de garantir un espacio o máis ampla posible que dea lugar á consolidación dunha serie de valores democráticos e por suposto a unha mellora dos niveis de calidade de vida de tódolos cidadáns que forman parte de ese espacio común.

España, debido a que viña buscando desde fai tempo o seu lugar en Europa como unha forma de lexitimación da nova democracia tras anos de illamento internacional, é un dos países máis proclives a ver con bos ollos a integración europea. Non ten os problemas que países como o Reino Unido ou os países escandinavos poidan ver desde o punto de vista económico.

O espacio económico europeo consta de 300 millóns de habitantes cunha participación no PIB mundial do 16%, cun volume de exportacións do 16%, cun 27% da poboación mundial, é dicir, que ten unhas magnitudes similares ás de a economía dos EE.UU., tamén en canto a comportamento e estruturas cunha potencialidade de desenvolvemento extraordinaria.

Se observamos a teoría das unións económicas óptimas Europa cumpre as condicións dos aspectos monetarios: convertibilidade total das moedas, irreversibilidade nos tipos de cambio e liberdade total de movemento de capitais. Para cumprir-lo modelo teórico perfecto serían necesarias dúas condicións importantes: a liberdade total de fixación de prezos e liberdade total de movementos de persoas que está pouco desenvolto. Sen embargo, os aspectos de integración comercial e economía diversificada si os cumprimos. O feito de ter unha moeda única ten un efecto moi positivo de reforzamento desas condicións de integración económica porque, por un lado a moeda ten importantes efectos psicolóxicos, pero sobre todo garante as características de irreversibilidade dos tipos de cambio fixos, é dicir, sacraliza os principios nos que se basea a integración monetaria.

Os gobernos dos países europeos conservan os instrumentos de política orzamentaria, aínda que limitada pola capacidade de endebedamento (3% do PIB e límite de endebedamento do 60%). É dicir, conservan a parte do león do monto orzamentario para decidir cara a onde queren orientar-las súas políticas de equilibrio territorial. Tamén existe a política fiscal que está totalmente en mans dos gobernos nacionais, salvo a recadación do IVE. Por outra parte tamén está a política institucional das administracións comunitarias que pode ser moi importante para o desenvolvemento das rexións, para palia-los desequilibrios económicos dentro da zona euro.

A UEM vai ter desde o punto de vista macroeconómico as seguintes vantaxes: supresión de riscos de cambio; políticas económicas máis saneadas; reforzamento do mercado único; o comercio interior vaise ver máis reforzado; o mesmo para o comercio extracomunitario debido á unificación de normas cara ó exterior; unha maior competencia nos mercados domésticos; unha desaparición de devaluación; a inflación tenderá a ser máis estable e a circulación de capitais será a gran beneficiada. En España, no seu conxunto, produciuse un aumento das transaccións económicas de comercio internacional. En definitiva, existen aspectos moi positivos desde o punto de vista macroeconómico, maiores mercados, maior estabilidade económica, maior capacidade de crecemento, pero tamén existen custos e problemas que enfrontar con políticas que combatan estes procesos de concentración de desenvolvemento en certos territorios de España.

Tamén a UEM afecta á empresa, é dicir, ós axentes microeconómicos encargados de facer realidade a provisión de servizos que é onde máis o nota o cidadán. Hai aspectos como o impacto sobre o mercado e sobre os competidores cinguidos a que a nosa área de clientes potenciais e subministración potencial aumenta. Este aspecto é moi importante para que as decisións das empresas sexan reavaliadas. É dicir, debe formularse a quen debe ir dirixida a súa planificación e política estratéxica, cal é o seu

novo contorno, desde o punto de vista de clientes e desde o punto de vista dos subministradores, xa que as regras de xogo lle poden permitir outras posibilidades.

Evidentemente os mercados de productos sufrirán unha gran transformación xa que se lles esixirá unhas normas de estandarización, de calidade, é dicir unha adaptación productiva interna das empresas á marca *made in Europe* que terá un efecto moi beneficioso sobre as exportacións.

Existen unha serie de recomendacións para o proceso de transición das Bustos Tapetado citou as referidas ós prezos e á contabilidade. A medio prazo as empresas deben fixar un plan de prezos máis transparente e máis sometido á competitividade doutros produtores dentro do mesmo mercado de xeito que as diferencias de prezos deben reducirse para productos de igual calidade. As empresas tamén se van poder capitalizar mellor porque os mercados de capitais van ser moito máis amplos e máis estables o que leva a unha maior disponibilidad de financiación para as empresas que é un dos requisitos básicos para poder ser máis competitivos en mercados máis amplos.

Bustos Tapetado rematou a súa intervención dicindo que a instauración do euro vai ter uns impactos moi directos na propia organización interna das empresas. Os seus procedementos de xestión van ter que ser optimizados porque vai repercutir finalmente na súa estrutura final de custos. As que teñan xa un manual de calidade, unha serie de guías de procedemento e estandarizadas as accións a desenvolver van asumir este tipo de impactos organizativos con menos custos. O camiño a seguir promete vantaxes sempre e cando exista un crecemento global e unhas políticas que reforcen a cohesión e o reparto da riqueza entre o conxunto dos seus cidadáns, é dicir, que se lle dea o chamado contido social do crecemento cunhas políticas reequilibradoras.

A última intervención da primeira sesión correu a cargo de **José Álvarez Cobelas**, director xeral de política financeira e tesouro da Consellería de Economía e Facenda. O seu relatorio centrouse na economía do euro, é dicir, as consecuencias da incorporación ó euro, da pertenza a unha Unión Económica e Monetaria, así como as respostas estratéxicas que Galicia debe abordar, tanto desde o sector público como desde o sector privado.

Por unha banda, uns condicionantes positivos para continuar mergullados nun modelo de crecemento económico equilibrado, con maiores certidumes para iniciar procesos de investimento, así como con maiores facilidades financeiras, tanto pola redución dos tipos de xuro, como pola ampliación das bases de financiación ó desapareceren os riscos de cambio.

Por outra banda, para as empresas galegas, dixo Álvarez Cobelas, ábrese un mercado potencial de 300 millóns de consumidores, pero ta-

mén un importante número de competidores, que teñen diante de si o mesmo mercado doméstico. As empresas galegas deben apostar pola competitividade de procesos e produtos dun xeito definitivo. As grandes beneficiadas coa entrada do euro, según Álvarez Cobelas, van ser as PEMES, que sempre tiveron na vertente exterior a súa asignatura pendente. A competitividade configúrase, deste xeito, coma unha variable estratéxica, coma unha peza clave no traballo cotián das PEMES. É tempo de aproveitar as facilidades desta economía moderna na que estamos inseridos, para reorganizar os nosos procesos productivos, comerciais e financeiros, coa vista posta na mellora da eficiencia das nosas empresas.

Como é obvio, di o relator, este labor correspóndelles en primeiro lugar ás propias empresas, porque o sector privado se ten que converter no verdadeiro protagonista desta etapa de profundos cambios no acontecer económico. Pero as empresas non van camiñar soas nesta nova andadura. Álvarez Cobelas afirmou que desde as administracións públicas existe a obriga de facilitar e favorecer esta busca dunha maior competitividade empresarial. E isto é factible a través da instrumentalización de políticas de oferta, de políticas que se marquen como obxectivos favorecer esta competitividade do territorio, do tecido empresarial e tamén mesmamente do propio sector público.

Álvarez Cobelas expresou que o PEDEGA (Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia) como instrumento de planificación no período 2000-2006, recolle esta achega da política económica, que en Galicia xa estamos a desenvolver hai tempo e dedica a estes obxectivos unha cantidade importantísima de recursos, coa finalidade última de que o noso tecido productivo poida estar en condicións de aprobar, con nota, este novo exame ó que se presenta e, en consecuencia, incrementar os niveis de riqueza e benestar dos galegos.

Rematou a súa intervención afirmando que o euro ofrece oportunidades, pero tamén riscos. Estamos convencidos que, da actuación conxunta dos sectores público e privado, seremos capaces de beneficiarnos deste cambio que, coa Unión Monetaria ou sin ela, estamos a vivir xa desde o proceso de globalización económica mundial que nos toca vivir.

* * * * *

As intervencións da tarde comezaron coa interesante exposición de **Enrique Morales García**, xefe do servizo de desenvolvemento económico da Dirección Xeral de Economía e Planificación da Comunidade Autónoma de Madrid.

O relator fixo un repaso dos traballos e recomendacións así como as comisións creadas polas administracións para o estudo e seguimento da introducción da moeda única. Realmente as administracións públicas,

en cada un dos seus niveis, Estado, CC.AA e entidades locais, xogan un papel moi importante en todo o proceso de adaptación ó euro, pero non só xerando os mecanismos que permitiran esa adaptación, senón promovendo tódolos cambios legais e de xestión para que o proceso se puidera simplificar e racionalizar e, formar e informar ó seu propio persoal cuestión moi importante. Outro tema importante era a coordinación das 17 CC.AA, dos máis de 8000 concellos e o Estado, atopando solucións non parciais e contradictorias entre os criterios adoptados polas distintas administracións.

Según a Comisión da UE no proceso de adaptación ó euro, o que se formulaba ás administracións públicas era: maximiza-lo efecto positivo sobre a economía, minimiza-los custos, facer todo o proceso no prazo máis curto posible e que non tivera consecuencias xurídicas de ningunha clase, é dicir, que non houbera ningún acto xurídico que puxera en cuestión a propia introducción do euro.

O Estado español adoptou un marco normativo que centrado na Lei 46/98 do 7 de decembro sobre a introducción do euro e despois obtén unha pequena modificación nalgúns aspectos do redondeo no ano 2001. E, conxuntamente coa Lei 46/98, dítase unha Lei orgánica 10/98 do 17 de decembro que modifica a LOFCA (Lei de financiación das comunidades autonómicas) e outras leis de tipo orgánico que tiveran que ver coa introducción do euro.

O Estado tamén formula unha serie de principios moi importantes xa que tiñan que rexe-lo concepto de introducción do euro na Lei. Así, o *principio de neutralidade* significaba que non había alteración algunha nos créditos por causa do redondeo. O *principio de funxibilidade* refírese a que calquera que sexa o tipo de instrumento xurídico co cambio de moeda non se altera en absoluto o seu valor como tal elemento xurídico. Ademais existe o *principio de equivalencia nominal*, é dicir, o mesmo vale en euros que en pesetas, a condición de que se apliquen correctamente os principios de redondeo. Tamén o *principio de gratuidade* para os consumidores de substitución de pesetas por euros, que non pode supoñer nin gastos, nin comisións, nin prezos ou conceptos análogos. Por último, o *efecto continuidade*, que indica que a substitución da peseta en ningún caso pode provocar unha anulación, revogación ou revisión dos actos xurídicos anteriores.

O Estado inicia o proceso creando por un Real decreto de 1997 unha Comisión Interministerial para a introducción do euro, creando ó seu carón unha serie de comisións de traballo en cada un dos ministerios. O obxectivo é a adaptación dunha serie de normas legais por parte de cada ministerio. Isto faise extensible ás CC.AA e ás entidades locais. Como froito do traballo destas comisións xurde un Plan Nacional para a transición ó euro, que en decembro de 1997 contén as liñas mestras da modi-

ficación da normativa centradas nos elementos que máis directamente podían repercutir na cidadanía, é dicir, o dereito sancionador, a redención dos capitais sociais para as empresas, a aplicación das normas do redondeo e os índices de referencia dos préstamos hipotecarios. Así mesmo, presentan a simplificación do cumprimento do cidadán coa Administración de tódalas súas obrigas, e presentan tamén unha serie de principios de servizo.

En primeiro lugar, que a maior carga de adaptación ó euro non pode trasladarse ó cidadán senón que como servizo público o custo debe asumilo a Administración. En segundo lugar, un principio de eficiencia que refírese a que adaptación ó euro debe ser gradual e non imponse de forma absoluta á cidadanía desde a propia Administración sen ter en conta os necesarios procesos de adaptación. En terceiro lugar, o principio de viabilidade que di que debemos asumir o proceso de adaptación ó euro na medida dos recursos que posuímos.

O relator empregou a parte final da súa exposición para facer unha exposición eminentemente práctica e transversal das actuacións levadas a cabo pola Comunidade de Madrid no que respecta á introducción do euro. Entre as accións fundamentais destacou as de comunicación, moi importantes en termos de achegamento ós cidadáns, e as accións de formación, tanto ó propio persoal, como a elementos externos da Comunidade de Madrid.

Rematou a súa intervención afirmando que a introducción do euro é un proceso longo, bastante complexo, que non remata no 2002.

* * * * *

O derradeiro relatorio da tarde correu a cargo de Joaquín María Peñarrubia Iza, profesor de dereito administrativo da Universidade Rey Juan Carlos de Madrid, que abordou a maraña lexislativa sobre o euro, repasando a normativa comunitaria e estatal e os efectos sobre la lexislación vixente a 1 de xaneiro de 2002 que menciona cantidades en pesetas.

Peñarrubia Iza dixo que a normativa é moi ampla, por unha banda temos normas comunitarias, por outra banda normas legais españolas de dereito interno, temos tamén regulamentos en forma de reais decretos e con rango de ordes ministeriais, actos administrativos, resolucións de diversos órganos. Tamén hai que engadir regulamentos e leis autonómicas onde se menciona a introducción do euro e os efectos para a Administración e os cidadáns en materia de dereito público.

O profesor Peñarrubia tentou, de forma clara e transparente, unha sistematización por tipos de normas, comezando pola normativa comunitaria e seguindo pola normativa de dereito español. A normativa comunitaria ten ademais un matiz importante xa que a Unión Europea op-

tou polos regulamentos, é dicir, por normas de inmediata e directa aplicación. Entre esta normativa comunitaria temos o Regulamento 1103/97, de 17 do xuño de 1997 no que se establecen determinadas disposicións relativas á introducción do euro. En segundo lugar, está o Regulamento 974/98 sobre a introducción do euro que complementa ó anterior. En terceiro lugar, o Regulamento 975/98 sobre as moedas en euro, que establece os valores nominais e as especificacións técnicas que xa temos nas mans. Ademais o Regulamento 2008166/98 sobre os tipos de conversión entre o euro e as moedas dos estados membros que adoptan o euro. En virtude deste regulamento o tipo de conversión estableceuse xa como irrevogable con respecto a cada unha das doce moedas da zona euro⁹. Existen outros documentos comunitarios de interese como a Resolución do Consello do 7 de xullo de 1997 sobre o marco xurídico da introducción do euro que deu lugar ó segundo do Regulamentos mencionado (974/98). Unha Decisión¹⁰ do Consello de Ministros da UE do 29 de maio de 2000 sobre a protección contra a falsificación de moeda con miras á introducción do euro. E, finalmente, un Informe da Comisión de 3 de abril de 2001 sobre os preparativos para a introducción dos billetes e moedas de euro¹¹.

Na lexislación española non nos quedamos atrás, xa que o profesor Peñarrubia tentou sistematizar ata un total de 19 disposicións aplicables en materia de euro. A lei fundamental nesta materia é a Lei 46/98 de 17 de decembro sobre a introducción do euro que lembraba que a aplicación directa dos regulamentos comunitarios faría innecesario establecer unha lexislación sobre a introducción do euro. Pero tamén tiña como obxectivo que o tránsito sexa o máis suave e imperceptible posible para os cidadáns. Esta Lei establece normas de carácter interno, normas de adecuación dos operadores xurídicos e económicos que non están previstas nos Regulamentos.

Como complementaria a esta Lei aprobouse unha Lei orgánica de 17 de decembro de 1998, Lei orgánica 10/98, denominada así, Lei complementaria sobre a introducción do euro. Esta Lei ten carácter orgánico por varios motivos. Por unha banda no artigo 1º modifica un precepto que afecta á denominación da unidade conta na Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas de 22 de setembro de 1980. E por outra banda establece os criterios de aplicación das mencións monetarias noutras leis orgánicas (mesmo as de carácter penal).

⁹ 1 euro= 166.386 pesetas.

¹⁰ Especie de recomendacións para evita-la falsificación da moeda euro.

¹¹ Establece o estado de fabricación física de moeda e da preparación das diversas economías nacionais, das empresas, dos axentes económicos e administracións de cara á futura introducción do euro o 1 de xaneiro de 2002.

A Lei 46/98 reformouse por dúas leis, unha é a Lei 14/2000 de 28 de decembro na que se adianta a data de coexistencia física de ambas moedas ó 28 de febreiro de 2002. E por outra lado na Lei 9/2001 de 4 de xuño modificouse a Lei primeira de introducción do euro no sentido de modifica-lo artigo 11 en canto ó redondeo sobre todo para previ-los efectos sobre a leis que teñan como única expresión a peseta. Existen outras leis como a Lei 9/1999 de 12 de abril no que se regula o réxime xurídico das transferencias entre Estados membros da UE¹².

A partir de aquí, afirmou o profesor Peñarrubia, temos uha multiplicidade de regulamentos. O Real decreto 2813/1998 do 23 de decembro que estableceu o procedemento da redenominación a euros da débeda do Estado rexistrada na Central de anotacións. O Real decreto 2814/1998 do 23 de decembro que aprobou as normas sobre os aspectos contables para a introducción do euro. Outra norma de interese, cronoloxicamente posterior, é unha orde do Ministerio de Economía e Facenda do 23 de marzo de 1999 que establecía o réxime de emisión, cuñación e posta en circulación da primeira serie de moedas en euros de 1, 2, 5, 10, 20 e 50 céntimos e de 1 e 2 euros, é dicir, as moedas de curso legal en euros. Transpón o Regulamento comunitario sobre estas moedas e adáptao á nosa lexislación. Unha Resolución posterior do 26 de xaneiro de 2001 da Dirección Xeral do Catastro modificou os ficheiros de información catastral con outras administracións públicas para a súa adaptación ó euro. Outra norma interesante é unha Orde de 1 de xuño de 2001 na que se dictan normas para a Administración local para a apertura da contabilidade o 1 de xaneiro de 2002 en euros. Outra Orde do Ministerio de Economía de 16 de xullo de 2001 establecía o abono en euros dos pagos da Administración Xeral do Estado, organismos autónomos e outros organismos públicos a partir do 15 de setembro de 2001. A derradeira das normas que destacou o relator é o Real decreto 1322/2001, do 30 de novembro, polo que se establecen as regras para a constancia en euros nos asentos que se practiquen nos rexistros públicos administrativos.

A segunda xornada comezou pola mañá coa segunda comparecencia do profesor Peñarrubia Iza que fixo unha exposición sistemática sobre os plans para a introducción do euro elaborados polas diversas Administracións, a normativa resultante e, en concreto, as leis sobre estabilidade orzamentaria.

O punto de partida de todo isto atópanse nos acordos comunitarios, no Consello de Madrid de 1995 e nos acordos dun espazo común monetario e económico que levaron á creación do euro. Pero, o punto de partida para os traballos das administracións nas comisións creadas po-

¹² Afecta ás previsións da Directiva 97/5 CE do 27 de xaneiro de 1997.

las diversas administraciones para a introducción do euro. O pistoletazo de saída deuno o Real decreto 363/97 do 14 de marzo polo que na Administración do Estado creouse unha Comisión Interministerial e unhas Comisiones Ministeriais para a coordinación das actividades relativas á introducción do euro. Esta Comisión Interministerial deu lugar primeiro a diversos traballos, ó I Plan de Transición (1998), ó II Plan (2000) e, desde aí fóronse aprobando as modificacións do ordenamento xurídico español. Tamén serviu de estímulo para a creación en practicamente tódalas Comunidades Autónomas de Comisión Interdepartamentais das diversas consellerías das CC.AA. Os traballos desta Comisión Interdepartamental deron lugar a un Observatorio do euro no que se recomendou este tipo de instrumentos para as CC.AA.

Todos estes traballos para a adaptación do ordenamento xurídico e administrativo ó euro concentrouse no Plan Nacional de Transición ó euro de 1998, realizado tamén por outras CC.AA e outras administracións públicas. Tiña unha natureza temporal centrada no período previo a este que vivimos. O *II Plan de Transición ó euro: o troco de pesetas por euros*, xa pensaba na fase de coexistencia das dúas moedas. Aprobado en xullo de 2000, tiña en conta os posibles problemas que pudesen producir neste último período de coexistencia favorecendo as tarefas dos actores implicados na loxística do cambio: usuarios, administracións, Fábrica Nacional de Moeda e Timbre, Banco de España e entidades de crédito, gran distribución, comercio e hostelería, etc. Este II Plan deu lugar ás modificacións legais como as normas adicionais no artigo 11 da Lei sobre o euro ante o redondeo, e tamén recorta-lo período de coexistencia das moedas. O plan estruturouse en catro capítulos. O primeiro trataba aspectos xerais, o segundo denominouse de predistribución do euro (fabricación e loxística, poboacións vulnerables e comité de seguimento), o capítulo terceiro adicado á dobre circulación (recorte do período a dous meses) e caixeiros automáticos, comercio e consumidores. Estas previsión facían referencias tamén ó código de boas prácticas, é dicir, a idea de concienciar ós axentes económicos e empresariais dunha adaptación rápida ó euro para un bo fin do proceso. O derradeiro capítulo estaba adicado á etapa de retirada e troco.

Respecto ás leis de estabilidade orzamentaria, afirmou o profesor Peñarrubia, o goberno español aproveitou a introducción do euro para acadar un dos seus fins en materia de política de facenda e política económica en xeral que é o de conseguilo déficit cero. Son dúas leis, a Lei 18/2001 do 12 de decembro e a Lei orgánica 5/2001 do 13 de decembro complementaria da anterior. Confesadamente, o que pretenden é acadar en tódalas administracións públicas ese obxectivo do déficit cero ou que non sexa superior ó 3%. A introducción do euro obriga ó Goberno reforza-lo obxectivo a acadar. Así nas disposicións adicionais cítase o artigo 149 apar-

tado 1º parágrafo 1º na súa regra 11ª no que se di que un dos obxectivos desta lei é garanti-la futura permanencia de España como un dos países que teñen o euro como moeda nacional. E no artigo 141.1 na regra 14ª por canto esta lei constitúe un instrumento ó servizo da coordinación entre a Facenda Pública do Estado e as das CC.AA, polo que a Lei é aplicable en tódalas administracións do Estado (salvo Navarra).

Unha vez finalizada a exposición, unha excelente síntese de tódolos aspectos destes traballos administrativos e dos seus froitos cara á introducción do euro, o profesor Peñarrubia afirmou que á realización destas xornadas era unha boa oportunidade para reflexionar sobre estas leis que apenas levaban un mes no BOE, e que abren novas vías de relación entre as diversas administracións territoriais dando ó Consello de Política Económica e Fiscal un papel central na distribución destas relacións. Todo isto tendo en conta que os incumpridores dos fins de estabilidade orzamentaria son os outros en nunca a propia Administración do Estado.

* * * * *

A derradeira intervención das xornadas contou coa participación de **José Antonio Monterrubio Quirós**, profesor de dereito administrativo da Universidade Rey Juan Carlos de Madrid. No primeiro relatorio abordou os efectos prácticos da introducción do euro en materia de Función Pública.

O profesor Monterrubio fixo una eséxese moi clara de toda a problemática que se presentou ata a data sobre a incorporación do euro. Unha principal preocupación presentouse respecto da necesidade de información desde o punto de vista dos recursos humanos atallada en parte a través dos medios de formación. Mencionou a tarefa que de forma pioneira está a realiza-la EGAP como centro de formación neste tema.

Hai unha serie de sectores do emprego público onde a incidencia é importante. O relator mencionou en primeiro lugar os instrumentos de ordenación de Función Pública. Unha das cuestións máis esenciais que se presentan en materia de Función Pública é o tema de relacións de postos de traballo, e que o relator quixo deixar claro porque neste sentido, dixo, presentáronse moitas cuestións de carácter práctico. Neste sentido as políticas son diverxentes. Así, hai entidades locais que adaptaron directamente, é dicir, reconvertéron as cantidades retributivas (sobre todo os complementos específicos, de produtividade, etc), e outras están a estudar a modificación propiamente das relacións de postos de traballo. Así, este é un dos sectores onde se presentou unha especial problemática. Sobre o que xa é máis puntual, a aplicación nas nóminas da introducción do euro, é dicir, sobre a xestión específica retributiva existe unha Resolución do 5 de decembro de 2001.

O profesor Monterrubio advertiu, no que respecta á materia retributiva, sobre a existencia da Resolución do 2 de xaneiro de 2002 sobre aplicación con carácter mensual do orzamento xeral do Estado en materia de retribucións para o persoal.

Existe outro sector onde a introducción do euro ten unha indubidable importancia como é o ámbito da negociación colectiva, que a través dos instrumentos, pactos e acordos vai sufrir unha transformación coa entrada do euro.

A segunda intervención do profesor Monterrubio Quirós abordou as cuestións relativas á introducción do euro e a os seus efectos nas corporacións locais.


Se todos estamos de acordo, afirmou o relator, en que as entidades locais son a parte da Administración máis achegada ós cidadáns, sen embargo, respecto da introducción do euro a resposta non foi a mesma dos concellos cara os cidadáns. En primeiro lugar porque a introducción do euro foi monopolizada pola Administración do Estado e polas CC.AA nunha segunda orde, quedando o papel dos concellos máis deslucido, aínda que non por isto menos importante.

A introducción do euro ten un efecto tamén psicolóxico que debería ser atendido en boa parte polas entidades locais nesa proximidade. Esta é, según o profesor Monterrubio, unha das críticas ás entidades locais na súa incidencia coa cidadanía. Aquí témo-lo caso da falta de entidades bancarias nos concellos pequenos e dispersos, o que dificultaría o troco de pesetas a euros, e polo tanto, do acceso de tódala poboación ó euro. As distintas medidas previstas para este 10% da poboación rural no fonro aplicadas polo Ministerio de Economía e Facenda.

Hai que ter en conta o Acordo de colaboración entre o Ministerio de Economía e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) do 17 de decembro de 2001, sobre criterios e aspectos relativos ó euro. Este acordo é un instrumento xurídico, de natureza contractual, nace no marco das técnicas de colaboración, de cooperación entre entidades, a FEMP e o Ministerio de Economía. Aquí recóllese o tema da introducción efectiva do euro nos concellos e pequenos concellos. A propia FEMP elaborou un informe xurídico no que analiza sectorialmente a incidencia do euro e como se poden aborda-los seus efectos. Este informe atende a aspectos contables principalmente e non tanto a outros aspectos máis sociolóxicos.

Respecto do tema da información ós cidadáns por parte das entidades locais, destacou o papel das CC.AA e os seus centros de formación ós que acudiron os funcionarios locais a informarse para logo poder trasladar-los seus coñecementos ós cidadáns que demanden información.

* * * * *

Ó organizar estas xornadas a EGAP quixo axudar a resolver as dúbidas, dificultades e problemas que a entrada en vigor do euro podía suscitar no seo das administracións públicas e coñecer ó mesmo tempo as particularidades máis significativas da moeda única. Dado o seu éxito podemos afirmar que o obxectivo foi plenamente acadado. 

XORNADAS SOBRE O SILENCIO ADMINISTRATIVO E A NOTIFICACIÓN DOS ACTOS ADMINISTRATIVOS

Ferrol, 21 de xuño de 2002

Xosé Antón Barreiro Pereira

Avogado

1. Introducción

Para a Administración pública o acto administrativo configúrase como o instrumento mediante o que expresa a súa vontade e lle permite cumprir-las diversas funcións que ten atribuídas. Para o administrado, representa o fundamental vehículo da súa relación coa Administración, a través do cal vai experimentar beneficios ou inconvenientes na súa situación xurídica, no seus dereitos ou intereses.

Dentro do contorno xurídico e administrativo do acto administrativo, as xornadas convocadas dedicaranlle unha especial atención, desde un tratamento práctico, ó relevante tema da notificación e publicación destes actos, ó significado, alcance, tipoloxía e posición xurisprudencial máis recente sobre o instituto do silencio administrativo. Este panorama completáse cun detido estudo sobre algunhas cuestións de tan singular importancia coma de inesgotable interese, como son a revisión de oficio de actos e normas e as medidas preventivas no eido administrativo e contencioso administrativo; todo isto, na procura de mellora-la aptitude formativa dos destinatarios desta actividade.

2. Comentarios ó acto de apertura e de presentación

A Escola Galega de Administración Pública, a Consellería da Presidencia e Administración Pública e o Centro de Estudos Xurídicos Superiores (C.E.X.U.S.) organizaron conxuntamente estas xornadas que se desenvolveron no salón de actos do Edificio administrativo da Xunta de Galicia en Ferrol, que permitiu que se puidera facer de maneira descentralizada, fóra da sede central da EGAP en Santiago de Compostela, o día 21 de xuño de 2002¹. A xornada contou cunha nutrida asistencia de persoas moi interesadas e participativas nos coloquios que tiveron lugar no seu transcurso. Os relatores durante a xornada foron don José Antonio García Trevijano, avogado, letrado do Consello de Estado e profesor de dereito da Universidade Complutense de Madrid e, don Ernesto García Trevijano, tamén avogado, letrado do Consello de Estado e profesor de dereito administrativo na Universidade Complutense de Madrid.

Estas xornadas foron inauguradas polo director da EGAP, **Domingo Bello Janeiro**, que despois de da-la benvida e agradece-la presenza do público asistente e a colaboración dos recoñecidos expertos, resaltou o seguinte:

■ *A nova regulación das infraestructuras agrícolas de Navarra.* A Lei foral 18/1994, do 9 de decembro, de reforma dotou a Navarra dunha lexislación propia en materia de concentración parcelaria, modernización e transformación de regadíos. Foi substituída pola Lei foral 1/2002, do 7 de marzo, de infraestructuras agrícolas (LFIA). Os motivos que causaron esta nova regulación foron dous: a simplificación dos procedementos de concentración parcelaria e a eficiencia no uso da auga. As actuacións en materia de infraestructuras lévanse a cabo mediante a concentración parcelaria, a transformación en regadío e a modernización dos regadíos existentes. Todas se practicarán sobre solo non urbanizable.

Como medidas de apoio a estas actuacións atopámo-lo fomento das explotacións viables, o fondo de terras (dispoñer de terras para destinalas á constitución de explotacións viables), as sociedades agrarias (redución de concentracións nos regadíos tradicionais) e o traslado de dereitos de plantación e cultivos permanentes.

En canto ás medidas de protección, están as unidades mínimas de cultivo (art. 47 LFIA), as fincas regables por transformación (mantelas, ó menos, quince anos), as unidades de rega (tamaño mínimo das unidades de rega e de condicións básicas e, as limitacións á transformación e ás axudas para a instalación en parcela).

Por último, a execución das obras de infraestructura agrícola vertebrárase mediante a concentración parcelaria.

■ *A nova regulación da concentración parcelaria.* A concentración parcelaria e o procedemento polo que se leva a cabo constitúe o elemento central sobre o que xiran tódalas actuacións en infraestructuras agrícolas en Navarra. O procedemento ten unha natureza complexa, xa que está integrado por tres procedementos administrativos distintos para acadala reordenación da propiedade dunha zona determinada. Os procedementos son: a aprobación da actuación concentradora, a aprobación das bases da concentración e a aprobación do acordo da concentración. Tamén existe ademais deste procedemento ordinario, un procedemento abreviado só para determinados supostos (refundición dos procedementos de aprobación das bases e do acordo) e uns procedementos especiais (previstos para a concentración parcelaria de dereitos de aproveitamento ou de terreos comunais e asimilados).

A aprobación do Decreto foral de actuación en infraestructuras agrarias establece unhas actuacións previas agrupadas en tres fases típicas: iniciación, instrucción e terminación.

O procedemento ordinario. (P.O.) As bases da concentración determinan a situación xurídico-económica da zona definitiva de concentración e a descrición da situación ambiental ou ecolóxica da zona de concentración. No procedemento de aprobación tamén se distinguen as tres fases de iniciación, instrucción e terminación. A simplificación do procedemento consiste na eliminación das enquisas das bases e do acordo de concentración (a pesar de que era unha canle para a participación pública e para a audiencia dos interesados, co que isto pode supoñer para a validez da concentración, segundo a lexislación administrativa vixente).

En canto ó Acordo de concentración, é o acto polo que se remata a concentración, trala reordenación da zona, determinando a situación xurídica na que queda esta. A aprobación deste acordo lévase a cabo cando as bases adquiren firmeza administrativa.

O procedemento abreviado. (P.A.) Require a declaración como preferente da concentración parcelaria no Decreto foral que a aproba, sempre que se dean algúns dos supostos recollidos no art. 13 LFIA.

Os procedementos de revisión. Trátase dun recurso baseado en defectos de cabida.

Procedementos de execución da actuación. Require tanto actuacións materiais como formais. No P.O en ocasións esíxese a firmeza en vía administrativa dun determinado acto para seguir adiante co resto do procedemento. En cambio no P.A os actos e acordos serán inmediatamente executivos dende a súa publicación no BO de Navarra.

■ *A avaliación do impacto ambiental das actuacións nas infraestructuras agrícolas.* As actuacións da concentración parcelaria afectan directamente sobre os ecosistemas naturais da zona. A lexislación autonómica incorpora diversas técnicas de control da súa incidencia ambiental. A avaliación de impacto ambiental introduciu a variable ambiental na toma de decisións sobre determinadas actividades susceptibles de xerar efectos significativos no medio. O sometemento pleno a esta avaliación mantense na LFIA no seu artigo 8. Debido á complexidade do procedemento de concentración parcelaria, non existe un proxecto concreto para o seu sometemento á avaliación ambiental, senón que esta concreción vaise acadando a medida que se avanza no dito proceso. En canto ós seus efectos, aparecen regulados no artigo 9 LFIA.

En definitiva, os principios que artellan a concentración parcelaria poderíamos dicir que son: sostibilidade ou viabilidade económica e ambiental das actuacións, procedemento administrativo de concentración

parcelaria como eixe central das actuacións das infraestructuras agrícolas, celeridade e simplificación do procedemento, incremento de intervenciónismo administrativo e conservación do actuado.

Vías pecuarias

■ *O novo marco legal e o cambio de paradigma das vías pecuarias.* - Lei foral 19/1997, do 15 de decembro. A nova concepción das vías pecuarias pasa por catro novos aspectos: a diversidade funcional (dedicadas a unha pluralidade de funcións públicas), os múltiples usos que posúen, a súa consideración de bens de dominio público das CCAA e o feito de deixar de ser un dominio público relaxado e convertérense nun superreforzado polo incremento das potestades públicas de protección.

A lexislación vixente establece unha serie de condicionantes xerais para a aprobación das modificacións do trazado dunha vía pecuaria, calquera que sexa a causa que a provoca.

As vías pecuarias constitúen recursos turísticos que poden ser postos ó servizo do desenvolvemento rural.

Sen embargo, hai dificultades para a aplicación do novo paradigma das vías pecuarias en Navarra, xa que falta maior claridade nos procedementos de alteración do trazado das vías pecuarias e da desafectación. Existe unha dispersa e errónea atribución de potestades sobre as vías pecuarias a diversos órganos da Administración foral e, tamén, unha deficiente regulación dalgunhas potestades públicas sobre este tipo de vías.

Explotacións agrarias en núcleos de poboación

Aparecen contrapostos intereses sanitarios e ambientais da poboación en que están instaladas as explotacións e, doutra banda, intereses sociais e económicos dos seus titulares, ó tratarse de explotacións modestas e con escasas perspectivas de futuro. Segundo o Decreto foral 188/1986, do 24 de xullo, as explotacións pecuarias, que non contasen coa licenza de actividade clasificada, debían desaparecer nos núcleos urbanos en agosto de 2001, así como as dos núcleos rurais que non solicitaran a legalización da súa actividade antes do 6 de febreiro de 1987. Sen embargo, a Lei foral 11/2000, do 16 de novembro, de sanidade animal amplía este prazo de tolerancia en dous anos. A ampliación do prazo é unha solución provisional a un problema que ten difícil arranxo.

Aspectos xerais

O dereito agrario pasou de ser un ordenamento disciplinar da propiedade da terra a ser un ordenamento da actividade de produción e, finalmente, a ser un ordenamento disciplinar da circulación e do mercado dos produtos agrarios. Esta evolución foi inducida pola política agraria común, que tamén pasou por tres etapas.

Cataluña ten competencias exclusivas sobre montes, aproveitamentos e servizos forestais (art. 149.23 CE). Así mesmo, tamén ten competencia na conservación, modificación e desenvolvemento do dereito civil catalán.

Un reflexo da evolución recensionada anteriormente é a *Lei 18/2001, do 31 de decembro, de orientación agraria*, que indica os obxectivos de actuación da Administración agraria e dos axentes económicos e sociais do sector coa finalidade de acadar a consolidación da actividade agraria e a mellora das condicións en que se exerce. Algunhas medidas serían a organización do territorio e do medio rural, a xestión do territorio, o recoñecemento social e ambiental da actividade agraria, o seu carácter multifuncional, etc. Ademais inclúense, tamén, medidas de tipo específico. Esta lei, así mesmo, detalla unha serie de políticas concretas para acadar uns obxectivos fixados nela. Algunhas destas políticas serían a modernización da empresa agraria, a orientación de políticas ó incremento das actividades agrarias sostibles, a priorización dun modelo de explotación agraria con base na profesionalidade e viabilidade, a implicación de mozos e mulleres na actividade agraria, etc.

Unha parte importante da lei dedícase á política de produción agraria, que comprende a agrícola, a gandeira e a forestal.

Outro aspecto importante é a innovación e as transferencias de tecnoloxía agroalimentaria, ó se sinalaren unha serie de obxectivos e unhas liñas de actuación que as fagan posible.

A lei de orientación dedica unha atención especial á política de desenvolvemento rural referida á transformación, comercialización e á calidade dos produtos agroalimentarios (froito disto foi a presentación no Parlamento catalán, o día 15 de xullo de 2002, do proxecto de lei de calidade agroalimentaria).

A actividade económico-agraria

■ *As actividades agrarias.* Estas actividades divídense en:

■ *Específicas:* agricultura, gandería e silvicultura como contemplan a Lei 18/2001, a Lei 2/2002 de urbanismo e a Lei 18/2002 de cooperativas.

■ *Complementarias*: actividades ligadas á produción, transformación e comercialización de produtos agrarios, o agroturismo, a calidade dos produtos agrarios e agroalimentarios e a artesanía. Así mesmo, tamén se incluíría a actividade cinexética e a de conservación da natureza. Existe unha clara tendencia á ampliación deste tipo de actividades.

■ *Actividades realizadas mediante un contrato de integración*: (Lei 28/1984, do 28 de novembro) son convenios entre agricultores e industriais que colaboran integrando as súas actividades nunha ou varias fases da actividade agraria. Existen tamén no ámbito gandeiro estes contratos (ben sexa para o engorde ou ben para a obtención de crías). Hai distintos tipos de contratos que recibirán a cualificación de mercantís ou civís, co que isto supón á hora da existencia de exclusividade estatal para regular ou non (o art. 1 da lei establece que son civís). Dentro dos tipos de contratos de integración de engorde ou non, clasificaranse como actividades esencialmente agrícolas e, outros, como complementarias.

■ *A explotación agraria e os seus elementos*. Conxunto de bens e dereitos constitutivos dunha unidade técnico-económica, que se organizan empresarialmente polo seu titular no exercicio da actividade agraria, con fins de mercado. A Lei 18/2001 tende a utiliza-lo concepto de explotación como actividade e non como conxunto de bens. O artigo 2.3 da Lei estatal de modernización das explotacións agrarias establece qué se entenderá por elementos da explotación.

■ *O réxime da base territorial rústica da explotación*.- Deben terse en conta as normas relativas á determinación, protección e aproveitamento do solo rústico. A determinación e protección regúlanse no artigo 1.2 b) da Lei 18/2001, tamén na Lei 23/1983 de política territorial e na Lei 2/2002 de urbanismo. O aproveitamento do solo rústico deberá facerse atendendo ó seu potencial productivo e evitando a infrautilización e o abandono das terras de cultivo.

Outro aspecto relevante é o que se refire ó acondicionamento do solo rústico para a racionalización do seu aproveitamento agrario, mediante a instauración de unidades mínimas de cultivo e da concentración parcelaria e, mediante a introducción de melloras nas fincas que faciliten o seu cultivo.

■ *O estatuto da propiedade forestal*. Lei 6/1988, do 30 de marzo, forestal de Cataluña, determina o solo afectado polas súas normas, indica as actuacións destinadas a preserva-lo mantemento da súa natureza, a súa conservación, etc. Tamén prevé o caso de que por razóns de utilidade pública determinados terreos forestais, tanto de titularidade privada coma de titularidade pública, poidan ser obxecto dunha declaración especial que os somete a un réxime específico para asegura-la permanencia das masas boscosas que garantan o mantemento do sistema hidrolóxico.

■ *As modalidades da empresa agraria.* O lexislador amosa unha preferencia pola explotación directa e pola vía ó mercado da xestión cooperativa. Tamén se sinalan como desexables aspectos como a profesionalidade, a formación, a capacitación persoal, a multifuncionalidade, a diversificación das actividades agrarias e a versatilidade respecto de modelos específicos de actividade agraria. Sen embargo, tamén se percibe unha preferencia cara ás explotacións de tamaño medio e pequeno.

A empresa agraria pode ser individual ou social. Na individual soe engadirse a conxugal e a familiar e, é esta última a predilecta polo lexislador catalán (incorporación dos mozos e das mulleres), que tamén se ve favorecida polo sistema lexitimario catalán, de lexítima corta e liquidable en diñeiro.

En canto á empresa agraria societaria, pode revestir calquera das formas societarias civís e mercantís. A Lei 18/2002, do 5 de xullo, regula as cooperativas como unha das formas societarias, pero manifesta unha inclinación a favor das cooperativas de servizos.

Outra forma asociativa é a parcería, que pode dar vida a unha explotación agrícola, gandeira ou silvícola.

A titularidade de explotación

A unidade técnico-económica da explotación constitúese polo empresario agrícola individual ou social a través dunha serie de relacións xurídicas principais e complementarias. Nesta relación principal (realizar unha actividade productiva) inscríbese a titularidade de explotación, que pode ser persoal ou real.

■ *A titularidade persoal:* a máis significativa é o dereito arrendaticio rústico. Atopamos referencias ó contrato de parcería rústica rexido pola lexislación de arrendamentos rústicos.

Existen novas titularidades arrendaticias, como se manifesta na Lei 25/2001, do 31 de decembro, da accesión e a ocupación (art. 5 mediante plantacións e cultivos de longa duración). O art. 6 refírese ó caso de que as plantacións e cultivos sexan de curta duración en terreo alleo e de boa fe.

■ *A titularidade real:* o dereito de propiedade é a titularidade real por excelencia. Non existen especialidades de carácter agrario nos modos de adquisición da propiedade.

■ En canto á accesión si existe unha regra particular sobre a adquisición do dominio de fincas rústicas no caso de que alguén plantara ou cultivara en finca allea de longa duración coa mala fe do propietario, podendo ou ben adquirilo solo ou obrigar ó propietario a mercarlle o cultivo e aboando danos e perdas.

■ En canto ó censo, é unha figura anacrónica e co fin de facelos des-

aparecer dictouse a Lei 6/1990, do 16 de marzo, de censos. A figura máis coñecida dentro dos censos é a enfiteuse.

■ O dereito de superficie consiste en que quen se propoña facer unha plantación conveña co dono do terreo que lle consinta plantar na finca árbores sobre o terreo. Soe establecerse coa finalidade de obter pasta de papel de eucaliptos a favor de industrias papeleiras. Esta figura foi regulada pola Lei 22/2001, do 31 de decembro, de regulación dos dereitos de superficie, de servidume e de adquisición voluntaria ou preferente.

■ A *rabassa morta*, ou censo a primeiras cepas, é un contrato segundo o que o dono dunha finca cede o seu uso para plantar viñas polo tempo que vivan as primeiras cepas plantadas a cambio dunha renda ou pensión anual a cargo do cesionario, en froitos ou en cartos.

■ O dereito de usufructo preséntase como titularidade de explotación agraria de grande relevo e significación, regulada pola Lei 13/2000, do 20 de novembro, de regulación de dereitos de usufructo, uso e habitación. No dereito catalán sempre estivo presente a figura do usufructo de bosques e de árbores.

Noutros dereitos reais sobre finca allea atopamo-la posibilidade de facer seus de boa fe os froitos da cousa posuída.

O exercicio controlado das actividades agrarias

As preocupacións do lexislador catalán concrétanse na Lei de orientación agraria.

Un dos orzamentos da actividade agraria sería a xestión racional dos recursos naturais renovables e non renovables. É de destacar, neste sentido, a sanidade vexetal e animal e a salubridade do territorio e do hábitat rural.

A consecución destes obxectivos implica o establecemento de actuacións de fomento e de medidas adecuadas de establecemento de controis. Dentro das regras que existen no dereito catalán son de destaca-las relativas ós espazos naturais, ás do uso do solo, etc.

Ademais destes controis de carácter xeral, tamén existen controis de carácter sectorial, coma a actividade agrícola, controlando o uso dos medios de produción, racionalización da súa xestión, sanidade vexetal e salubridade. Tamén se refire a Lei 18/2001 a actuacións directamente relacionadas co ámbito económico como pode se-lo fomento da adquisición de maquinaria agrícola de uso común.

En canto á actividade gandeira, o lexislador establece controis para sostibilidade do territorio e para a sanidade gandeira. Un exemplo claro sería o fomento de utilización de dexeccións gandeiras como substituti-

vos de fertilizantes químicos e outros fertilizantes orgánicos. Así mesmo, atopamos medidas de prevención e control das enfermidades animais.

Por último, no que se refire á actividade silvícola, a lei catalana non é tan explícita. A Lei de orientación limítase a determinar que cada finca forestal se debe considerar especificamente en canto á súa xestión. Sen embargo, a Lei forestal si contempla una ampla normativa sobre o control dos aproveitamentos forestais en si. A actividade forestal deberá realizarse dentro das coordenadas de actuación do Plan xeral de política forestal. Os aproveitamentos forestais deberán garanti-la dispoñibilidade futura dos recursos naturais renovables e a conservación dinámica do solo forestal.

A inmisión dos productos agrarios no mercado

■ *A oferta alimentaria e a súa calidade:* o intento legislativo de que a oferta dos productos agrarios se relacione o máis perfectamente posible coa demanda é obxecto de atención na Lei 18/2001 de orientación agraria. Débeselles prestar especial atención ás esixencias sociais en materia de calidade e de seguridade de productos agrarios.

Que a oferta sexa atractiva significa que sexa de calidade e segura. Ademais terá que ser competitiva, é dicir, intentar estar o máis posible no mercado interior e exterior.

■ *A mellora da calidade dos productos agrarios:* refírese especialmente a este aspecto a Lei de orientación agraria, cando fala de produción integrada, da ecolóxica ou do fomento da calidade dos productos agrarios. A atención máis intensa céntrase na alínea dos productos agrarios e gandeiros sobre o control e a inspección de calidade e das chamadas certificacións de calidade.

■ *Normativa sobre seguridade alimentaria:* hai que facer referencia á Lei 20/2002, do 5 de xullo, de seguridade alimentaria que se propón garantirlle ó consumidor a inocuidade dos alimentos en relación cos perigos biolóxicos, físicos, químicos, etc. e establece unha serie de medidas para acadar este obxectivo. Inclúe mencións a procedementos de análise de riscos.

O control ó que fai referencia o lexislador catalán fala de "trazabilidade" como seguimento dos diferentes tramos ou trazos de elaboración polos que pasa un produto alimentario para acadar a eficacia dos oportunos controis. Se ben este procedemento é o mecanismo máis operativo para acadar a inocuidade dos productos alimenticios, tamén hai outros como é o principio de precaución fronte ós supostos en que existan dúbidas de que un produto alimentario comporte efectos nocivos para a saúde.

Unha parte da lei menciona a Axencia Catalana de Seguridade Ali-

mentaria, como organismo administrativo autónomo e con personalidade xurídica propia.

■ *Referencias de calidade dos productos agrarios.*- un dos propósitos da lei é o incremento da produción agroalimentaria de orixe e calidade diferenciadas, mediante a consolidación das denominacións de orixe protexidas (DOP), das indicacións xeográficas protexidas (IXP), das marcas de calidade, etc.

Existen referencias de calidade europeas, estatais e autonómicas; dentro das europeas hai que ter en conta cáles se conectan máis co territorio; atopamos as DOP e as IXP que son de carácter xeral, pero exclúen ó viño. O lexislador catalán trata de impulsar todas estas referencias.

A Administración agraria catalana promoveu a creación de referencias de calidade propias, entre as que destaca a "qualitat alimentària" (marca Q), que é unha marca propiedade da Generalitat de Cataluña que se lles dá ós productos agroalimentarios que presentan características diferenciadas, previstas na regulamentación oportuna, que cumpren, no nivel superior, as normas de calidade e que están controladas e certificadas mediante a actividade de entidades externas.

Tamén é de promoción autonómica o distintivo de identificación de produción integrada, sobre o que na actualidade se está a preparar un decreto que tende a realizar un sistema productivo de carácter máis naturalista.

DEREITO AGRARIO AUTONÓMICO CASTELÁN MANCHEGO

ANA CARRETERO GARCÍA

A relatora unicamente citou disposicións legais dictadas nos distintos aspectos do dereito agrario: normas con rango de lei, medidas de desenvolvemento rural, plan Leader Plus, denominacións de orixe, organismos modificados xeneticamente, viñedos, axudas ós cultivos sociais e proxectos de lei.

JOSÉ IGNACIO SOBRINI LACRUZ

Ámbito competencial da Comunidade Autónoma de Castela e León en materia agraria

O Estatuto de Autonomía da comunidade recoñécelle potestades para a produción normativa: competencia exclusiva en agricultura, gandería, industrias agroalimentarias, sanidade, denominacións de orixe, zonas de montaña, cámaras agrarias e algúns aspectos do medio natural.

Cómpre salientar que existe numerosa xurisprudencia do TC sobre competencia das CCAA.

Intento de sistematización do dereito agrario da Comunidade Autónoma de Castela-León

A Administración agraria da comunidade organiza a súa propia estrutura, distinguindo distintos campos de actividade. Sen embargo, non todos estes campos dan lugar a un dereito agrario, por diversos motivos ó aplicarse directamente a lexislación estatal.

Dereito agrario autonómico regulador da propiedade agraria

Aplicase directamente o Código civil, porque non ten competencia nesta materia. Son escasas as manifestacións no ámbito da intervención administrativa sobre a propiedade agraria. Segue a ser de aplicación a Lei estatal 34/1979, do 16 de novembro, de fincas manifestamente mellorables.

Dereito agrario autonómico regulador das estruturas agrarias

1. *Concentración parcelaria*: Lei 14/1990, do 28 de novembro. A concentración inclúese dentro do proceso de ordenación do territorio e procura a protección esencial do medio natural. Neste sentido enmárcase a avaliación de impacto ambiental do proceso de concentración parcelaria cando supoña riscos ecolóxicos graves. Os afectados teñen unha presenza decisiva no proceso.

2. *Obras e melloras*: (Lei 14/1990) en zonas de concentración parcelaria, así como as expropiacións e ocupación que ocasionen. Supletoriamente aplícase a Lei de reforma e desenvolvemento agrario.

3. *Fondo de terras*: coa finalidade de melloras as explotacións existentes ou de crear outras novas.

4. *Unidades mínimas de cultivo*: en cumprimento do disposto na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias; o Decreto 76/1984, do 16 de agosto, fixa a unidade mínima segundo sexa de secaño ou de regadío.

5. *Arrendamentos rústicos*: créase o Rexistro especial de arrendamentos rústicos da comunidade e as xuntas arbitrais provinciais de arrendamentos rústicos.

Dereito agrario autonómico regulador da actividade agraria

O interese xeral xustifica o feito de impoñerlle limitacións á actividade agrícola e gandeira:

1. *Sanidade e ordenación agrícola*: Orde do 25 de xullo de 2001 da Consellería de Agricultura e Gandería que regula o potencial de produción viática na comunidade, con especial tratamento nas zonas de concentra-

ción parcelaria; o *Decreto 208/2000, do 5 de outubro*, da produción integrada de produtos agrícolas de Castela-León; *Orde do 14 de febreiro de 2000*, que normaliza a inscrición e funcionamento do Rexistro oficial de establecementos e servizos praguicidas.

2. *Ordenación gandeira*: conta cunha regulación específica de ordenación e rexistro das explotacións cunícolas dende 1989 e apícolas dende 1997. É de aplicación a Lei estatal reguladora da avaliación de impacto ambiental. Hai transferencias en dereitos de produción de gando ovino, caprino e vacas amas, así como, sobre o leite e produtos lácteos. Así mesmo, existe regulación sobre pastos sometidos a ordenación común. A Lei 1/1999, do 4 de febreiro, establece a constitución na entidade local da Asociación de agricultores e gandeiros, dentro da que se constitúe a Comisión de Pastos, que redactará as ordenanzas de pastos que rexerán o aproveitamento da localidade e a adopción de acordos e propostas que se deben dirixir a quen corresponda.

3. *Sanidade animal*: Lei 6/1994, do 19 de maio, de sanidade animal. Esténdese a todo tipo de animais, ós seus produtos, solos, terras, pastos, etc. Tamén se regula o medicamento veterinario.

4. *Industrias agrarias*: a Consellería de Agricultura e Gandería regula e convoca os incentivos para o fomento dos investimentos para a mellora das condicións de transformación e comercialización dos produtos agrarios, silvícolas, etc.

5. *Calidade alimentaria e defensa da calidade*: regulamentos sobre denominación de orixe e indicacións xeográficas protexidas. É de destacalo sector vinícola nas denominacións de orixe. Tamén no queixo, botelo, mazás, etc. Como indicacións temos a chacina, feixóns, lentellas, carne de Salamanca, etc. En canto á defensa da calidade, establécense controis e sancións, así como normativa sobre desenvolvemento e execución en materia de defensa do consumidor.

6. *Axudas agrícolas, gandeiras, agroambientais e á transformación por conta do FEOGA Garantía*, observando a regulamentación comunitaria de aplicación.

7. *Axudas á modernización de explotacións e ó desenvolvemento rural por conta do FEOGA Orientación*, axudas para a mellora das estruturas agrarias.

8. *Comercialización agraria e asociacionismo*, o Decreto 208/1997 do 16 de outubro crea o Rexistro de cooperativas da comunidade autónoma. Posteriormente a Lei 4/2002, do 11 de abril, de cooperativas dedícalle determinados artigos ás cooperativas agrarias.

As cámaras agrarias

Lei 1/1995, do 6 de abril, de cámaras agrarias extingue as cámaras agrarias locais e destina o patrimonio a fins e servicios de interese agrario e, continúa co negocio a propia sociedade organizada en agrupacións naturais de ámbito local, trátase das xuntas agropecuarias locais.

Outras formas de organización administrativa: o Instituto Tecnolóxico Agrario de Castela-León

Impulsa-la investigación e o desenvolvemento tecnolóxico, executar obras de infraestrutura de interese xeral agrario, controla-las entidades de certificación, promove-la calidade dos produtos alimentarios, etc. Este instituto é un ente público con personalidade xurídica que se rexe polo dereito privado.

Aspectos medionaturais

Existe unha ampla regulación nesta materia.

JOSÉ MARÍA DE LA CUESTA SAEZ

Contido

▮ *O dereito de estruturas:* a lexislación sobre concentración parcelaria é novidosa no referente á conservación do medio natural, á sanción da infracción da unidade mínima de cultivo, á concentración de segundo grao, as realizadas por privados, e ó fondo de terras. Polo demais non difire da estatal.

▮ *A organización corporativa dos agricultores:* a Lei 1/1999, do 4 de febreiro, de ordenación dos recursos agropecuarios locais e da taxa por aproveitamento dos pastos, herbas e restrollos, crea as xuntas agropecuarias locais como asociación sen ánimo de lucro, dotada de personalidade xurídica e que agrupa os agricultores e gandeiros da localidade.

▮ *A agrupación de produtores:* a Lei 4/2002, do 4 de abril, de cooperativas de Castela e León, permite a agrupación de 3 ou máis agricultores ou gandeiros, persoas físicas ou xurídicas, cun capital mínimo de 2.000 €.

▮ *Novas formas de exercicio das competencias en materia de agricultura e gandería:* O Instituto Tecnolóxico Agrario de Castela e León integrará os centros tecnolóxicos especializados existentes na Consellería de Agricultura e Gandería e pode actuar como medio propio da Administración en investigación, en certificación de calidade e en promoción de iniciativas de desenvolvemento específicas.

▮ *Lexislación ambiental e agricultura:* existen numerosas normas de dereito agrario cargadas de consecuencias ambientais e amais, as normas

ambientais inciden fortemente nas explotacións agrarias e gandeiras. Exemplos disto son a Lei de concentración parcelaria e a Lei 5/1989, do 21 de outubro, sobre actividades clasificadas, respectivamente; así mesmo, a Lei de espazos naturais, protección de augas, reforestación, recursos acuáticos e actividade cinexética.

A caza vese constrinxida pola clasificación dos terreos. O réxime de responsabilidade polos danos causados é un disparate xurídico e o sistema de seguros, un reparto aleatorio e inxusto de responsabilidade por danos que orixinou a Administración pública.

A inseguridade xurídica xerada produciu unha inxente litixiosidade. Só cabe esperar que a pronta derogación da Lei de caza solucione os problemas que creou.

■ *Conclusión:* no dereito agrario castelán-leonés conviven normas de grande acerto e orixinalidade con outras erróneas e nocivas.

O lexislador castelán foi sensible ás necesidades do mundo rural e, o seu desacerto ocasional pode corrixirse, tal é o caso da lexislación en materia de caza.

O DEREITO AGRARIO AUTONÓMICO BALEAR

CARLOS MALUQUER DE MOTES Y BERNET

As competencias da comunidade autónoma

A base constitúe a Compilación de dereito civil das Baleares de 1961, reformada polo Decreto legislativo 79/1990, do 6 de setembro. O feito de que sexa un territorio insular mediatizado polo turismo fai que non se dedique demasiada lexislación ó rural. O turismo fixo que subise desorbitadamente o prezo da terra, ademais os recursos en auga e en espazos naturais son limitados.

■ *As institucións e normas de interese agrario no seo do dereito civil:* as Baleares, de acordo co seu Estatuto, poden crear leis en materia de herdanzas sucesorias, no tema da sociedade rural, no réxime de explotación familiar agraria, de contratación, etc.

■ *As competencias específicas en materia agraria:* a comunidade ten competencia exclusiva na ordenación do territorio, nas obras públicas de interese xeral no territorio da comunidade, no réxime de augas, na acuicultura, na caza, na pesca, no ensino, etc. Tamén lle corresponde o desenvolvemento legislativo e a execución na ordenación das institucións de crédito público e territorial, protección do medio natural rural, contratos e concesións administrativas para os efectos de modificar estruturas agrarias, etc.

■ *As sociedades cooperativas agrarias:* o artigo 11 do Estatuto refírese ás sociedades cooperativas e, correspóndenlles ás Baleares a competencia exclusiva nesta materia.

A política agraria, en xeral

Existen dous enfoques na política agraria: a agricultura de exportación e de autoabastecemento; a orientación inclínase a esta última. Os obxectivos que se van acadar son a elevación do nivel de rendas do agricultor e a conservación dos recursos naturais renovables.

Modificación e transformación da estrutura agraria

Con motivo da necesidade de regula-lo solo, obxectiva e detalladamente, para facerlles fronte ós procesos de desenvolvemento urbanístico con certa orde, publícase a Lei 6/1997, do 8 de xullo, sobre solo rústico das illas Baleares, que ten como fin establecer e regula-lo solo rústico.

Contratación agraria

Era frecuente que o propietario lles cedese fincas a distintos agricultores en réxime de parcería, ben se tratase de sistemas de barbeito, de pastos ou de sementeiras. Tamén eran susceptibles de contratación as rotacións de cultivos. Este sistema faise en Mallorca, porque en Menorca existe a *Sociedade Rural*, artigo 64 da compilación. É unha institución de parcería en que o titular da finca achega a metade da semente e a totalidade dos fertilizantes, así coma a mouta ou o gando; pola contra, o cultivador achega o seu traballo e comprométese a achega-lo da súa familia que conviva con el na finca e a metade das sementes.

Os gastos impútanselle á sociedade, así como as taxas e arbitrios municipais. A contribución da finca e da vivenda e a Seguridade Social corren por conta do titular do inmovible.

A liquidación tradúcese en diñeiro efectivo; extráense os gastos imputables á sociedade e o sobrante, repártese por metades.

A xestión é conxunta. Polo falecemento do socio cultivador non se extingue a sociedade, que pode continuar calquera outro membro da familia e, o mesmo sucede co titular.

Os espazos rurais

Son valores permanentes na comunidade a conservación do solo, a protección do medio natural, etc. debido á agresividade da lexislación urbanística. Lei 1/1991, do 30 de xaneiro, modificada pola Lei 1/2000, do 9 de marzo, sobre espazos naturais e de réxime urbanístico das áreas de especial protección das illas Baleares.

O bosque: a protección das árbores singulares

Creouse un Catálogo de árbores singulares, coa finalidade de que se inclúan nel tódalas árbores de características físicas extraordinarias, de interese científico relevante ou de sinalado valor cultural. Lei 6/1991, do 20 de marzo.

O DEREITO AGRARIO AUTONÓMICO RIOXANO

ÁNGEL SÁNCHEZ HERNÁNDEZ

As competencias en materia agraria no Estatuto de Autonomía da Rioxa

É unha competencia compartida entre o Estado e as CCAA. O artigo 8 do Estatuto da Rioxa establece a competencia exclusiva da comunidade e, respecta, en todo caso, o que di a Constitución. O artigo 9 establece as materias nas que lle corresponde a execución e o desenvolvemento lexislativo.

Normativa agraria da Rioxa

Dentro do dereito agrario da Rioxa podemos distinguir:

■ *Normativa agraria que lle afecta directamente á actividade de produción agraria:*

■ *Aproveitamento agrario dos montes:* a Lei 2/1995, do 10 de febreiro, de protección e desenvolvemento do patrimonio forestal da Rioxa dálle cumprimento ó mandato que establece o artigo 45 da CE. Define qué se entende por monte ou terreo forestal; ademais, establece unha clasificación entre montes públicos e privados, segundo a súa titularidade; outra clasificación, depende das súas calidades (de utilidade pública, protectoras e sen cualificar). A función social e ecolóxica dos montes, calquera que sexa a súa natureza, impón a primacía da conservación e mellora dos recursos naturais á que estará supeditado todo uso ou aproveitamento. Existe unha presunción de posesión a favor da entidade pública sempre que se inclúa un monte no catálogo. A declaración de monte público faina a Administración da comunidade; en canto ó aproveitamento dos montes, farase sempre atendendo ó seu carácter de recursos naturais renovables.

■ *Desenvolvemento rural:* a Lei 3/2000, do 19 de xuño, de desenvolvemento rural, garante o mantemento da poboación e a súa conservación cun nivel digno de benestar. Enténdese por desenvolvemento rural o proceso de mellora permanente da calidade de vida da poboación e do medio natural.

■ *Producción agraria e medio natural*: Lei 2/2002, do 8 de outubro, de protección do medio da Ríoxa. Os principios desta lei son a utilización racional e sostible dos recursos naturais, a preservación dos danos ó medio natural e a responsabilidade dos axentes económicos e sociais na protección das actuacións realizadas sobre o dito medio. A Orde 6/2002, do 13 de febreiro, establece as bases dun réxime de axudas para a utilización de métodos de produción agraria compatibles co medio natural. Dentro destas actuacións están a produción integrada e a agricultura ecolóxica. A produción integrada é un sistema de produción que pretende acadar unha agricultura de calidade e sostible (equilibrio entre agricultura e medio natural) e regúlase polo Decreto 53/2001, do 21 de decembro, que beneficiará tanto a consumidores, coma a agricultores e ó medio natural. En canto á agricultura ecolóxica, establece métodos de cultivo compatibles co medio natural a través dun catálogo de condutas agroambientais moi esixente. Significa cultiva-las terras e cria-lo gando de modo orgánico, sen axuda de elementos químicos de síntese.

■ *Agricultura asociativa e produción agraria; cooperativas agrarias e cooperativas de explotación comunitaria da terra*: a Lei 4/2001 de cooperativas é froito da atribución á Ríoxa da competencia exclusiva nesta materia. Son sociedades que asocian libremente a persoas con intereses ou necesidades socioeconómicas comúns para a satisfacción das que desenvolven actividades empresariais. Contempla as diversas clases de cooperativas:

■ *Cooperativas agrarias*: teñen como obxectivo a realización de todo tipo de actividades e operacións encamiñadas ó mellor aproveitamento das explotacións dos seus socios, dos seus elementos, da cooperativa, da mellora da poboación agraria e do desenvolvemento do mundo rural.

■ *Cooperativa de explotación comunitaria da terra*: asocian a titulares de dereitos de uso e aproveitamento de terras ou doutros bens inmobles, susceptibles de explotación agraria, que ceden estes dereitos á cooperativa e que prestan ou non o seu traballo.

■ *Sanidade animal*: a Lei 7/2002, do 18 de outubro, de sanidade animal ten como obxecto a mellora da sanidade animal, a mellora da saúde pública, a prevención dos riscos derivados do uso de produtos zosanitarios ou outras substancias empregadas na produción animal, que poidan repercutir na saúde humana.

■ *A vitivinicultura*: debe de atenderse á normativa básica do Estado nesta materia. Neste contexto atopamo-la Lei 8/2002, do 18 de outubro, de vitivinicultura da Ríoxa, que considera o viño coma un produto alimentario do que hai que asegura-la trazabilidade e a seguridade alimentaria do consumidor. Os principais problemas que aparecen na práctica son:

■ *Os dereitos de plantación e de replantación de viñedo*, estes dereitos téñense ou non en función da titularidade que ten sobre a parcela, pero para acadar un equilibrio no mercado, a liberdade de plantación de viñedo limitouse pola intervención administrativa; é unha prohibición xeral de novas plantacións que se levanta en casos determinados mediante unha simple autorización administrativa.

■ *As novas plantacións*, o dereito de nova plantación é privado pero queda suxeito á intervención administrativa. Haberá uns criterios de reparto fixados pola Administración autonómica para a asignación ós interesados.

■ *O arranque con replantación*, o titular do viñedo pode arrinca-la súa plantación, pero só o arranque do declarado e comprobado lle outorga ó seu titular unha posición xurídica que o faculta para realizar determinadas actividades.

■ *A replantación*; operación pola que un viticultor procede ó arranque das vides que ten plantadas nunha finca para substituílas por outras que serán plantadas.

■ *Plantación substitutiva*, o dereito de replantación non só se pode exercitar sobre a mesma parcela arrincada, senón tamén sobre outra parcela que pertence a outra explotación diferente. Un viticultor que arrinque un viñedo pode cede-lo seu dereito de replantación para que outro viticultor replante sen que aquel lle transmita a terra ou a explotación.

■ *Normativa da comunidade autónoma da Rioxá que lle afecta indirectamente á actividade de produción agraria:*

■ *Protección dos animais*: a Lei 5/1995, do 22 de marzo, da protección dos animais, ocúpase dos animais domésticos, da fauna silvestre e tamén, indirectamente, da actividade pecuaria.

■ *A Cámara agraria*: a Lei 4/1997, do 27 de maio, é reflexo da atribución da competencia exclusiva á comunidade en materia de agricultura, gandería e industrias agroalimentarias. É unha corporación de dereito público, para os efectos da súa constitución e organización, así como cando actúe desenvolvendo potestades públicas, dotadas de personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

■ *O regulamento das vías pecuarias*: a transhumancia modificouse e, mantívose a súa importancia ó tránsito entre rexións ou municipios próximos. As vías pecuarias son as rutas polas que discorre tradicionalmente o tránsito gandeiro. Denomínanse cañadas, cordeis e vereas dependendo da súa anchura. Son bens de dominio público das CCAA e a súa actua-

ción persegue garanti-lo seu uso. Os usos gandeiros non se someten a ningunha autorización, aínda que existen usos complementarios suxeitos a autorización para salvagarda-la integridade dos itinerarios pecuarios e os ecosistemas polos que discorren. Hai usos agrarios compatibles coa actividade pecuaria e usos recreativos de carácter complementario. Para protexe-lo patrimonio público das vías pecuarias, a Administración pública competente intensificará o control sobre os aproveitamentos recreativos en función do potencial lesivo que entrañen eses usos para as vías pecuarias.

■ *A Lei de caza da Rioxa*: regula o uso dos medios que se utilizan no exercicio da caza, impón limitacións e prohibicións en beneficio da caza e establece a necesidade de somete-la actividade cinexética a unha planificación previa. Hai dúas conexións entre a caza e o dereito agrario que son, o Réxime de responsabilidade civil por danos causados polas pezas de caza na actividade de produción agraria nas fincas veciñais e no propio predio no que se sitúa a herdade da caza.

■ *Ordenación do territorio*: a Lei 10/1998, do 2 de xullo, de ordenación do territorio e urbanismo da Rioxa. O lexislador amosou a súa preocupación pola protección do patrimonio histórico rioxano, o medio natural e a preservación dos terreos agrícolas que constitúen un sólido cimento da economía rexional; todo isto atopa reflexo na lei e, sobre todo, nas alíneas relativas á planificación e ó solo non urbanizable. Regúlanse a clasificación do solo, clasificación do solo en municipios sen planeamento, solo non urbanizable, delimitación de áreas específicas en solo non urbanizable xenérico, deberes e dereitos en solo non urbanizable, actividades e usos en solo non urbanizable, actividades permitidas, autorizables e prohibidas, actividades e usos prohibidos, actividades e usos autorizables, actividades e usos permitidos, etc.

■ *O turismo rural*: é unha actividade conexa á propia actividade principal agraria ó desenvolverse na mesma explotación agraria. A Lei de turismo da Rioxa contempla os establecementos de turismo rural como instalacións situadas no medio rural que se destinan ó aloxamento turístico de forma habitual e mediante prezo.

O DEREITO AGRARIO AUTONÓMICO MURCIANO

ANTONIO COVACHO GÓMEZ

JULIA M^a HERNÁNDEZ NEIRA

Aproximadamente a metade do territorio murciano é superficie agrícola. O sector agrario ten un peso considerable na economía rexional, pero hai desigualdade entre os subsectores, así o hortofrutícola é unha peza importantísima no motor sociocultural, mentres que o gandeiro e o forestal non están ó mesmo nivel.

Non existe un dereito autonómico propio, senón que hai un mosaico de normas entre as que están disposicións regulamentarias de concesión de subvencións e axudas. Dende 1999 a Consellería coordina tanto a política agraria coma o medio natural. De feito, conta con dous consellos asesores rexionais que son o agrario e o de medio ambiente, ámbolos dous reformados en 2001.

A noción de espacio rural é o concepto que configura o dereito agrario, non é só o soporte da actividade agraria, senón tamén dos recursos naturais. Así mesmo, o dereito agrario está intimamente relacionado co dereito agroalimentario e ambiental e, destínase cada vez máis a unha actividade comercializadora. O fin é o desenvolvemento do espacio rural por medio do agricultor e da súa actividade mediante instrumentos xurídicos propios e exclusivos que satisfagan as necesidades da sociedade, demanda de produtos de calidade con respecto ó medio natural e que sexan o suficientemente flexibles como para adaptarse ás novas situacións que se lle poidan presentar.

A actividade agraria sempre respondeu a unha función social da propiedade que inclúe a protección do solo rural, dos recursos naturais e da seguridade e calidade agroalimentaria.

Murcia aprobou o Plan estratéxico rexional (PER) 2000-2006 que persegue o desenvolvemento harmónico e equilibrado das seis comarcas que conforman o territorio rexional en busca da converxencia real da economía da rexión.

Existe un borrador de Anteproxecto de lei que responde a esta estrutura:

Desenvolvemento rural: será equilibrado e solidario do territorio rural. As zonas rurais serán obxecto dun único programa de ordenación do territorio. Os fins e obxectivos serán a valorización do espacio rural, do capital humano e do produto.

O solo rural: como solo de protección especial. Relación entre espacio rural e natural como figura de protección. Directrices de ordenación territorial, plans de ordenación territorial e programas de ordenación territorial e o informe de impacto en solo rural, son algúns dos instrumentos empregados pola consellería.

O *Plan xeral de desenvolvemento rural*: delimita as zonas rurais de actuación. Diagnostica as carencias das comarcas ou zonas de actuación (recolle a diagnose do PER). É competencia da consellería correspondente. Créase a Comisión de desenvolvemento rural de carácter interdepartamental que xunto cos consellos asesores emiten informe preceptivo á aprobación do plan xeral.

Plans específicos competencia da consellería que teña atribuída a competencia de desenvolvemento rural: os plans *específicos* previstos como contido mínimo do plan xeral son:

- *De camiños rurais*: clasificación, inclusión na rede viaria oportuna, subvencións, obras, etc. para unha mellora da rede viaria.
- *De actuacións en regadíos*: créase o Rexistro de infraestructuras que recolle as características do aproveitamento dos recursos hídricos. O obxectivo é a modernización dos regadíos existentes.
- *Estratexia rexional para a conservación e o uso sostible da diversidade biolóxica*: a participación das poboacións locais e dos axentes socioeconómicos que actúen no medio rural configura o principio da estratexia, tamén contén un plan de conservación da biodiversidade.
- *Estratexia forestal*: supervivencia e saúde dos montes que manteñen a riqueza e produtividade dos solos agrícolas. Conservación da natureza, forestal, terras marxinais, protección do solo, etc.
- *Programa de vías pecuarias*: polo seu valor patrimonial, ecolóxico e cultural.
- *Plans de ordenación e promoción dos recursos agrarios de montaña*.
- *Plans de fomento e promoción da calidade*: atendendo ó maior valor engadido pola alta diferenciación no mercado co apoio nas denominacións de orixe, etc.
- *Plan de investigación*: dirixido ás necesidades do sector e demandas do mercado. Elaborado polo Instituto Murciano de Investigación e Desenvolvemento Agrario e Alimentario. Apostan pola diferenciación do produto con melloras na investigación e tecnoloxías productivas.
- *Plans de diversificación económica*: fomento da artesanía e do turismo rural (LEADER).
- *Plans de saneamento vexetal e animal*: mellora dos programas de prevención, vixilancia e control das enfermidades, hixiene, etc. garantindo a calidade dos produtos.
- *Programa de medidas agronómicas e de fomento aplicables a zonas vulnerables, espazos naturais e áreas de sensibilidade ecolóxica*.
- *Plans de uso de residuos agrarios e forestais*.

- *Plans de industrialización agraria*: potenciar mecanismos de cooperación empresarial para acceso a mercados interiores.
- *Plan de fomento do asociacionismo agrario*: para aumentalas empresas agrarias.
- *Plans de saneamento e depuración de augas residuais en núcleos rurais*.
- *Plan de promoción institucional*: calidade dos produtos, promoción exterior, etc.
- *Plans de formación*.
- *Plans de protección do patrimonio rural*.

Plans de iniciativa privada: en materias competencia da consellería. Actuacións de desenvolvemento rural en accións comunitarias.

Tipos de accións públicas: establécense algunhas medidas xerais coma a creación do Rexistro de explotacións e a prioridade en función de medidas ambientais que superen as medidas obrigatorias establecidas na lexislación vixente como o Código de boas prácticas agrarias segundo a súa incidencia no desenvolvemento da comarca ou da zona.

Sistemas e figuras de calidade

Concentración parcelaria de carácter privado: regulación do procedemento.

Disposicións adicionais: prazos para a elaboración do Plan xeral de desenvolvemento rural e para os plans específicos. Mellora progresiva da política orzamentaria rexional respecto do desenvolvemento rural. Descentralización e colaboración coa Administración local. Creación das oficinas de información de desenvolvemento rural.

ANTONIO COBACHO GÓMEZ

O terreo como variedade do censo a primeiras cepas en Jumilla e Yecla

É o contrato de cesión do solo para a plantación de viñas durante o tempo que duren as primeiras cepas, pagándolle ó cesionario unha renda ou pensión consistente en froitos; censo regulado polo art. 1656 CC.

O feito de que as terras se dediquen ó cultivo da vide sitúanos nos censos, excluindo a figura da parcería. O cultivo realízase a primeiras cepas, o que determina que se constitúan dereitos reais de orixe contractual cunha duración máxima de cincuenta anos.

Hai moitas similitudes cos arrendamentos rústicos históricos, así per-

míteselles manterse no fondo, pero non se lles permite o acceso á propiedade, a pesar de que o censatario é igual cultivador coma arrendatario.

A parcería agrícola na rexión de Murcia

Existen unha cantidade de normas consuetudinarias peculiares. Foi frecuente que a parcería agrícola e a pecuaria se entrecrucen e, é a pecuaria un complemento da agrícola. Hoxe en día, a pecuaria debido ás transformacións económicas e sociais caeu en desuso.

A parcería agrícola ten grande implantación en Murcia, o que implica que exista unha variedade de situacións rexidas por costumes arraigados. En defecto de normas forais ou de dereito especial, o costume aplicarase nos casos nos que o cedente e o parceiro non pacten expresamente algo en contra.

Segundo o clima da zona, a data de comezo do ano agrícola será distinto, coas consecuencias que iso implica para a duración do contrato e para a rotación de cultivos. Esta presenta unha variedade que vai do ano ós cinco anos.

Outro aspecto do costume son as achegas das partes; as modalidades de achega e conseguinte reparto ten que ver con feito de que as terras sexan de secaño ou de regadío e, tamén polo tipo de cultivo que se leve a cabo nesas zonas.

O artigo 109 da Lei de arrendamentos rústicos de 1980 establece como prazo mínimo de duración da parcería o necesario para completar unha rotación ou un ciclo de cultivo. Na rexión de Murcia existen uns costumes sobre a extinción do contrato e sobre o aviso previo. Nalgúns zonas non se realiza, noutras dáse o aviso previo e o contrato terá que rematar antes do ano, noutros casos, debe pasar un ano dende o aviso previo e, finalmente, danse dous avisos previos.

O Consello de homes Bos

A Lei orgánica do poder xudicial dálle cabida no artigo 19.4 recoñecéndolle o seu carácter de Tribunal Consuetudinario. Teñen a súa orixe nas ordenanzas da horta de Murcia.

O DEREITO AGRARIO AUTONÓMICO VASCO

MIKEL KARRERA EGIALDE

Orzamentos de feito e xurídicos

■ *Orzamentos xeográficos, económicos e sociais:* distínguese a vertente atlántica de acusado relevo e a vertente interior con características similares á meseta. Ambas teñen un clima diverso que inflúe decisivamente na agricultura: pradería, casaríos e frutais, nunha, e cultivos extensivos, noutra. O uso superficialmente máis representado é o forestal arborado. Este espacio forestal supón o contrapeso do espacio agrícola posto que se incrementa o custo deste último.

O contorno rural está fortemente afectado polas dinámicas urbanas e agravado por ser un espacio rural de montaña.

Economicamente, no sector agrario distínguese o subsector agrícola, gandeiro e forestal. Aínda que os datos parecen baixos deben matizarse e relativizarse.

O casarío foi o centro económico social da familia vasca e a base da riqueza cultural e arquitectónica do mundo rural vasco.

■ *Orzamentos político-xurídicos:*

O Estatuto de Autonomía do País Vasco: outórgalle competencias exclusivas en materias esencialmente agrarias, pero tamén noutras que inciden directamente sobre o mundo agrario. E, así mesmo, no desenvolvemento e execución da lexislación sobre medio natural e ecoloxía.

A Lei de territorios vascos: o artigo 7 establece as competencias exclusivas dos órganos forais, as de desenvolvemento e execución e as de execución. Supón un modelo de competencias e potestades máis descentralizado que noutras comunidades.

A delimitación xeral do dereito agrario

■ *A reforma agraria:* existe un concepto clásico e outro moderno da reforma, pasouse da idea de reparto da terra á idea de reforma integral. A reforma de estruturas mantén como principios básicos a incidencia particular sobre a propiedade da terra e as demais relacións que xorden verbo dela.

■ *O dereito agrario:* é o medio de materialización da reforma agraria. Vaise distinguir entre a concepción obxectiva (dereito da agricultura) e a subxectiva (dereito dos agricultores) e ocúpase tanto da perspectiva estática (propiedade do fondo) coma da dinámica (explotación). Máis que un desenvolvemento sistemático e global dun dereito agrario autonómico vasco, promulgouse unha normativa sectorial e parcial a través de escasas leis, normas forais e ordes.

A normativa substancial do dereito agrario autonómico e foral vasco

A Lei de desenvolvemento rural intenta ordenar e coordina-las diversas políticas xerais e sectoriais do mundo rural. Pretende defini-los obxectivos que deben orienta-las actuacións das administracións públicas. Enténdese por desenvolvemento rural o proceso dirixido a manter e consolida-las comunidades reais, que fomenta a conservación da cultura e formas de vida e mellore a vida dos habitantes. O instrumento básico é a activación de programas de desenvolvemento rural.

A perspectiva obxectiva-estática:

■ *A ordenación do territorio:* non se identifica co urbanismo, trátase dunha disciplina científica, unha técnica administrativa e unha política concibida como enfoque interdisciplinario e global, coa finalidade de acadar un desenvolvemento equilibrado das rexións e a organización física do espazo. Lei 4/1990, do 31 de maio, de ordenación do territorio do País Vasco.

■ *A protección do medio natural:* Lei 3/1998, do 27 de febreiro, intenta fixa-lo réxime de protección dos recursos ambientais mediante a intervención administrativa sobre as actividades con incidencia no medio natural.

■ *A conservación da natureza:* Lei 16/1994, do 30 de xuño, fundaméntase na necesidade de controla-los recursos naturais, as especies de flora e fauna e os espazos naturais. Para acadar-los obxectivos propostos establece tres instrumentos específicos: o plan de ordenación de recursos naturais, a declaración de espazos naturais protexidos e o catálogo de especies ameazadas. Créase a Rede de espazos naturais protexidos, que non establece limitacións á realización de actividades tradicionais, máis alá das recollidas na lexislación sectorial.

■ *O solo e o urbanismo:* a Lei 9/1989, do 17 de novembro, de valoración do solo da Comunidade Autónoma vasca, establece un réxime de valoracións con base nas regras de carácter universal. A Lei 5/1998, do 6 de marzo, de medidas urxentes en materia de solo e urbanismo actúa como lei ponte, ata que se aprobe a norma que regule na súa globalidade o réxime do solo e a ordenación urbana. Mantén as tres categorías de solo: urbano, urbanizable e non urbanizable.

■ *O monte e o bosque:* o sector forestal e a silvicultura teñen grande importancia pola súa contribución ó valor ecolóxico e ambiental. A ordenación dos montes correspóndelle a cada territorio histórico. O Plan forestal vasco enmarca as superficies forestais e as que deban selo nun futuro.

■ *A agricultura de montaña:* establécense órganos para a execución da política de agricultura de montaña.

■ *As zonas regulables, os plans comarcais de mellora e os plans xerais de transformación:* a Lei 7/1992, do 21 de decembro, persegue a mellora das estruturas agrarias e especialmente dos sistemas de regadío en Álava.

■ *Os elementos estruturais da explotación:* os *casaríos* danlle nome tanto á institución económica coma á vivenda que a alberga. Quedan sometidos como construción arquitectónica á Lei 7/1990, de patrimonio cultural vasco. As normas de defensa e protección compénsanse con medidas de fomento. A *estructura parcelaria* é a medida tradicional contra a división das fincas e defensa da unidade mínima de cultivo, que responden a un criterio parcelario. *Os animais*, a Lei 6/1993 de protección de animais recolle o marco legal de respecto e protección dos animais domésticos, domesticados e salvaxes en cativeiro.

■ *A caza e a pesca:* existe unha diminución de cazadores e pescadores debido á excesiva presión cinxética que esixe a súa adecuación á degradación do hábitat e á escaseza de pezas.

■ *Dereitos reais; a servidume de paso:* recollida no dereito foral de Biscaia e Álava na Lei 3/1992, de dereito civil foral do País Vasco. Establece a adquisición por prescrición de 15 anos.

Perspectiva subxectiva-dinámica

■ *A estrutura da explotación:* mantén o seu carácter familiar. Segundo a Lei de modernización de explotacións agrarias e o decreto que a desenvolve, as explotacións agrarias para te-la condición de prioritarias deberán cumprir uns requisitos obxectivos e subxectivos.

■ *O titular da explotación:* para impulsar-lo rexuvenecemento e a profesionalización estase elaborando un Plan de incorporación e mantemento de mozos no sector agrario.

■ *O asociacionismo agrario:* co fin de producir e comercializa-los produtos, ou defende-los seus intereses. O Decreto 158/2002 regula o réxime específico das asociacións de desenvolvemento rural para favorece-la súa participación e colaboración nas actuacións dos programas de desenvolvemento rural. O paradigma son as cooperativas. A Lei 1/2000 flexibiliza a constitución da Asemblea xeral en determinados tipos de cooperativas coma as agrarias e as de consumo.

■ *As organizacións interprofesionais agroalimentarias:* a Lei 2/1996, do 10 de maio, considéraas como organizacións privadas legalmente constituídas e con personalidade xurídica propia, ó abeiro das formas legalmente previstas, integradas por organizacións representativas da produción, transformación e comercialización agroalimentaria.

■ *As cámaras agrarias:* a Lei 6/1990 configúraas como corporacións de dereito público, ó quedaren diferenciadas das organizacións interprofesionais agroalimentarias.

■ *Os productos alimentarios*: certos produtos alimentarios, producidos ou elaborados no País Vasco reciben denominacións de calidade por reunir características diferenciais concretadas no seu regulamento e que deberán ser controladas.

■ *O agroturismo*: existe unha actuación conxunta do Goberno Vasco coas tres deputacións forais para impulsar-lo programa de agroturismo. Os establecementos serán aqueles que, no ámbito rural e en explotacións agrarias, ofrecen servizo de aloxamento e manutención en vivendas habitadas por agricultores mediante prezo.

■ *Os rexistros*: existe o Rexistro de explotacións agrarias regulado por un decreto de 1993 e un Rexistro de arrendamentos rústicos.

■ *A protección do casarío como unidade de explotación*: en Álava e Biscaia rexe o principio de troncalidade, segundo o que o titular dos bens raíces só pode dispoñer destes respectando os dereitos dos parentes tronqueiros. En Guipúscoa existe unha regulación específica, que se centra sobre todo en suaviza-las limitacións para a transmisión indivisa do casarío.

Prospección: o modelo agrario para a sociedade vasca: a orde xurídica no modelo agrario fundaméntase na concepción do espazo rural como patrimonio do conxunto da sociedade polas variadas funcións económicas, ambientais e culturais que desempeña. Os obxectivos intégranse pola necesidade de equipara-la calidade de vida, diversifica-las oportunidades, etc. A modernización do sector agrario ten como finalidade inserir este sector nun mercado moi competitivo.

A actividade agraria aparece modulada polas ideas de sostibilidade e xestión racional dos recursos naturais. Calquera política agraria debe fundarse sobre as bases que protexan as explotacións viables fronte a calquera posibilidade destructora ou desintegradora.

4. Comunicaci3ns presentadas

A Lei 2/2000, de contratos de productos agroalimentarios, e os contratos de productos agroalimentarios de 3mbito igual ou inferior 3 dunha comunidade aut3noma

GLORIA DOMENECH MART3NEZ

Segundo reza a exposici3n de motivos da Lei 2/2000, as comunidades aut3nomas te3nen competencia para regular esta materia dentro do seu 3mbito territorial. Polo tanto, sempre que o 3mbito de aplicaci3n dos contratos tipos de comercializaci3n de productos agroalimentarios sexa competencia territorial, igual ou menor, 3 da comunidade aut3noma, esa regulaci3n poder3 dictarse polas distintas autonom3as, cando as3 o contemple o seu respectivo Estatuto de Autonom3a.

O contrato tipo agroalimentario 3 aquel que se refire a operaci3ns de tr3fico comercial de productos no sistema agroalimentario e obt3n a homologaci3n (art. 1.2 Lei 2/2000). Estes contratos poder3n ser adoptados polos operadores do sistema agroalimentario (conxunto dos sectores productivos agrarios e pesqueiros, as3 como os da transformaci3n e comercializaci3n dos seus productos. As3 mesmo, os compradores, vendedores e organizaci3ns interprofesionais). A homologaci3n do contrato tipo destes productos ser3 de 3mbito territorial igual ou inferior a unha comunidade aut3noma; deber3 crearse e regularse as distintas comisi3ns de seguimento necesarias, para o seguimento, promoci3n, vixilancia e control do contrato tipo homologado (s3 se poder3 homologar un contrato tipo agroalimentario por produto).

As normas que se dicten permitir3nles tanto a organizaci3ns interprofesionais agroalimentarias representativas da transformaci3n e comercializaci3n, como a empresas de transformaci3n e comercializaci3n, no caso de non existir estas organizaci3ns, solicita-la homologaci3n correspondente. 3 Administraci3n corresp3ndelle comprobar se o contrato cumpre cos requisitos de viabilidade, transcendencia e falta de perturbaci3n do mercado.

Os l3mites a esta regulaci3n vir3n dados polas normas e principios recollidos na Lei 16/1989, do 17 de xullo, sobre defensa da competencia, as3 como polo dereito comunitario.

No que se refire 3 contido do contrato tipo deber3 conter estipulaci3ns referidas 3 prazo de vixencia, obxecto, prezo e condici3ns de pagamento, forma de resoluci3n de controversias e execuci3n de contrato. Tam3n constar3n a data e o lugar, as partes, cantidade, calidade e presentaci3n do produto, facultades da comisi3n de seguimento, etc.

As comisións de seguimento son o nexo de unión coas organizacións interprofesionais agroalimentarias, teñen personalidade xurídica propia, son de natureza privada e non teñen ánimo de lucro.

En canto ó procedemento de homologación levarase a cabo ante o órgano da Administración que corresponda e contará con tres fases: iniciación, instrución e resolución.

Por último, cómpre falar das infraccións en sancións nesta materia. As infraccións recollidas só poden ser cometidas polas comisións de seguimento ou polas partes que propoñen o contrato tipo homologado. Ó ser sancións administrativas, non comprenden as cometidas polos operadores que firman un contrato adecuado ó contrato tipo, que se resolverán perante o órgano xurisdiccional competente.

Os contratos agrarios no dereito galego: arrendamentos rústicos e parcerías

BELÉN TRIGO GARCÍA

A publicación da Lei de dereito civil de Galicia no ano 1995 supuxo un grande avance tanto nos arrendamentos rústicos coma nas parcerías. Sen embargo, co paso do tempo apareceron lagoas que se intentarán corrixir co *Documento inicial para a posible actualización da Lei de dereito civil de Galicia*. Os defectos que atopamos podemos detallalos do seguinte xeito:

1. *Deficiente coordinación da LDCG con outras normas eventualmente aplicables ós contratos agrarios*

Un claro exemplo son as explotacións sitas en montes veciñais en propiedade colectiva, que gozan de normativa propia. Este tipo de montes pode ser obxecto de arrendamento, segundo o Regulamento dos montes veciñais en propiedade colectiva, que fai remisión ó Código civil. Non hai unha clara referencia á LDCG, aínda que se poida entender tacitamente aplicable. Faríase necesario un pronunciamento expreso por parte do lexislador galego.

2. *A transmisión inter vivos e mortis causa da relación contractual e os obxectivos da política socio-económica no marco rural*

O artigo 41 prevé tanto para o arrendamento como para o subarrendamento a prohibición do arrendatario de ceder total ou parcialmente a finca arrendada sen consentimento do arrendador. Non se tivo en conta a realidade galega no que se refire ó cooperativismo agrario, cuestión que si se recolle na Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia. O cooperativismo permite ampliar as explotacións, aliviando levemente o imperante minifundismo galego.

A LDCG tampouco contempla a posibilidade de facilita-la cesión de contrato a mozos agricultores co fin de paliar-lo masivo éxodo rural e o envellecemento da xente do campo.

No caso de morte do arrendatario, aparece a figura da subrogación a favor dun sucesor único. Non se fai referencia á figura da compañía familiar galega como posible suxeito do tráfico xurídico e como unidade económica (atopamos unha descoordinación entre o propio articulado da lei, entre os artigos 46 e seguintes e o artigo 100.1º LDCG).

3. Lugar acasado, explotación agropecuaria e empresa

É importante o novo concepto de lugar acasado que recolle a LDCG. Céntrase na actividade económica e na noción de empresa como conxunto organizado de elementos obxectivos e subxectivos destinados ó exercicio e explotación dunha actividade económica, neste caso agropecuaria. Isto subxace na LDCG implicitamente nos artigos referidos ó lugar acasado e á parceria de lugar acasado (o seu obxecto son o conxunto de elementos que constitúen unha unidade económica e funcional).

É dicir, prevalece o significado económico fronte ó significado orixinario como conxunto que permitía a subsistencia da unidade familiar co centro na casa de labor.

Preténdese a súa modernización e aproveitamento que asegure a súa viabilidade como base da economía familiar dos seus titulares.

4. O futuro dos contratos agrarios. Especial referencia ás redes de integración vertical

A parceria configúrase na LDCG como un contrato tradicional, motivo polo cal están a desaparecer-los traballadores agrícolas. O *documento inicial* (vid. Supra) tamén reduce os artigos dedicados a esta figura.

O lexislador galego (con motivo da reforma da LDCG) debería cuestionarse a posibilidade de introducir no noso ordenamento xurídico o contrato de integración, seguindo experiencias coma a francesa ou a catalana.

A regulación da utilización de augas para a rega na Comunidade Valenciana

FRANCISCA RAMÓN FERNÁNDEZ

1. *A Lei 7/86, do 22 de decembro, de utilización de augas para rega e o Decreto 47/87, do 13 de abril, que desenvolve Lei de utilización de augas*

As normas desta lei (respondendo ó mandato constitucional do artigo 45.2 e segundo o regulado no Real decreto 1/2001 do 20 de xullo

que aproba o texto refundido da Lei de augas) encamiñanse a conseguir que a auga sexa utilizada para regar segundo os principios de austeridade, economía e solidariedade, con sistemas de rega que fagan posible un mellor aproveitamento e distribución dos recursos hídricos, dependendo das características da parcela e do cultivo. Neste sentido prevense varias medidas:

- Sistemas de rega: técnicas que operen na parte final do ciclo hidráulico dos regadíos (drenaxe, aspersión, goteo, etc.).
- Utilización da auga con austeridade.
- Economiza-lo seu uso.
- Solidariedade na utilización.
- Concesión de axudas económicas: adopción de plans de rega.
- Medidas reguladoras da intervención da Administración autonómica, para un mellor aproveitamento da auga.

Atopamos outros corpos legais da Comunidade valenciana, que aínda que teñen un obxectivo principal distinto ó da utilización de auga para regas, poden ter consecuencias interesantes no referente ó correcto uso da auga.

2. O destino da auga para a rega no RD Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, e na Lei 10/2001, do 5 de xullo, do plan hidrolóxico nacional

A planificación nacional ten como obxectivo acadalo bo estado do dominio público hidráulico e a satisfacción das demandas de auga, o equilibrio e a harmonización do desenvolvemento rexional e sectorial.

Estes plans hidrolóxicos deben contemplar e regular tanto os plans hidrolóxicos de concas coma as concesións, intentando conseguir un mellor aproveitamento dos recursos nun caso e respectando a orde de preferencia fixada no plan e delimitando os usos da concesión, no outro. Cando o destino das augas sexa a rega, o titular da concesión deberá selo tamén das terras ás que as augas se destinen.

Poderanse outorgar concesións colectivas para rega a unha pluralidade de titulares de terras integrados nunha agrupación de regantes. Tamén se prevé a posibilidade de concesións para rega en réxime de servizo público a empresas ou particulares.

3. A planificación das regas

Para a implantación de novas técnicas de rega poderase redactar un plan de utilización de auga para rega, tanto pola Consellería de Agricultura e Pesca como a instancia de asociacións de agricultores, polas comunidades de regantes ou tamén de oficio. Trala redacción sométese a información pública.

Os documentos integrantes do plan serán: o plano de delimitación da zona; división da zona en sectores, cando non sexa posible un tratamento homoxéneo; superficie e características das unidades de explotación agrícola en que se divida a zona; enumeración, descrición e xustificación económica dos sistemas de rega propostos; determinación indicativa do cultivo ou cultivos máis convenientes, segundo a zona e o sistema elixido e plano de delimitación dos perímetros de protección.

4. *Fomento da utilización adecuada da auga*

Para premia-lo esforzo que supón a implantación de sistemas de rega, concédense axudas técnicas e económicas ós que as establezan mediante concurso. O atraso no comezo das obras, a demora deliberada na terminación da obra e o incumprimento das obrigas, serán causas de perda ou redución das indicadas axudas.

As axudas técnicas consistirán no estudo e redacción de proxectos de obra ou de módulos-tipo que garantan a óptima solución técnica por parte dos servizos técnicos da Consellería.

Por outra banda, as axudas económicas consisten nunha subvención ou nun préstamo a quen fixe un mellor establecemento e distribución dos recursos dispoñibles, dependendo do investimento que fixera o agricultor. As obras poderán ser de interese xeral ou particular segundo beneficien a tódolos regantes ou ó titular da explotación da zona. As axudas irán destinadas tanto a asociacións de agricultores e comunidades de regantes como a favor de agricultores individuais para a execución de obras que beneficien as súas explotacións.

5. *A protección administrativa da auga para rega*

A Consellería de Agricultura ten plenas facultades para restrinxir-la utilización da auga na cantidade que exceda do seu normal aproveitamento, a propia Administración estimulará a utilización racional da auga para regadíos, planificará as regas, perseguirá e sancionará as infraccións.

Serán consideradas como infraccións as condutas que produzan un menoscabo ou un deterioro no recurso hídrico: utilización abusiva da auga, desperdicio, contaminación de auga que impida a utilización polos outros regantes, etc. O suxeito infractor será o titular do dereito de cultivo sobre as terras regulables.

As sancións consistirán nunha multa cun valor que oscilará entre o medio e o duplo do valor da auga abusivamente aproveitada, desperdiciada ou contaminada. Os criterios de gradación serán a intencionalidade e a cantidade de auga desaproveitada ou prexudicada, así como o prexuízo ambiental causado.

6. A utilización de augas para rega e o Código valenciano de boas prácticas agrarias

A Directiva 91/676/CEE, do 12 decembro, traspúxose ó noso ordenamento polo RD 261/1996, do 16 de febreiro, coa indicación de que se elaboren nas CCAA códigos de boas prácticas agrarias. Na Comunidade valenciana aprobouse o Código valenciano de boas prácticas agrarias o 10 de abril de 2000. Nese código fanse recomendacións para efectua-la rega e a correcta execución desa práctica é fundamental para reduci-la contaminación de nitratos.

Deberá utilizarse a técnica de rega que garanta a máxima eficiencia na utilización da auga, tendo en conta as condicións da parcela. Atopamos distintos tipos de rega: por inundación, por goteo ou localizada.

7. A adecuada utilización da auga para rega como medida agroambiental

O FEOGA (Fondo Europeo de Orientación e de Garantía Agrícola) estableceu o marco das axudas comunitarias a favor dun desenvolvemento sostible. As axudas centraranse en actividades agrarias e na súa reconversión, e ten por obxecto a mellora das estruturas das explotacións agrarias.

Neste marco establecéronse os RD 3482/2000, do 29 de decembro, polo que se regula a indemnización compensatoria en determinadas zonas desfavorecidas; 4/2001, do 12 de xaneiro, polo que se establecerá un réxime de axudas á utilización de métodos de produción agraria compatibles co medio natural e o RD 5/2001, do 12 de xaneiro, polo que se establece un réxime de axudas destinadas a fomentalo cese anticipado na actividade agraria.

Un dos tipos de investimento obxecto de axuda será a mellora das prácticas agrarias e a adaptación das explotacións con vistas a reducir custos de produción, aforro enerxético de auga ou incorporación de novas tecnoloxías, incluídas as de informatización e telemática.

Integración do dereito agrario comunitario nacional e autonómico do medio natural: as boas prácticas agrarias. Protección contra a contaminación

ENEDINA CALATAYUD PIÑEIRO

A aplicación excesiva ou inadecuada de fertilizantes nitroxenados na agricultura artéllase coma unha das principais causas de contaminación das augas. Cada vez atopamos maior concentración de nitratos nas augas superficiais e subterráneas.

A Directiva 91/676/CEE, do 12 de decembro, imponlles ós estados membros a obriga de identifica-las augas afectadas por esta contaminación de establecer criterios para designa-las superficies nas que a drenaxe provoca contaminación por nitratos.

A nivel nacional, esta directiva tivo reflexo no RD 261/1996, do 16 de febreiro, que establece normas sobre protección de augas contra a contaminación producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias. A mencionada norma comunitaria no seu anexo I establece as liñas básicas para a elaboración por parte das CCAA dun código de boas prácticas agrarias. Estes códigos terán un contido mínimo, que se pode aumentar de forma complementaria. O contido mínimo abarcará dende os períodos en que non se deberán usar fertilizantes, ata as condicións de aplicación de fertilizantes en terras situadas preto de augas, etc. En canto ó posible contido complementario, podemos atoparnos coa xestión do uso da terra, co mantemento durante períodos chuviosos dunha vexetación mínima que absorba o nitróxeno do chan, con plans de fertilización, coa prevención da contaminación, etc.

O RD establece no seu artigo 5 as obrigas dos órganos das CCAA en relación cos códigos de boas prácticas agrarias, que de xeito voluntario poderán levar a cabo os agricultores co fin de reduci-la contaminación. Así, as CCAA deberán elaborar un ou varios códigos de boas prácticas agrarias; poderán elaborar programas de fomento da posta en práctica dos ditos códigos e remitirán a aqueles que elaboren o MAPA para a súa comunicación á Comisión Europea. Estas obrigas maniféstanse na lexislación específica de cada comunidade.

O establecemento dun nivel determinado na realización de boas prácticas agrarias poderá ser un criterio utilizado da hora de concesión ou non de axudas (RD 708/2002, do 19 de xullo, de medidas complementarias ó programa de desenvolvemento rural para as medidas de acompañamento da política agraria común). Por exemplo, consideraranse boas prácticas as técnicas normais de explotación que aplicaría un agricultor dilixente.

Segundo sexa o terreo e o clima, as CCAA poderán establecer determinadas prácticas beneficiosas para o medio natural: conservación do solo e loita contra a erosión, alternativas e rotacións, optimización do uso da enerxía fósil, utilización eficiente da auga, conservación da biodiversidade, racionalización do uso de fertilizantes, utilización racional dos herbicidas e produtos fitosanitarios; redución da contaminación de orixe agraria, etc.

Ademais de aplica-las boas prácticas agrícolas habituais, os beneficiarios deberán respecta-la lexislación medionatural:

- Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación de espazos naturais e da flora e fauna silvestres.

■ RD 1997/1995, do 7 de decembro, que establece medidas para contribuír a garanti-la biodiversidade mediante a conservación de hábitats naturais e da flora e fauna silvestre.

■ RD 261/1996, do 16 de febreiro, sobre a protección das augas contra a contaminación producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias.

■ Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.

Estas condicións resultan de obrigado cumprimento en relación coa obtención de axudas. As normas dos códigos de boas prácticas son voluntarias ata certo punto, posto que en determinados niveis o seu cumprimento é obrigatorio se se desexan obte-las axudas.

A Comunidade Autónoma de Madrid elaborou este código mediante a Resolución do 4 de febreiro de 1999 da Dirección Xeral de Agricultura e Alimentación.

Non ten carácter obrigatorio salvo que a Administración designe determinadas zonas vulnerables.

É unha norma enormemente técnica, descendendo á aplicabilidade concreta tendo en conta os coñecementos agronómicos actuais.

Na construción dun dereito ambiental e, sobre todo, agroambiental, é evidente que se debe entender como conxunto de normas que integren o dereito comunitario, o dos estados e o autonómico, de forma harmónica en cada unha das materias que o integran.

O rexistro das sociedades agrarias de transformación. A súa especialidade autonómica. O rexistro das SAT da Comunidade Autónoma de Madrid

JOSÉ IGNACIO MÚZQUIZ VICENTE-ARCHE

Concepto e principios

O rexistro é un instrumento de publicidade para facilitar-lles a terceiros datos relevantes, que sen a súa existencia serían imposibles de investigar.

Os principios básicos polos que se rexe este e calquera rexistro son:

■ *Principio de publicidade formal*: o rexistro é público, e calquera persoa ten acceso a el para tomar coñecemento de canto estea rexistrado, sempre que teña interese, mediante a manifestación de libros ou pola súa certificación.

■ *Principio de publicidade material*: unha vez inscrito un feito, adquire efectos fronte a terceiros. A publicidade negativa consiste en que un

feito non inscrito se equipara, fronte a un terceiro, a un feito inexistente. O documento inscrito prexudica a terceiro dende a data da súa inscrición (publicidade positiva). As SAT inscritas, os seus estatutos e demais actos inscritos no rexistro, son oponíbles *erga omnes* e son coñecidos por todos.

■ *Principio de legalidade*: a publicidade material está relacionada coa presunción de validez do acto ou contrato inscrito, baseada na obriga imposta ó rexistrador de cualificar con referencia os títulos presentados.

■ *Principio de lexitimación*: a cualificación rexistral permite establecer a presunción de que o contido dos libros do rexistro é exacto e válido, mentres non se produza a declaración xudicial de inexactitude ou nulidade.

■ *Principio de tracto sucesivo*: non se anotarán nin se inscribirán actos que declaren, modifiquen ou extingan outros anteriores, mentres que estes non se atopan previamente inscritos.

■ *Principio de prioridade*: teñen carácter preferente os títulos presentados con anterioridade con respecto ós posteriormente presentados.

■ *Principio de rogación*: os rexistros só actúan a instancia de parte, ben de particulares, ben de xulgados ou tribunais, ou autoridades administrativas.

■ *Principio de especialidade*: só se inscriben actos referentes ás SAT.

Estructura e competencias

O Rexistro xeral das SAT depende da Administración Central do Estado e estrutúrase nunha sección central e en seccións provinciais, sen prexuízo dos correspondentes rexistros das CCAA. Correspóndelle ó Rexistro xeral a inscrición de SAT con ámbito superior ó das CCAA (art. 148.1.7.º CE).

Traspasáronse as funcións e servizos da Administración central en materia de SAT ás dezasete CCAA.

Os rexistros organízanse do seguinte xeito:

Asentos: poden ser de presentación, inscricións, anotacións preventivas, notas marxinais e cancelacións.

Cualificación: correspóndelle ó encargado do rexistro, co fin de que se cumpra o principio de legalidade e só accedan ó rexistro os títulos que cumpran coa legalidade vixente.

Actos inscribíbles: segundo o establecido na Orde do 14 de setembro de 1982, que desenvolve o RD 1776/1981 e na diferente normativa das CCAA en materia de Rexistro das SAT son os seguintes:

- Constitución e a súas referencias obrigatorias.
- Modificación de estatutos.
- Nomeamento e cese de administradores, interventores e liquidadores.
- Apoderamentos e as súas modificacións, renovación ou substitución.
- A transformación, fusión, escisión, disolución, reactivación e liquidación.
- Resolucións xudiciais ou administrativas establecidas legalmente.
- Calquera outros actos previstos na normativa específica.

Legalización de libros: correspóndelle ó Rexistro xeral ou ó que corresponda nas CCAA.

Depósito de contas: correspóndelle ó rexistro no prazo de tres meses.

Polo momento non é obrigatorio nin legaliza-los libros nin deposita-las contas no Rexistro mercantil, segundo resolveu a Dirección Xeral de Rexistros e do Notariado: *Resolucións do 24 de xuño de 1997 e do 19 de outubro de 1998.*

No artigo 14.2 do RD 1776/1981 establécese a potestade de que o rexistro realice de oficio a cancelación da SAT, no caso de que o período de liquidación supere o ano establecido nese precepto. Chama a atención que tanto o artigo 13.2 do RD coma as CCAA limitan ós rexistros a posibilidade de disolver SAT, esixíndolles acudir ós órganos competentes da xurisdicción civil para que declaren disolta a sociedade.

Relacións entre rexistros: cando a competencia rexistral lle puidera corresponder a outro rexistro, o que así o estime dirixirase ó que considere competente, remitíndolle a solicitude dos asentos rexistrais para a resolución que estime oportuna, coa correspondente fundamentación desa competencia. Unha vez acepte a competencia o rexistro de destino, informará da inscrición ó rexistro de orixe.

O Rexistro xeral colaborará cos restantes rexistros, facilitándolles toda a información necesaria para o correcto desenvolvemento das súas funcións e, pode tamén conseguir destes os datos que estime precisos para a súa xestión.


Tanto o Rexistro xeral coma os rexistros autonómicos, deberán establecer algún sistema de información referente ó servizo de denominacións.

Dereito supletorio: rexerese polo disposto no procedemento administrativo común.

Rexistro da Comunidade Autónoma de Madrid

Polo RD 321/1996, do 23 de febreiro, traspasáronse as funcións e servicios en materia de SAT, dende a Administración xeral do Estado á Comunidade de Madrid, segundo o establecido no artigo 148.1.7 da CE e o artigo 26.7 do Estatuto de Autonomía de Madrid.





BIBLIOGRAFÍA

B

RECENSIONES

Manual de documentos administrativos

3ª ed. Madrid, MAP, Tecnos, 2003. 349 páxs.

○ escaso control sobre o deseño dos documentos forma parte da tradición do procedemento administrativo español. Modelos de oficios, actas, informes, etc. cambian dun departamento a outro e, incluso, dentro do mesmo departamento, dunha unidade a outra. E isto ocorre por regra xeral nas distintas administracións públicas. Na Administración española hai unha tradición de «liberdade documental», matizada unicamente naquelas áreas onde o nivel de previsibilidade é maior, sobre todo, nas áreas onde priman os documentos de contido económico.

Pero non pense o lector que esta *anarquía* documental implica desorganización ou caos. Nada máis lonxe diso. Esta liberdade, no que se refire ó deseño, non impide que os distintos documentos dun expediente estean identificados dun modo cabal. ¿E isto como se consegue? Posiblemente porque os que redactan os documentos consultan os modelos anteriores, é dicir pola existencia dunha tradición documental que se transmite co paso do tempo. Só así se explica a pervivencia de vellas fórmulas (v.g. «Es gracia que espera alcanzar...», os «exponendos», «considerandos», etc.) ata case os nosos días. O deseño dos documentos das administracións públicas é o reino do «precedente» por excelencia, da pervivencia dos costumes.

Esta escasa rixidez no deseño da documentación administrativa contrasta co control moito máis estricto da *imaxe* institucional.

Os departamentos das diferentes administracións públicas editan profusos manuais que recollen a imaxe corporativa das propias institucións. Neses compendios de imaxe, aparece regulado polo miúdo o uso dos logotipos e os diver-

sos elementos gráficos en sobres, carpetas, impresos, etc...; a rotulación de vehículos, o deseño de anuncios de prensa e valos publicitarios, e mesmo a lenxería hospitalaria. Todo un elenco de elementos gráficos que están perfectamente regulados.

Hai, en definitiva, un férreo control da *imaxe* institucional nos ámbitos máis relacionados coa manifestación externa do poder, mentres que é case inexistente o control sobre o deseño da documentación administrativa.

O *Manual de documentos administrativos*, do que agora aparece a terceira edición, forma parte, segundo os seus autores, do plan de renovación da cultura administrativa emprendido a principios dos anos noventa e enmárcase nos plans de simplificación, informatización e mellora da calidade das administracións públicas. O seu curmán, o *Manual de estilo del lenguaje administrativo*, pertence á mesma época e goza das mesmas pretensións.

Esta terceira edición do *Manual de documentos administrativos* inclúe algunhas innovacións respecto á segunda edición (1995): un capítulo de abreviaturas e símbolos, outro capítulo denominado «errores frecuentes en la redacción de documentos administrativos» e un aumento considerable do apéndice normativo, entre outras. A nova edición inclúe un Cd-rom, que substitúe os disquetes que aparecían na anterior. Curiosamente nesta edición desaparecen os nomes dos autores da portada, é dicir, transfórmase en obra anónima. ¿Pretensión de darlle un aire máis institucional á obra? ¿Decisión dos autores? ¿Vaivéns da política?... Non se sabe; o certo é que o manual nesta terceira edición convértese por arte de ensalmo nunha obra anónima.

O manual parte dunha evidencia: os documentos constitúen o principal instrumento nas relacións entre cidadáns e Administración. E nos documentos débese plasma-lo espírito dese novo modelo de Administración que se pretende, presidida pola eficacia na súa actuación, a transparencia na xestión e a participación do cidadán nos asuntos públicos.

Segundo a Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, teñen a consideración de documento público administrativo os documentos validamente emitidos polos órganos das administracións públicas. Os documentos administrativos son o soporte no que se materializan os distintos actos da Administración pública, son a forma externa deses actos. Os ditos documentos cumpren dúas funcións primordiais, segundo os autores deste manual, unha función de constancia e outra de comunicación. Pola primeira, aseguran a pervivencia das actuacións administrativas e garanten a conservación dos actos, os seus efectos e o dereito dos cidadáns a acceder a eles. Mediante a segunda función, os documentos serven como medio de comunicación dos actos da Administración.

Os documentos normalizados permiten unha maior claridade, aforro de tempo e unha identificación rápida do procedemento. Neste senso os autores da obra pretenden responder a un aspecto fundamental na actividade administrativa como é a simplificación documental.

Os documentos administrativos caracterízanse porque producen efectos. Non cabe cualificar de documento administrativo os que non estean destinados á produción de ningún efecto. O emisor dun documento administrativo é sempre un dos órganos que integran unha Administración. Hai que destacar tamén que os documentos administrativos deben ser válidos e para isto teñen que cumprir unha serie de requisitos formais e substantivos, esixidos polas normas que regulan a actividade administrativa.

O soporte material do documento administrativo era tradicionalmente o documento escrito sobre papel. Na actualidade e como consecuencia das novas tecnoloxías, xeneralízanse outros tipos de soportes distintos do papel, como son os soportes informáticos, electrónicos ou telemáticos. Hoxe, segundo a Lei 30/92, o documento administrativo é válido en calquera soporte emitido por estes medios, sempre que se poida constata-la súa autenticidade, integridade, conservación e, no seu caso, a recepción polo destinatario.

No primeiro capítulo do manual aparecen as nocións máis xerais sobre os documentos administrativos, como son o seu concepto, a súa clasificación e os seus soportes materiais. O manual clasifica os documentos administrativos en documentos de decisión, transmisión, constancia e xuízo. Inclúe tamén os documentos dos cidadáns, que aínda que non son propiamente documentos administrativos teñen a máxima importancia porque son os documentos mediante os cales o cidadán se relaciona coa actividade das administracións públicas. Nos seguintes capítulos (2,3,4,5,6) estúdiense os diferentes tipos de documentos e preséntanse numerosos exemplos prácticos. O capítulo 7 está dedicado ó estilo administrativo. O 8 e 9 versan sobre os tratamentos honoríficos e as siglas, acrónimos, abreviaturas e símbolos. O capítulo 10 trata sobre os erros máis frecuentes na redacción dos documentos administrativos. A obra remata cun apéndice normativo, considerablemente máis extenso có da anterior edición.


Este *Manual de documentos administrativos* está concibido como un manual práctico para funcionarios. Nesta función de «utilidade» radica o principal interese desta obra. A súa edición é unha iniciativa loable pois quizais sexa o primeiro manual deste tipo editado en España.

O manual contén numerosos modelos e exemplos de documentos administrativos que poden ter utilidade para os traballadores da Administración pública. Recóllense na obra as consecuencias que para os documentos administrativos teñen as innovacións introducidas pola Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Esta edición inclúe a normativa aparecida dende a anterior edición (1995) que lle poida afectar á documentación administrativa, entre a que cabe cita-las modificacións realizadas á Lei 30/1992 polas leis 4/1999, do 13 de xaneiro e 24/2001, do 27 de decembro, o R.D. 209/2003, do 21 de febreiro, entre outras.

O manual refírese unicamente á Administración xeral do Estado e así é recoñecido polos autores. Sen embargo, non se comprende a ausencia case total de calquera referencia ás administracións autonómicas. Tampouco ten desculpa

a non inclusión de bibliografía. Xa destacamos que a obra quere ser «útil», e qué pode haber de máis utilidade que un capítulo de bibliografía.

Non se fai mención tampouco ós sistemas ou normas das citas bibliográficas nos documentos, ignorando que pode haber algún tipo de documento administrativo (p.e. os informes) que as leven. Bótase en falta tamén algunha pincelada sobre arquivística e a mención a outros aspectos do deseño dos documentos (rexistro, selos, etc.) que ás veces provocan dúbidas nos funcionarios.

En suma, hai que destaca-lo carácter pioneiro e a utilidade desta obra, non só para os que traballan nas distintas administracións públicas, os profesionais do dereito ou da documentación, senón tamén para todos aqueles que estean interesados na actuación administrativa. 

Xosé Luís Mínguez Goyanes

O pensamento xurídico-social do Padre Sarmiento

Luis Rodríguez Ennes

Editado pola Deputación de Pontevedra, este libro, saído do prelo os primeiros días do outono de 2002, constitúe unhas das máis recentes publicacións do prolífico romanista de Armenteira. Tiven, como case sempre, o agasallo do meu amigo case antes que ninguén e, en xusta recompensa, asumín o compromiso de facerlle unha pequena recensión, que agora, case dous meses máis tarde, remito para a súa publicación.

Demoreime na redacción destas liñas por cuestións ben alleas ó interese que tiña polo libro, do que relera non poucas pasaxes un feixe de veces antes de me decidir a colle-lo ordenador. Nun tempo no que as miñas débedas a editoriais xurídico-laborais se acumulaban, o lecer empregueino en poucas lecturas, das que o pensamento do Padre Sarmiento foi unha das máis proveitosas.

En poucas verbas, o libro ben merece o meu recoñecemento, como o ten, estou certo, de tódolos que xa o leron. A doada lectura –lese dunha vez, sen dificultade– amosa, unha vez máis, o bo facer de Rodríguez Ennes que, lonxe de pretensións eruditas, emprega unha linguaxe sinxela e divulgativa, sen que iso diminúa rigor nin compulsa e cita minuciosa de fontes historiográficas e xurídicas. Neste caso, a brevidade non é incompatible coa fondura na análise, o que lle dá á obra unha axilidade do discurso realmente notable. Ten a virtude de valer, ó mesmo tempo, para introducir na personaxe do bieito galego ós alleos á súa obra, e para facer afondar nela ós xa introducidos.


Como xa nos ten afeitos, a análise das achegas de Frei Martín faina Rodríguez Ennes logo de contextualizalas no seu marco histórico e nas correntes de opinión da súa época. Deste xeito, amósase máis a sobranceira figura dun ilustrado adiantado en moitos aspectos ó seu tempo. O seu pensamento, do que se

ofrece unha escolma máis que representativa, vaise comentando nunha análise crítica moi certaíra.

Dende as súas contribucións no eido do dereito penal –as consideracións do Padre Sarmiento verbo da tortura e a crítica xeral do proceso inquisitivo, aínda daquela vixente nas súas máis crueis expresións, ou o seu rexeitamento da pena capital e das demais penas corporais– ata as súas consideracións verbo do dereito de propiedade reflicten unha personaxe comprometida co seu tempo e coa súa condición de crego, da que en ocasións non se pode afastar totalmente. Sente a necesidade de revisar algunhas das institucións que máis pugnan co progreso e coa xustiza social na súa época, e das que son expoñentes sobranceiros a Mesta –unha das principais causas do despoboamento da España do seu século–, os foros e os morgados. Os destinatarios das súas máis afiadas invectivas son os grupos sociais intermedios, sen que as clases máis altas e titulares dos dereitos reais referidos sexan obxecto de equiparables críticas, quizais pola dita condición de crego dunha orde regular. Parellos sentimentos verte sobre as exaccións tributarias, das que propón unha fonda reforma e simplificación en detrimento dos recadadores intermedios, ós que lles atribúe pingües beneficios no seu labor, alén do razoable e proporcionado en relación coas contías que chegan á Administración rexia.

Abórdanse, así mesmo, outros tópicos máis concretos contidos na obra de Frei Martín. Entre eles, a súa defensa dos escritores de libros fronte ós libreiros, as súas consideracións sobre a galeguización da xustiza ou a marxinação da muller propiciada por consideracións educativas que nada teñen que ver coas súas capacidades naturais. En fin, o seu desprezo ó dereito xustiniano –non tanto en si mesmo considerado, como nos seus excesos interpretativos– e a súa gabanza do dereito nacional ocupan algunhas das derradeiras reflexións do libro.

Rodríguez Ennes achégase, xa que logo, á figura do sobranceiro bieito con afecto, pero sen que lle impida unha análise obxectiva das súas achegas. Xunto cos seus pensamentos máis modernos, queda recollida a súa faciana máis conservadora en defensa dos privilexios clericais e das clases nobiliarias. Sen embargo, estas aparentes contradicións na obra do Padre Sarmiento espertan en maior medida o interese do lector polo personaxe, sen dúbida un dos máis atraentes da cultura galega do século dezaoto.

Este é, quizais, o máis salientable mérito do libro, do que xa remato a súa recensión. A súa lectura, lonxe de esgota-lo interese polo personaxe de Frei Martín, suxire novos achegamentos a un tempo e a un pensamento sempre insuficientemente coñecidos, e a unha obra da que os xuristas, máis que ninguén, somos tributarios. Non é de balde que o asinante do libro sexa un dos máis recoñecidos especialistas no espallamento do dereito romano nas idades Media e Moderna e a súa recepción nos dereitos nacionais. 

Jaime Cabeza Pereiro

*Catedrático de dereito do traballo e da seguridade social
Universidade de Vigo*

A función de control no Parlamento de Galicia

Bronfman Vargas, Alan J.

Universidade de Santiago de Compostela/Parlamento de Galicia, 2003, páxs. 342

“O grande problema do Parlamento de Galicia é precisamente que non está integrado por representantes dos cidadáns, senón por representantes dos partidos” (p. 308). Esta afirmación do doutor Bronfman –intelectualmente provocadora e, a primeira vista, mesmo incoherente dende a perspectiva democrática–, sitúanos fronte a unha dobre cuestión que, non por examinada e debatida na ciencia política ata case converterse nun lugar común, perde interese político e científico nos nosos días: a partidocracia e a crise da representación política. En efecto, así é. Hoxe os partidos políticos dominan case completamente a actividade parlamentaria en detrimento do parlamentario individual e da vitalidade e eficacia da propia institución parlamentaria. É indiscutible que este dominio lle afecta ó desenvolvemento das funcións parlamentarias (representativa, lexislativa, deliberante, etc.).

Precisamente, o obxecto principal deste traballo consiste en examina-la función de control, é dicir, o labor de fiscalización exercido pola institución parlamentaria sobre o poder executivo neste contexto partidocrático. O lector atopará, en algo máis de trescentas páxinas, unha rigorosa e pormenorizada investigación sobre esa función, quizais a máis importante das actuais asembleas parlamentarias, referida ó noso Parlamento, que vén de cumprir dúas décadas de funcionamento.

Agora ben, a pesar da concreción do obxecto de estudo, non é un traballo de investigación que ofrezca un exclusivo interese galego; nada máis lonxe da realidade xa que contén, a modo de pórtico, unha alínea que aborda cuestións

relacionadas coa influencia dos partidos políticos na vida parlamentaria, a fonda transformación sufrida pola representación política na súa versión liberal caracterizada pola vixencia do mandato representativo, que foi substituído polo mandato imperativo dos partidos, o papel dos representantes populares (na práctica, unha sorte de delegados dos partidos), a función das eleccións nos nosos sistemas políticos, etc. En resumo, está inzado de suxerentes e profundos temas vencellados coa cerna das nosas actuais democracias.

O doutor Bronfman non se limita a realizar unha análise xurídico-formal ou normativa, aínda que lle presta grande atención a estes elementos dada a súa formación xurídica. Dende un enfoque realista e descritivo, tenta pór ante os nosos ollos os problemas prácticos de raíz política que lastran a actividade parlamentaria e ofrece posibles solucións que, na súa meirande parte, consisten en reformas regulamentarias ou legais. En numerosos traballos, esas disfuncións ficcan ocultas debaixo de moreas de datos e estatísticas (número de comparecencias, preguntas e interpelacións realizadas e respostas proporcionadas polo executivo) ou de análises meramente legais e regulamentarias. Isto é así porque a investigación está guiada por preguntas tales como: ¿existe un control parlamentario efectivo, verdadeiro, real sobre o Goberno galego? ¿cales son os factores que impiden ou dificultan o seu desenvolvemento efectivo? ¿que medidas son viables para corrixi-las disfuncións observadas?

En relación coa metodoloxía, tamén é destacable o enfoque comparativo empregado que conduce ó autor a examina-la función de control noutros parlamentos europeos tanto estatais (Congreso dos deputados, a Cámara dos comúns, Bundestag, etc.) como rexionais ou subestatais (Parlamento escocés, o bávaro, o andaluz ou o catalán, etc.) no marco de sistemas parlamentaristas, agás o caso presidencialista dos Estados Unidos e as referencias ó Congreso norteamericano. O elemento comparativo merece ser salientado porque enriquece de xeito notable o contido da obra e incrementa o seu interese, á parte de trazar un cadro contextual axeitado no que localiza-lo noso Parlamento. En xeral, salvo honrosas e contadas excepcións, desa análise comparada a conclusión que se obtén é que a función de control parlamentario é feble, aínda que é necesario diferenciar entre os sistemas parlamentaristas e os presidencialistas. Á súa vez, dentro dos primeiros, debemos distinguir entre os parlamentarismos con partidos fortes (disciplinados internamente) daqueles que contan con formacións políticas febles. Deste xeito, a afirmación coa que iniciamos estas páxinas é predicable, con matices e algunha excepción, da maioría das asembleas parlamentarias do noso contorno político. En consecuencia, o Parlamento galego non se arreda desa pauta xeral e é encadrable nos parlamentarismos con partidos fortes.


¿Que factores explican ese predomino dos partidos políticos? Se deixamos á marxe as transformacións dos propios partidos (partidos de masas, partidos *cacht-all-party*, etc.), os factores de índole legal posúen un considerable peso. Por exemplo, a previsión de listas pechadas e bloqueadas fortalece as organizacións dos partidos que determinan quen será candidato (a carreira política do candi-

dato ou deputado depende da relación co partido, non cos seus electores); o financiamento público vai destinado exclusivamente a esas organizacións, non ós candidatos ou representantes ou á preponderancia outorgada ós grupos parlamentarios no desenvolvemento da vida interna do Parlamento que despraza de xeito absoluto ó deputado. Doadamente observarase que estes factores son froito de decisións políticas, non da práctica política, e polo tanto modificables. No caso español e no galego, a introducción destes elementos procurou configurar partidos fortes para acadar estabilidade e gobernabilidade (o caso presidenciaalista norteamericano é o contrario xa que logra esas metas con partidos febles).

Sen embargo, a meirande parte deste traballo, en concreto, os capítulos terceiro, cuarto e quinto, está dedicada ó exame detallado dos diferentes instrumentos de control empregados no Parlamento galego; a saber: moción de censura e cuestión de confianza, comisións parlamentarias, preguntas, interpelacións, requirimentos de información, comparecencias, proposicións non de lei e os debates xerais. O autor repasa polo miúdo a súa regulación xurídica e analiza o funcionamento práctico de cada un deles. Así, de xeito exemplificativo, estudia a moción de censura e critica o seu carácter constructivo que considera innecesario, dada a disciplina dos partidos, e dado tamén que resulta negativo para o desenvolvemento político do Parlamento. Por iso, defende a eliminación da constructividade e do *quorum* de aprobación como fórmula de revitaliza-la institución parlamentaria.

Un interesante e suxestivo aspecto ó que se alude nesta obra é a relación entre os medios de comunicación e o Parlamento. En xeral, os primeiros son unha sorte de substituto da Cámara pois o Executivo emprégaos para exporlles directamente ós cidadáns o seu parecer ou posicionamento sobre diversos aspectos, eximíndose, en termos políticos, da obriga de render contas a través dos instrumentos de control. As forzas políticas da oposición tamén optan por esa vía pois é a que lles permite obter máis réditos electorais. Isto é debido a que as actividades de control parlamentario sobre a Xunta exercidas mediante eses instrumentos (preguntas, interpelacións, comisións parlamentarias, comparecencias, etc.) espertan pouco interese entre os medios e, en consecuencia, son case descoñecidas polo electorado.

Conectada coa anterior cuestión está a da publicidade das actividades de control. Por exemplo, no Parlamento de Galicia as sesións das comisións parlamentarias fanse a porta pechada (non queda constancia escrita dos seus debates), se ben coa posibilidade de asisti-los xornalistas. Neste senso o autor propón a ampliación da publicidade destas actividades parlamentarias, así como o seu axeitamento ás circunstancias actuais para facelas atractivas ós medios de comunicación e, en última instancia, ós cidadáns. En concreto, o emprego das novas tecnoloxías como Internet (a pobreza de contidos da actual páxina do Parlamento é abraiante) ou a retransmisión dos debates ou comparecencias parlamentarias poderían axudar a esperta-lo interese dos electores e a revitaliza-lo Parlamento.

En definitiva, este traballo é unha notable contribución ó esclarecemento da nosa realidade política e vén encher parcialmente un baleiro doutrinal e bibliográfico. Orixina serios interrogantes sobre o sentido e o papel dos parlamentos e sobre a representación política nos sistemas democráticos do século XXI, pero non é unha obra pesimista respecto do seu futuro. O autor defende a reforma de certos elementos institucionais que fortalezan a posición política do Parlamento, en especial, nos sistemas parlamentaristas. 

Celso Cancela Outeda

*Profesor de ciencia política e da administración
Universidade de Vigo*

Hacia un derecho común en la Unión Europea

Beatriz Pérez de la Heras

Madrid, Dykinson S.L., 2003

“Guioume desde o primeiro día a idea de crear progresivamente entre os homes de Europa o máis basto interese común xestionado por institucións comúns e democráticas, nas que se delegue soberanía. Esta comunidade estará fundada en institucións que é preciso reforzar pero conscientes de que serán autoridade política. As democracias europeas están hoxe en día por realizar... ¿Expliquei suficientemente que a comunidade que creamos non é un fin en si mesma? As nacións soberanas do pasado deixaron de se-lo marco onde se poden resolve-los problemas do presente. E a propia comunidade non é senón unha etapa cara ás formas de organización do mundo do mañá”.

Jean Monet

Ata o século XVIII os países de Europa central e occidental compartiron unha mesma tradición xurídica, que coñecemos baixo a expresión de dereito común europeo. Foron a súa base o dereito romano e o dereito canónico. Con todo, o desenvolvemento do dereito común en Europa non se construíu tanto sobre a base da recepción do *corpus iuris*, senón da recepción do método científico propio do *ius commune*, é dicir, dos glosadores e, en particular, dos comentaristas, que foron os que incorporaron o estudo dos dereitos locais, os costumes e as prácticas mercantís. O *ius commune*, máis que un sistema normativo de aplicación directa, é un sistema racional, un sistema de conceptos xurídicos. O que sobreviviu do dereito romano “non foron as súas normas, as súas regras, senón

os seus conceptos e as súas institucións¹", na súa consideración como *ratio scripta*. Neste sentido, Zimmermann sinalou que o *ius commune* lle imprimiu a Europa unha unidade intelectual². O ensino do dereito foi un ensino universal, de conceptos válidos con independencia das fronteiras territoriais. A trasfega de estudantes –pero tamén de profesores– que ían estudar a universidades³ lonxe das súas cidades e dos seus países de orixe só se pode explicar por esta universalidade dos conceptos forxados sobre a base do dereito romano. Coñecido é o caso de Boloña no século XIII, a escola onde acudían estudantes de toda Europa, ó que se lle pode engadi-lo caso das universidades dos Países Baixos no século XVII –especialmente a universidade de Leiden–, a onde concorían estudantes escoceses e alemáns en número destacado, mentres que os profesores realizaban a súa *peregrinatio académica* de universidade en universidade⁴. Só así se pode comprender que os xuristas foran capaces de desenvolverse en distintos territorios con total naturalidade e sen sentimento de alleamento, que os argumentos de autoridade puideran proceder de calquera nación e que as obras xurídicas foran obxecto de edicións en cidades distintas e afastadas no espacio e no tempo do seu lugar de orixe. Ademais de universal, os conceptos que se elaboraban sobre o dereito romano adquirían un carácter intemporal, como o demostra a publicación de extensas obras sobre institucións sen ningunha significación práctica na época da súa edición. O *ius commune*, deste modo, estableceu os cimentos históricos comúns dos nosos actuais ordenamentos xurídico-civís nacionais⁵.

¹ Luis Díez-Picazo, "El sentido histórico del derecho civil", *Revista General de Legislación y Jurisprudencia*, 1959, p. 628; Helmut Coing, "Roman law as *ius commune* on the Continent", *Law Quarterly Review*, 1973, pp. 514-516; O.F. Robinson, T.D. Fergus y W.M. Gordon, *European Legal History*, London-Edinburgh-Dublin, 2000³, pp. 108-109. Por isto, o impacto da recepción do dereito romano en cada país non se manifesta tanto no número de regras en vigor susceptibles de ser reconducidas ós textos romanos, senón na aparición dun sistema xurídico baseado nos conceptos desenvolvidos polos autores do *ius commune* (Alan Watson, *The making of the civil law*, Cambridge, 1981, pp. 9 y 109).

² Reinhard Zimmermann, "Das römisch-kanonische *ius commune* als Grundlage europäischer Rechtseinheit", *Juristenzeitung*, 1992, p. 11.

³ Merece tamén ser destacado o papel fundamental das universidades neste proceso, pois é nelas onde por primeira vez en Occidente o dereito se presenta como unha verdadeira ciencia. Coing sinalou que para a difusión do dereito romano tiveron unha importancia decisiva dous feitos. Por unha parte, que Boloña e as outras escolas de dereito italianas e francesas se converteran en centros dunha investigación xurídica internacional. Por outra, que se tomara o *ius utrumque* como obxecto do ensino e da investigación (Helmut Coing, *Dereito privado europeo* (traducción de Antonio Pérez Martín), I, Madrid, 1996, p. 35).

⁴ Coñecido é, por exemplo, que Hugo Donello, tras fuxir da persecución relixiosa en Francia, aceptou unha cátedra en Leiden; que o italiano Andrea Alciato foi o fundador da escola humanista en Bourges; ou que un século máis tarde Pufendorf deu clases en Suecia. Para algunha destas e para outras referencias, Zimmermann, "O dereito romano-holandés e a súa contribución ó dereito europeo", en id., *Estudios de derecho privado* (traducción de Antoni Vaquer Aloy), Madrid, 2000, p. 100 ss; Watson, *The making of the civil law*, p. 25 ss.

⁵ Eltjo J.H. Schrage, *Utrumque ius. Eine Einführung in das Studium der Quellen des mittelalterlichen gelehrten Rechts*, Berlin, 1992, p. 10.

Esta tradición xurídica común a toda Europa quebrou co triunfo do movemento codificador a finais do século XVIII. A elaboración dun código en cada un dos estados europeos ó longo dos séculos XVIII e XIX supuxo a nacionalización do dereito civil. O Código civil é tamén un elemento de afirmación do Estado moderno centralizado ou unificado, que se cimenta definitivamente a partir do século XVIII⁶. Unha codificación auspiciada pola autoridade central para todo o Estado axudaba a construír un sentido de identidade política, o que rematou por significar a nacionalización do dereito civil, no sentido de estar este circunscrito ó estudio da lei (o código) de cada Estado, esvaeándose o carácter europeo que caracterizara ó *ius commune*⁷.

No último decenio do século XX, sen embargo, rexurdiu a idea dun dereito común europeo, ligado ó proceso máis amplo de unificación política e de construción dunha identidade europea. O dereito deixa de poder contemplarse como un fenómeno nacional e, de novo, debe situarse nunha dimensión europea. Existe un lexislador europeo. E se, nun primeiro momento, se podía pensar que o alcance tanto dos regulamentos coma das directivas se ía circunscribir ó campo do dereito público, co que a súa transcendencia a nivel de dereito privado, en particular de dereito civil, non sería certamente relevante, e “parecía que a Comunidade Europea se ocupaba tan só de subvencións agrarias e de taxas á importación, que regulaba a penas a forma do asento dos tractores e o tamaño dos cogombros, que unicamente lle preocupaba a competencia entre os fabricantes de pasta e de cervexa”⁸; o certo é que os feitos posteriores viñeron desmentir esta impresión inicial.

⁶ A idea do Código civil como signo de identidade nacional é salientada por Eltjo Schrage, “Das System des neuen niederländischen Zivilgesetzbuches”, *Juristische Blätter*, 1994, p. 501. Así, non é unha particularidade española que desde a Constitución de Cádiz se repetira en cada texto fundamental que o Código civil debía se-lo mesmo para toda España. En Francia, a Constitución francesa do 3 de setembro de 1791 prescribía que “[i]l sera fait un Code des lois civiles communes à tout le Royaume”, e igualmente o art. 85 da posterior constitución xacobina do 24 de xuño de 1793 postulaba que “[l]e code des lois civiles et criminelles est uniforme pour toute la République” (estas e outras referencias en Ettore Dezza, *Lezioni di Storia della codificazione civile*, Torino, 2000², p. 10 ss). Xa Voltaire se lamentara que cando se viaxaba por Francia se cambiaba tantas veces de cabalo como de dereito aplicable (citado por J.-L. Halpérin, *Le Code civil*, Paris, 1996, p. 146).

⁷ Reinhard Zimmermann, “Codification: history and present significance of an idea”, *European Review of Private Law (ERPL)*, 1995, pp. 100-101 e nota 14, e “El legado de Savigny. Historia del derecho, Derecho Comparado y el nacimiento de una ciencia jurídica europea”, en id., *Estudios de derecho privado europeo*, pp. 19-21.

⁸ Reinhard Zimmermann, “Civil Code and Civil Law – The «europeanization» of private law within the European Community and the reemergence of a European legal science”, *Columbia Journal of European Law*, 1994/1995, nº 1, p. 68. Coadxuvou a isto, probablemente, o feito de que os tratados constitutivos non lle atribuíran á comunidade de forma explícita ningunha competencia en materia de dereito privado. En efecto, só algúns poucos preceptos do TCE contemplan aspectos iusprivatistas: así, os arts. 44.2.g (que se refire ó cometido da comisión de coordina-las garantías esixidas nos estados membros ás sociedades para protexer tanto os intereses dos socios coma de terceiros), 48.2 (que enumera diversos tipos de

O primeiro feito que rompe co monopolio do lexislador estatal sobre o dereito civil é a promulgación dunha serie de directivas co obxectivo da protección do consumidor e que obrigaron ó lexislador español a promulgar leis para harmoniza-la lexislación española coa normativa comunitaria⁹. A nivel simplemente exemplificativo, pode citarse a Lei 16/1993, do 23 de decembro, de incorporación ó dereito español da Directiva 91/250/CEE, do 14 de maio de 1991, sobre protección xurídica de programas de ordenador, e a Lei 5/1998, do 6 de marzo, de incorporación ó dereito español da Directiva 96/9/CE, do 11 de marzo, de protección xurídica das bases de datos.

Europa atópase nun proceso de construción política que, coas súas enormes dificultades, parece xa irreversible. Non se trata agora de crear un mercado único, soamente. Parece que só é posible acadar unha verdadeira unificación do mercado en Europa –como paso previo á unión política– se as regras xurídicas ás que se deben somete-los operadores non son tamén as mesmas, superando a diversidade de lexislacións internas. Certamente, pode alegarse en contra que os Estados Unidos ou Canadá –ou, nesta nova Europa, Gran Bretaña e España– son estados cun mercado único e, á vez, cunha pluralidade de ordenamentos xurídico-privados no seu interior, pero entón faise necesario crear un sistema unificado de normas de conflito¹⁰. Entre ámbalas opcións, parece preferible a primeira. En efecto, non se comprendería que as grandes decisións políticas foran tomadas por unha instancia supraestatal e que, en cambio, o dereito que hai que aplicarlle á compravenda dun electrodoméstico fora distinto en cada Estado membro, pese á liberdade de circulación de persoas e bens que permite efectuar esa compra naquel país que ó adquirente lle parece máis beneficioso e, pese a que na maioría de estados membros a compra se pagará na mesma moeda. Incluso se afirmou que o dereito dos contratos é un elemento constitutivo para a implantación dun mercado único, pois as partes só se aveñen a contratar pola confianza na forza obrigatoria dos contratos e pola posibilidade de obte-

persoas xurídicas), 153 (protección dos consumidores), 222 (o TCE non prexulga o sistema de propiedade de cada estado membro), ou as tarefas máis xenéricas que o art. 95 lle impón ó consello en materia de aproximación dos ordenamentos xurídicos dos estados membros e o art. 95.1 en canto ó funcionamento do mercado interior, e o 293 en relación con estes estados membros.

⁹ Véxase, en xeral, Peter Christian Müller-Graff, “EC Directives as a means of Private law unification”, en Arthur Hartkamp *et al.* (eds.), *Towards a european civil code*, 2ª ed, The Hague/Boston/London, 1998, p. 71 ss; Hans-Werner Eckert, “Europäisierung des Privatrechts. Die Bedeutung der Richtlinien der Europäischen Union für die Schaffung einer einheitlichen Rechtsordnung”, en *Europas universale rechtsordnungspolitische Aufgabe im Recht des dritten Jahrtausends. Festschrift für Alfred Söllner*, München, 2000, p. 239 ss. Pola súa parte, Jürgen Basedow, “EC Regulation in European Private Law”, in *Liber Amicorum Kurt Siehr*, The Hague, 2000, detívose en analiza-los regulamentos comunitarios con influencia sobre o dereito privado.

¹⁰ Véxanse as reflexións ó respecto de Hans Jürgen Sonnenberger, “Der Ruf unserer Zeit nach einer europäischen Ordnung des Zivilrechts”, *Juristenzeitung*, 1998, pp. 984-985.

la súa execución forzosa¹¹. Engádesse, tamén, que a unificación xurídica en Europa é desexable porque provoca un aumento da seguridade xurídica¹² e unha redución dos custos de transacción¹³. O dereito privado, pois, adquire un carácter esencialmente instrumental¹⁴, en tanto que mecanismo que coaduxa ó proceso de unificación económico e mesmo político. Por conseguinte, razóns económicas e políticas avogan pola elaboración dun Código civil europeo.

O modelo xurídico común que xorde en Europa a partir da segunda metade do século XX é novo porque a unificación ou aproximación á que aboca non é o resultado dunha subordinación imposta a un sistema dominante, senón o froito da convivencia e da coordinación consentidas de tódolos ordenamentos xurídicos en torno a uns principios e tradicións xurídicas comúns.

A orixe deste fenómeno normativo é política, xa que arrinca da cesión parcial e progresiva de soberanía a prol dunha Comunidade de estados, todos situados en pé de igualdade e unidos polo obxectivo último dunha unión política.


O achegamento xurídico que propicia o desenvolvemento da construción europea constitúe un proceso evolutivo aberto, parello ás novas competencias que os estados membros lles van transferindo ás institucións supranacionais. Sen embargo, trátase dun proceso limitado e dosificado, xa que os principios de atribución expresa e de subsidiariedade constitúen precisamente os limiares infranqueables da súa expansión.

¹¹ Jürgen Basedow, "Un droit commun des contrats pour le marché commun", *Revue Internationale de Droit Comparé (RIDC)*, 1998, p. 17. Véxase, ademais, Guido Alpa, "European Community resolutions and the codification of private law", *ERPL*, 2000, p. 327. Tamén destacan a existencia dun argumento económico para a codificación do dereito de obrigas en Europa Ulrich Drobnig, "Europäisches Gesetzbuch – Grunde und Grundgedanken", en Dieter Martiny e Normann Witzleb (ed.), *Auf dem Wege zu einem europäischen Gesetzbuch*, Berlin, 1999, p. 116 ss; Jan Smits, "A European private law as a mixed legal system", *Maastricht Journal of Comparative Law*, 1998, p. 335 ss; Reiner Schulze, "A century of the *Bürgerliches Gesetzbuch*: German legal uniformity and European private law", *Columbia Journal of European Law*, 1999, p. 467.

¹² Danny Busch e Ewoud Hondius, "Ein neues Vertragsrecht für Europa: Die Principles of European Contract Law aus niederländischer Sicht", *ZEuP*, 2001, p. 231 ss.

¹³ Jesús Alfaró Águila-Real, "La unificación del derecho privado en la Unión Europea", *Boletín Europeo de la Universidad de La Rioja*, 1999, nº 5, p. 6.

¹⁴ En concreto, Peter-Christian Müller-Graff, «Europäisches Gemeinschaftsrecht und Privatrecht», *Neue Juristische Wochenschrift*, 1993, p. 13, sinala que o papel do dereito privado na integración europea é triple: primeiro, como base ou fundamento da integración («Integrationsgrundlagen»); despois, como medio ou instrumento da integración («Integrationsmittel»); para acabar sendo o mesmo obxecto da integración («Integrationsgegenstand»). Este carácter instrumental foi igualmente destacado por Christoph E. Hauschka, «Grundprobleme der Privatrechtfortbildung durch die Europäische Wirtschaftsgemeinschaft», *Juristenzeitung*, 1990, p. 522, por Oliver Remien, «Illusion und Realität eines europäischen Privatrechts», *Juristenzeitung*, 1992, p. 283. Tamén sinala Guido Alpa, "I principi generali e la realizzazione di una «Comunità Giuridica Europea»: le sperienze italiana e spagnola a confronto", *Rivista di Diritto Civile*, 1996, p. 456, que o dereito se converteu nun instrumento impulsor da integración europea.

En definitiva, a autora conclúe que de forma moi evidente se asiste desde hai uns cantos decenios á emerxencia e á configuración progresiva dun novo dereito común en Europa, de especial intensidade e relevancia no marco da UE. Un novo *ius commune*, coa mesma forza integradora que exerceron no medievo os códigos de Xustiniano e o dereito romano, pero con distinta orixe e significación. 

Juan González Hiltner

Bolseiro de investigación da EGAP

Constitucionalismo de la Unión Europea

Luis María Díez-Picazo

Madrid, Civitas Ediciones S.L., 2002

○ enfoque constitucional da integración europea adquiriu un extraordinario protagonismo nos últimos tempos. O constitucionalismo, como doutrina que sostén a necesidade de estruturar e limita-lo poder político a través do dereito, admite ser realizado de xeitos distintos, chegado o caso, incluso, sen o que normalmente se coñece como unha constitución.

Se ben é certo que posuír un documento escrito, solemne e formalmente cualificado como constitución pode ter unha enorme transcendencia en moitos sentidos; en definitiva, o irrenunciable é que o poder político estea efectivamente estruturado e limitado polo dereito.

Falar de constitucionalismo equivale a falar dos problemas xurídico-políticos básicos. Así, poñer en conexión constitucionalismo e Unión Europea permite decatarse de ata qué punto a integración europea incide sobre esas cuestións fundamentais de todo ordenamento, alterando o significado dalgúns nocións clave: a soberanía ou a cidadanía, a norma constitucional ou o propio Estado, tal e como se intenta amosar neste libro.

Ademais, a integración europea crea unha serie de lagoas en aspectos cruciais da organización e o funcionamento do poder. Abonda con pensar, a este respecto, na recente adopción dunha definición común de terrorismo para os

efectos penais, que obriga a repensar un elemento esencial do constitucionalismo como é o principio de legalidade penal. Este é simplemente un exemplo, pero moi ilustrativo de ata qué punto a Unión Europea está necesitada de auténtico constitucionalismo.

No capítulo primeiro desta obra, o autor analiza a Carta de dereitos fundamentais da Unión Europea, que foi aprobada xunto co Tratado de Niza e supuxo unha importante innovación no procedemento de elaboración do dereito comunitario primario. Neste capítulo o autor analiza a estrutura da carta, así como o seu contido, as normas sobre a eficacia dos dereitos fundamentais e a falta da súa forza vinculante.

A idea de cidadanía europea, recollida na Carta de dereitos fundamentais da Unión Europea, proclamada no cumio de Niza de decembro de 2000 é tratada por Díez-Picazo no segundo capítulo desta obra, onde analiza a inserción da cidadanía europea nos ordenamentos comunitario e internacional, os posibles criterios de atribución da cidadanía, os aspectos máis problemáticos do concepto de cidadanía europea, se se trata dun concepto xurídico necesario, o significado práctico e o simbólico da cidadanía europea, así como da ambigüidade da idea de cidadanía europea.

O autor refírese tamén, no capítulo terceiro desta obra ó *Demos*, á súa existencia como condición previa da democracia, á interferencia do nacionalismo na construción europea, á identificación do *Demos* e á lexitimación do poder político.

No capítulo cuarto fala dos tratados e da constitución: en qué sentido é difícil distinguir entre tratados e constitucións, do establecemento orixinario de federacións e de organizacións internacionais, da reforma non unánime de constitucións federais e de tratados institutivos de organizacións internacionais, e da retirada unilateral de federacións e de organizacións internacionais.


Díez-Picazo, refírese tamén nesta obra (capítulo quinto) á idea de soberanía, á idea dos estados membros como señores dos tratados constitutivos, á doutrina da *interposition* na historia constitucional norteamericana, ós significados xurídicos da soberanía e á inexistencia dun dereito incondicionado de secesión da Unión Europea.

No capítulo sexto o autor trata dos estados membros, ó facer referencia ós requisitos para a pertenza á Unión Europea, ó principio de autonomía institucional destes estados, á delimitación do territorio da Unión Europea, á atribución da cidadanía europea e, finalmente, fai unha referencia ó uso da coacción na Unión Europea.

No capítulo sétimo, titulado "Base xurídica", o autor trata da noción de base xurídica nos procedementos normativos comunitarios, a sentenza Comisión c. Consello do 26 de marzo de 1987, tamén trata da base xurídica do proceso decisional da Unión Europea, e da xerarquía normativa.

No derradeiro capítulo desta obra o autor analiza a Constitución española e a integración europea, en concreto, a integración europea e o Estado autonó-

mico, a relevancia constitucional da aplicación xudicial do dereito comunitario, os límites constitucionais ó proceso de integración europea e a Declaración do 1 de xullo de 1992, para facer finalmente un ensaio de valoración da xurisprudencia constitucional relativa ó dereito comunitario.

A diferenza doutros libros sobre integración europea, neste non se fai ningunha proposta. Esta non é unha obra de enxeñería constitucional, senón de análise constitucional. En palabras do propio autor, esta obra pretende se-lo grao de area que el achega ó xigantesco empeño colectivo de construción continental. 

Isabel Castiñeiras Bouzas

Avogada



NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS

1. Os traballos serán orixinais, non publicados nin total nin parcialmente, nin enviados a outros medios de publicación.
2. Presentaranse en follas DIN-A4 mecanografadas a dobre espacio nunha soa cara e numeradas, e incluírán, de se-lo caso, e como máximo, 15 gráficos ou táboas.
3. As ilustracións serán numeradas segundo a súa orde de aparición no texto, co seu listado e lenda ou pé en folla á parte.
4. O título do traballo será breve (como máximo oito palabras) e poderáselle engadir un subtítulo. Non conterà abreviaturas nin notas.
5. Incluíranse co título do artigo catro ou cinco descritores a través dos que se poida clasifica-lo artigo.
6. Baixo o título colocárase o nome do autor ou autores, e incluírase ó pé da páxina a profesión ou cargo principal co que desexan ser presentados.
7. O traballo irá precedido obrigatoriamente dun sumario ou resumo inferior a 150 palabras, sobre o contido e conclusións, sen notas ó pé. Acompañarase a versión inglesa do sumario.
8. Os traballos completos enviaranse por triplicado.
9. A numeración dos apartados farase só con caracteres arábigos ata tres díxitos.
10. As notas a pé de páxina recolleranse ó final do manuscrito en folla á parte.
11. As referencias bibliográficas (e soamente as citadas no texto e nas notas) situaranse ó final do traballo e en orde alfabética de apelidos, do seguinte xeito:

Libros:

AUTOR (ano): Título do libro, número de edición, editorial, lugar.

Artigos:

AUTOR (ano): Título do artigo, título do libro ou nome da revista, volume e número, paxinación, editorial, lugar.

Nos casos de máis dun traballo do mesmo autor e ano, a este engadiráselle unha letra ordinal (1986, a; 1986, b; etc.).

As citas, nas notas de páxina, remitíranse á bibliografía final indicando o autor, ano (con a, b, etc.), volume e páxinas interesadas.

12. Se se utilizan abreviaturas ou siglas (organismos, revistas, etcétera), incluírase o seu listado detrás da bibliografía.
13. Achegaranse o enderezo postal e o teléfono dos autores e a data de remisión do orixinal.
14. Os traballos asinados expresan a opinión dos autores e son da súa exclusiva responsabilidade, para tódolos efectos.
15. Os autores comprométese a corrixi-las probas de imprenta nun prazo de sete días, e enténdese que, noutro caso, se outorga a conformidade co texto que aparece nelas. Non se poderá modificar substancialmente o texto orixinal a través desta corrección de probas.
16. Os traballos enviaranse a:

Revista Galega de Administración Pública

EGAP

Pol. das Fontiñas, rúa Madrid, 2-4
15707 Santiago de Compostela.
Galicia. España.



ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA